

# Real Academia Galega


## Memoria de actividades 2023



**REAL ACADEMIA GALEGA**



MEMORIA DE ACTIVIDADES  
REAL ACADEMIA GALEGA



A CORUÑA

ANO 2023

## **Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11  
Apartado 557  
15001 A CORUÑA  
Tif. 981 20 73 08  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)  
[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)

Edita:

Real Academia Galega

Fotografías:

Real Academia Galega

<https://doi.org/10.32766/rag.430>

Maquetación:

Real Academia Galega



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**Memoria de actividades  
da Real Academia Galega  
2023**



# Vida oficial





## COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Real Academia Galega actúa por delegación do Pleno e encárgase de exercer o goberno da institución. Dende o 24 de abril de 2021 a súa composición é a seguinte:

Víctor Fernández Freixanes, presidente  
Margarita Ledo Andión, secretaria  
Fina Casalderrey, tesoureira  
Marilar Aleixandre, arquivista - bibliotecaria  
Henrique Monteagudo, vicesecretario

## PLENARIO

Está constituído por trinta membros de número e é o encargado de tomar as decisións últimas que afectan á Real Academia Galega.

Relación dos membros numerarios por orde de ingreso:

Andrés Torres Queiruga  
Manuel González González  
Salvador García-Bodaño Zunzunegui (*faleceu o 7 de marzo de 2023*)  
Xesús Alonso Montero  
Xesús Ferro Ruibal  
Antón Santamarina Fernández  
Ramón Lorenzo Vázquez  
Francisco Fernández Rei  
Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
Rosario Álvarez Blanco  
Víctor Fernández Freixanes



Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Euloxio Rodríguez Ruibal  
Ramón Villares Paz  
Margarita Ledo Andión  
Manuel Rivas Barrós  
Bernardino Graña Villar  
Henrique Monteagudo Romero  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Pegerto Saavedra Fernández  
Fina Casalderrey Fraga  
Marilar Aleixandre  
Chus Pato  
Ana Romaní  
Ana I. Boullón Agrelo  
Gonzalo Navaza Blanco  
María Dolores Sánchez Palomino  
María López-Sández  
Lourenzo Fernández Prieto  
Anxo Angueira Viturro (*electo o 28 de outubro de 2023*)

## MEMBROS CORRESPONDENTES

Relación dos actuais membros correspondentes por orde de ingreso:

José Luis Varela Iglesias  
Xosé Manuel González Reboredo  
Francisco Xavier Carro Rosende  
Fernando López-Acuña López  
Ivo Castro  
Dieter Kremer  
Teresa Barro Muñoz–Ortiz  
Xosé María Lema Suárez  
Xulio Ríos  
Luís Daviña Facal

Johannes Kabatek  
Xoán Babarro González  
Xoán Bernárdez Vilar  
Francisco Calo Lourido  
Augusto Pérez Alberti  
Xosé Xove Ferreiro  
Modesto Aníbal Rodríguez Neira  
Francisco Antonio Cidrás Escáneo  
Ernesto Xosé González Seoane  
Domingo Frades Gaspar (*faleceu o 10 de xaneiro de 2023*)  
Felipe Lubián Lubián  
Héctor Manuel Silveiro Fernández  
Carlos Xesús Varela Aenlle  
Manuel Caamaño Suárez  
Jorge Arbeleche  
Craig Patterson  
Luís Manuel García Mañá  
Farruco Sesto Novas  
Débora Campos Vázquez  
Xosé Henrique Costas González  
Antón Palacio Sánchez  
Francisco Cerviño González  
Alba Nogueira López  
Xavier Vence Deza  
Olivia Rodríguez González  
Fernando Ramallo Fernández  
José Manuel González Herrán  
Luz Méndez Fernández  
Goretti Sanmartín Rei  
Xosé Antón Fraga Vázquez  
Clodio González Pérez  
Jorge Mira Pérez  
Carlos Xavier Brandeiro  
Marcos Bagno

Helena González Fernández  
Olga Castro  
Kirsty Hooper  
Helena Villar Janeiro  
Helena Zernova  
Carmen Pazos Balado  
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández  
Mercedes Queixas  
Xavier Senín Fernández  
Ramón Nicolas Rodríguez  
Celia Pereira Porto  
Ana Romero Masiá  
Luciano Rodríguez Gómez  
Bieito Silva Valdivia  
Montse Pena Presas  
Diego Rodríguez

## MEMBROS DE HONRA

Relación de académicas e académicos de honra actuais:

John Rutheford  
Carlos Alberto Zubillaga Barrera  
Marina Mayoral  
María Rosa Lojo  
Kathleen N. March  
Takekazu Asaka (*electo o 28 de outubro de 2023*)

## XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

### XUNTAS ORDINARIAS

- 16 de marzo de 2023.** Plenario ordinario da Real Academia Galega en que se nomeou académico correspondente a Luciano Rodríguez Gómez.
- 29 de xuño de 2023.** Plenario ordinario da Real Academia Galega en que se acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004). Na mesma sesión foron elixidos membros correspondentes Bieito Silva, Montse Pena e Diego Rodríguez.
- 28 de outubro de 2023.** Plenario ordinario da Real Academia Galega en que se elixiu académico de número a Anxo Angueira Viturro (Manselle, Dodro, 1961) e académico de honra e Takekazu Asaka (Toquio, 1952).
- 15 de decembro de 2023.** Plenario ordinario da Real Academia Galega de final do ano en curso.

### XUNTAS EXTRAORDINARIAS

- 11 de marzo de 2023.** Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega no salón rexio do Círculo das Artes de Lugo co gallo da recepción de María López-Sández como académica de número.
- 17 de maio de 2023.** Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a Francisco Fernández del Riego, que se desenvolveu en Vilanova de Lourenzá.
- 3 de xuño de 2023.** Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega no teatro Jofre de Ferrol co gallo da recepción de Lourenzo Fernández Prieto como académico de número.
- 23 de setembro de 2023.** Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega no Balneario de Mondariz co gallo da recepción de Kathleen N. March como académica de honra.

## COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

17 de xaneiro de 2023  
27 de febreiro de 2023  
16 de marzo de 2023  
4 de maio de 2023  
9 de xuño de 2023

26 de xullo de 2023  
11 de setembro de 2023  
16 de outubro de 2023  
6 de novembro de 2023  
11 de decembro de 2023

## INGRESO DE MARÍA LÓPEZ-SÁNDEZ



A filóloga e escritora, profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura da Universidade de Santiago de Compostela, María López-Sández, ingresou na Real Academia Galega como membro de número o 11 de marzo de 2023 no Círculo das Artes de Lugo, a súa cidade natal. Marilar Aleixandre foi a encargada de darlle resposta en nome da RAG.

No seu discurso de ingreso, *Onde abrolla o manancial: a paisaxe na raíz do ensaísmo galego*, explora a relación da paisaxe cos inicios do ensaísmo galego e reivindica a descrición da natureza como parte esencial da necesidade da autorrepresentación colectiva. A nova académica identificou o xermolo do ensaísmo no limiar de *Cantares gallegos*, exemplo de autorrepresentación radical que constituíu o acto político máis poderoso da Galicia do século XIX; e sinalou a Ramón Otero Pedrayo como figura clave para a eclosión a mediados do século pasado dun xénero que sempre constituíu para as linguas minorizadas o último chanzo na loita polo seu recoñecemento como códigos de pleno dereito. María López-Sández ocupa a cadeira de Darío Xohán Cabana (1952-2021), a quen rendeu homenaxe antes de profundar no tema do seu discurso.

[Máis información](#)

## INGRESO DE LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO



O sábado 3 de xuño, no teatro Jofre de Ferrol, celebrouse a sesión extraordinaria pública de recepción de Lourenzo Fernández Prieto como membro de número. O catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela ocupa a vacante producida no ano 2020 polo pasamento da poeta Luz Pozo Garza. Ramón Villares foi o encargado de lle dar resposta en nome da institución.

*A memoria, a historia e a política. A esquecida polémica Cela versus Paz-Andrade sobre a lexitimidade democrática, a memoria republicana e a Autonomía de Galicia en xullo de 1977* é o título do discurso de Lourenzo Fernández Prieto. Nel céntrase na relación entre historia, memoria e política no contexto da Transición democrática en Galicia a partir dunha discusión pública que tivo como protagonistas a Valentín Paz-Andrade, senador electo na reinaugurada democracia en 1977, e Camilo José Cela, senador por designación real. O episodio rescatado, vinculado á reivindicación galeguista dun Estatuto de Autonomía que apelase ás raíces republicanas, é para o historiador un exemplo claro da fondura do esquecemento colectivo e de como o relato do pasado, tamén o das vítimas, sempre está dominado polo vencedor.

[Máis información](#)

## INGRESO DE KATHLEEN N. MARCH



Kathleen N. March contribúe de forma destacada dende hai décadas á proxección internacional da literatura galega como crítica literaria e tradutora. En recoñecemento ao seu labor pasado e os proxectos que segue a desenvolver, a Real Academia Galega recibiu a o 23 de setembro no auditorio Infanta Isabel do Balneario de Mondariz como académica de honra.

A filóloga reflexionou no seu discurso *Máis alá do manifesto* sobre o carácter global da literatura galega e propuxo novos camiños que cultivar para facela chegar “máis alá”, como fixeron no seu día Rosalía e Manoel Antonio, dous autores que marcaron a súa traxectoria. A nova académica recitou as súas traducións ao inglés de poemas de autores e autoras galegos de distintos tempos, dende Pondal, Rosalía e Manoel Antonio ata Luz Pozo Garza, Xosé Luís Méndez Ferrín, Alberto Avendaño, Xohana Torres, Emma Pedreira, Luísa Villalta e Marica Campo. A académica Rosario Álvarez foi a encargada de darlle resposta en nome da corporación.

[Máis información](#)



## NECROLÓXICAS

DOMINGO FRADES GASPAR, IN MEMORIAM

(S. Martiño de Trebello, 18/XI/1936 - Badallouce, 10/I/2023)

Xosé Henrique Costas



Faleceu no mes de xaneiro en Badallouce o académico correspondente para o “galego” do Val do río Ellas Domingos Frades Gaspar. Nacera no convento de S. Miguel (hoxe Hospedería Sierra de Gata) en S. Martiño de Trebello o 18 de novembro de 1936 cando este edificio era un Preventorio Infantil Antituberculoso, pois seu pai era o conserxe e alí vivía toda a familia.

Aos dez anos recibiu unha bolsa para estudar no Seminario de Salamanca. Alí descubriu o latín, a historia, as ciencias naturais, a xeografía, a música etc. A súa dedicación á lingua xurdiu ao se decatarse de que o F inicial latino se mantiña na súa fala mañega, ou que os grupos consonánticos iniciais CL e FL daban *chave* e *chama* en mañego fronte a *llave* e *llama* en castelán. Deste xeito, con outros alumnos do Seminario paisanos seus fixeron unha revista en mañego chamada *A furniga*.

### Axente de desenvolvemento rural

Realizou estudos agrícolas en Zaragoza e en 1955 aprobou as oposicións do Servizo de Extensión e Capacitación Agraria. Desde 1970 ata a súa xubilación en 2001 traballou como xefe de Desenvolvemento do Servizo de Extensión e Capacitación Agraria de Extremadura. Fundou os grupos de desenvolvemento rural de Extremadura, pulou pola agricultura ecolóxica e a apicultura, foi fundador do Consello Regulador da D.O. Aceite de Gata-Hurdes e durante moitos anos, ademais, foi vicepresidente da Comisión Apícola de Extremadura. Ademais, estimulou a creación de casas de turismo rural; queixarías; fábricas de mel, conservas e embutidos; obradoiros artesanais, aulas culturais no rural, cursos de formación permanente etc.

En paralelo á súa actividade profesional, escribiu guións radiofónicos para programas da SER Badajoz e Radio Juventud de Mérida. Tamén escribiu innumerables artigos de prensa sobre temas xeográficos, culturais e transfronteirizos, e durante moitos anos foi o responsable do ámbito rural do xornal *Hoy*, onde

empregou os pseudónimos de Dom Fray Gaspar, Jorge de Come Toxón, G. de Sanmartín, Cerex e outros.

### **Patriarca da Fala do val do Ellas**

Compatibilizando o anterior, Domingos Frades proseguíu co seu estudo e difusión da Fala, o conxunto lingüístico formado polo valverdeiro (3 000 persoas en Valverde do Fresno), lagarteiro (900 persoas nas Ellas) e mañego, a súa (700 persoas en San Martiño de Trebello).

Foi organizador e/ou relator en diversos congresos, xornadas e encontros arredor da Fala en Cáceres, Santiago de Compostela, Salamanca, Olivença etc. Lembremos especialmente o *Congreso Internacional sobre A Fala*, en Valverde en 1999, con presenza de especialistas en minorías lingüísticas de diversos países europeos, ou o *Curso de Verán sobre A Fala* en San Martiño de Trebello, coa asistencia do vicepresidente da Xunta Anxo Quintana.

Domingos Frades foi o fundador e presidente da Asociación Fala i Cultura do Val do Ellas en 1991, e o instigador do *Manifiesto dos Tres Alcaldes* de agosto de 1993, cando os alcaldes pediron publicamente recoñecemento e protección para a Fala. Del foi a iniciativa da celebración do Día da Nosa Fala en 1992 nas Ellas, en 1993 en Valverde e en 1994 en San Martiño.

Durante tres lexislaturas foi tenente en San Martiño de Trebello. Por iniciativa súa rotuláronse os indicadores de estradas e as rúas e prazas da vila en bilingüe mañego-castelán.

### **Estudos lingüísticos e obra literaria de Domingos Frades**

Fóra das publicacións relativas ao mundo rural ou ao estudo da historia local ou comarcal, das obras de Frades destacamos:

#### Estudos e traballos lingüísticos

*Algu sobre a nosa fala* (I), 1975.

*Algu sobre a nosa fala* (II), 1975.

*Coñocer y actuar*, 1976, cun vocabulario mañego-castelán de 600 voces e un apéndice ortográfico.

*Vamus a falal. Notas pa coñocel i platical na nosa fala*, 2000.

O seu discurso de ingreso na RAG *Por que estáo contentu de falar?*, publicado n'*A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres* (2004, pp 27-36).

#### Traducións e edicións

*Nubis i clarus* (1975), edición dos poemas mañegos de Eugenio Gómez, cóengo de Cádiz.

*O pequenu príncipi* (2014), tradución ao mañego de varios capítulos de *Le petit prince*.  
*Novu testamentu en Fala* (2015), a súa obra magna, a tradución ao mañego do novo testamento.

### Obra literaria

*Guixiarrus... Labeiras*, poemario de 1976.

*Ditus i feitus*, poemario de 1977.

*Versus de un verán*, 1977.

*Callejeiru mañegu*, de 2004.

O día 20 de xaneiro de 2023 presentouse en Badallouce o libro compilatorio *Versus valeoris da nosa fala. Obra poética mañega* en edición bilingüe de Alicia Manso e Henrique Costas. Nel recóllense os catro poemarios anteriores xunto con poemas inéditos do autor, que falecera só uns días antes.

Por toda unha vida dedicada á dignificación, estudo e divulgación das tres falas do seu val, a Real Academia Galega nomeouno correspondente nunha solenne e extraordinaria sesión celebrada o 18 de decembro de 2004. Aquel día, ademais de Frades, foran nomeados correspondentes Carlos X. Varela Aenlle, polo Eo-Navia; Héctor Silveiro Rivas, polo Bierzo Occidental; e Felipe Lubián Lubián, polas Portelas de Zamora. En nome da Academia déralles a benvida Francisco Fdez Rei.

Foixe Domingos Frades, “Mingus”, o mellor cantor das terras, das xentes e da fala do Val do Ellas, pero o seu exemplo de amor e entrega á lingua permanece en novas filólogas nativas como a valverdeira Alicia Manso (U. Paulista), a mañega Tamara Flores (U. Aveiro) ou a lagarteira María Sánchez (USAL).

Xosé Henrique Costas  
Académico correspondente

## AGARDANDO

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO  
(Vigo, 17/VII/1935 - Teo, 7/III/2023)

Anxo Angueira

Salvador García-Bodaño Zunzunegui naceu en Teis (Vigo) o 17 de xullo de 1935, finou en Veitureira (Lampai, Teo) o 7 de marzo de 2023 e estivo vinculado toda a súa vida a Compostela. Asinaba case sempre como Salvador García-Bodaño, aínda que non arriase nunca o Zunzunegui de súa nai e da estirpe vasca da que procedía. Tampouco arriou aquel Teis no que viñera ó mundo, de aí que en 2004, cando foi recoñecido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega coa distinción O Escritor na súa Terra, Salvador García-Bodaño escollese o dinámico barrio vigués, en concreto o seu Centro Cívico, para plantar unha árbore da súa escolla: un álamo.



En Compostela foi estudante de Dereito e destacado representante da xeración das Festas Minervais, concurso que gañou en 1959, en galego e castelán. Na súa formación intelectual dos anos 50 foron decisivos, segundo el mesmo confesa, Carlos Maside e Ramón Piñeiro. Desde os sesenta foi un activista destacado do galeguismo. En palabras de Arcadio López-Casanova, foi “intelectual en canto home de acción, que xa dende aqueles anos escuros da resistencia político-cultural foi exemplo de dedicación e de compromiso, de sacrificada tarefa, animoso sempre, sempre con ilusión e ata humor contaxioso naquela loita, arrodeada de silencios cómplices, polas liberdades e a identidade da nosa Galicia inmorredoira”. Así, en 1961 fundou con outros a Agrupación Cultural “O Galo” de Santiago e logo participou no Consello da Mocidade e militou no Partido Socialista Galego (PSG) desde a súa fundación en 1963 ata o ano 1980. Participou tamén na celebración do primeiro Día das Letras Galegas (1963), no Salón Artesoadado de Fonseca, nun recital con Xohana Torres, Arcadio López-Casanova e Carlos Casares. En 1964 interviñe na homenaxe a Antonio Machado organizada pola Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago. Nese mesmo ano participa na conmemoración do Día das Letras Galegas en Pontevedra e sonlle censurados varios poemas, entre eles unha elegía dedicada a Alexandre Bóveda. Dez anos despois é sancionado conforme á Lei de Orde Pública, por un recital no Círculo Recreativo

e Cultural de Perlío (Fene), no que se incluían uns poemas ao 25 de Abril e a Pablo Neruda. Este activismo levouno a participar na creación da revista *Teima*, da editorial Escola Aberta, do Museo do Pobo Galego, da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), da Asociación de Tradutores en Lingua Galega (ATLG), do Instituto Galego da Información (IGI), da Fundación Castelao, do PEN de Galicia, do Ateneo de Santiago de Compostela, do que foi presidente, do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside e do novo Seminario de Estudos Galegos. Toda esta participación e actividade na difusión da cultura galega, así como a súa propia obra literaria, tivo como recoñecemento, entre outros moitos, o Premio Xunta de Galicia á Creación Cultural en 1988.

Ademais doutras institucións, como a Fundación dos Premios Pedrón de Ouro, Salvador García-Bodaño formaba parte da Real Academia Galega despois de ser proposto por Antonio Fraguas, Constantino García e Andrés Torres Queiruga. Titulou o seu discurso de ingreso *Compostela e as nosas letras ata o manifesto Máis Alá*, que foi lido o 25 de novembro de 1995 e contestado por Carlos Casares, que, entre outras observacións, testemuña a xénese dos primeiros libros de poemas do seu amigo. Na súa visión histórica e literaria da cidade non faltan as alusións á presenza de Compostela na literatura e nos poetas medievais, á importancia das Festas Minervais compostelás, e xa no XIX, á literatura dialóxica, ás publicacións periódicas e ás figuras máis relevantes, desde Rosalía de Castro a Antonio López Ferreiro. O discurso remata nos tempos da renacemento vividos con vigor en Compostela por institucións coma o Seminario de Estudos Galegos ou figuras coma Ánxel Casal.

Salvador García-Bodaño, desde moi novo, foi articulista habitual de *El Correo Gallego* e boa parte da súa dilatada obra está recollida en *De onte a hoxe. Ensaíos xornalísticos dende Compostela* (1993). Tamén foi tradutor, aspecto do que salientamos a *Viaxe por Galicia* de George Borrow. Como contista cómpre destacar o conxunto de relatos de ambientación compostelá incluídos en *Os misterios de Monsieur D'Allier* (1992), co que obtén o Premio da Crítica española, para narración en lingua galega. Como ensaísta é autor de múltiples artigos e textos sobre arte ou literatura e cómpre destacar a súa achega *Rafael Dieste. Vida e obra en lingua galega* (1995).

Pero onde realmente destacou foi como poeta. Ó longo dos sesenta, os seus poemas publicáronse en revistas, galegas, españolas e americanas, e despois en publicacións de todo tipo. A súa poesía achegou algo distinto ós camiños marcados polo socialrealismo daqueles anos. Toda a crítica destaca os seus primeiros volumes poéticos, *Ao pé de cada hora* (1967) e *Tempo de Compostela* (1978), que descubren un poeta de voz persoal e chea de autenticidade, segundo Ramón Piñeiro, que nos indica que con ela “podemos revivi-lo sentimento de identifica-

ción con Galicia, a solidariedade entrañable cos mártires que agardan debaixo da súa lousa pola xusticia, a dor pola perda das grandes figuras representativas do noso pobo que a morte nos vai levando, a tensión ilusionada e atormentadora do amor, a misteriosa soidade do recanto máis profundo do noso espírito”. Arcadio López-Casanova, pola súa banda, atribuíalle á palabra de García-Bodaño un poder catártico e de curación, “curación da alma que nós levamos a cabo no silencio, unha vez que pechamos a última páxina do libro”. En todo caso, recorrentemente son citados con versos principais do noso autor aqueles que inician o “Galicia” co que se abre *Ao pé de cada hora*:

Galicia é isto que vai en nos  
e que nos leva  
camiño aberto nos sulcos  
onde todo é por vir e non chega...

As obras posteriores seguen forxando un poeta de referencia: *37 debuxos para un país* (1985), *Compostela* (1989), *Obra poética* (1993), compilación que inclúe dous poemarios inéditos (*Poemas de amor a Xulia* e *As palabras e os días*), *Pegadas no alcatrán* (1994), *Cidade virtual* (2003) e *Cantos de ausencia. Elexías 1959-2002* (2004). A crítica sempre destacou o rigor léxico do poeta, a condensación, a musicalidade, o ritmo. Anxo Tarrío en concreto fala dun “poeta esencialmente elexíaco e amoroso que foi compoñendo dende Santiago de Compostela todo o seu entramado existencial, intelectual e ideolóxico”.

Efectivamente, Salvador García-Bodaño é un poeta de Compostela. Na historia da literatura galega, desde a Idade Media, hai moitos poetas que se apropian dun espazo, dun lugar. Así fixeron Martín Codax con Vigo, Eduardo Pondal con Bergantiños ou Uxío Novoneyra co Courel. Pois ben, Salvador García-Bodaño é o poeta de Compostela, da súa paisaxe social, histórica e política, da súa pedra e da súa palabra, da Compostela íntima e da colectiva, da diacrónica e da contemporánea. Non é casual que a homenaxe que a RAG lle dedicou en 2019 con motivo do Día da Poesía levase por título *Horas de Compostela*. Pero tamén é poeta de poetas, de escritores e pintores, vivos e mortos, en “poemas nominados”: Otero Pedrayo, Cabanillas, Castelao, Carlos Maside, Luís Seoane, Fermín Penzol... Todos con Rosalía á fronte. A ela lle dedicou numerosos versos. Como é un gran poeta do amor nos *Poemas de amor a Xulia*, nos que renace Petrarca en coidados sonetos: “Escoita este silencio, miña amada, / este ámbito de nós onde te sinto, / os corpos enlazados, labirinto / de amores no aire limpo da luzada”.

Como recoñecido poeta, ten Salvador García-Bodaño con toda probabilidade un lugar preferente na república galega das letras á beira daqueles seus versos

citados, os do “Galicia” que abre o *Ao pé de cada hora*. Era 1967 e no ambiente estaban xa os signos da revolta que ía estoupar ó ano seguinte, na páxina seguinte:

Eu sei que en cada tumba  
atópase unha espada  
agardando.

Eu sei que en cada morto  
pervive un berro  
agardando.

Eu sei que pra aquela derrota  
hai unha vitoria  
agardando.

Eu seino.


Dinmo os vosos nomes  
sobor das lousas  
agardando.

# **Día das Letras Galegas**









O pleno da Real Academia Galega, reunido o 9 de xullo de 2022, acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010), cadrando coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do cal foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento.

Fernández del Riego, membro da nova xeración de intelectuais que lle deron continuidade ao ideario do grupo Nós, foi un loitador cultural incansable que chegou a se converter nunha auténtica institución do país, respectado por todos e aberto ás diversas manifestacións do galeguismo. Figura central do galeguismo progresista e clave da resistencia no exilio interior durante o franquismo, a súa traxectoria polifacética e prolífica abrangueu dende a política, a creación e crítica literaria á edición. A comezos dos anos 50 é un dos fundadores da editorial Galaxia, empresa que desempeñou un papel central na resistencia cultural de Galicia durante o franquismo, e de 1997 a 2001 presidiu a Real Academia Galega.

## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Ramón Nicolás

En Vilanova de Lourenzá nace Francisco Fernández del Riego o 7 de xaneiro de 1913, primeiro fillo dunha extensa familia. O seu pai, Vicente Fernández, fora emigrante en Cuba e a súa nai, malia o que o propio autor afirmaba, non contaba con devanceiros asturianos. Este achado débese ao seu biógrafo Manuel Román, que testemuña como o que se produce é unha deturpación do seu apelido, pois un antepasado seu nace sendo Manuel do Rego e morre, confirmando o proceso de castelanización, como Manuel Del Riego. Os avós maternos, Xesús e Dominica, eran propietarios de terras e casaríos na comarca e rexentaban un negocio de tecidos no baixo da casa en que vivían.

A súa infancia transcorreu coma a dun neno máis daqueles tempos, malia que presenciar un atentado que sufriu o seu pai o 17 de setembro de 1918 o deixara marcado. Este tentou defender un amigo da familia, Xoaquín Lozano, obxecto dun ataque como líder do movemento agrarista, e un disparo perforoulle os pulmóns, aínda que logrou restablecerse. De neno, Del Riego xa era moi afeccionado á lectura, debruzándose nos contos da editorial de José María Calleja e outros autores como os irmáns Grimm, Swift, Twain, Salgari ou Jules Verne.

Estuda nunha escola unitaria de Vilanova e prepárase cos frades do mosteiro laurentino para examinarse, por libre, no chamado Instituto de Segundo Ensino de Lugo e facer as probas do denominado bacharelato elemental, que aprobará e que lle permite ingresar no Colexio dos Escolapios, en Monforte de Lemos, no curso 1927-1928, onde prosegue a súa formación ao longo de tres anos. Alí realiza os primeiros traballos de carácter literario, que ven a luz na revista escolar *Páginas Calasancias*, e acada algún galardón en diversos premios literarios. Pouco despois, aparecen traballos asinados por el no semanario mindoniense *Vallibria*, dirixido por Xosé Trapero Pardo. Tras superar o bacharelato, aproba a denominada reválida na Universidade de Santiago de Compostela e inicia unha nova etapa na Universidade Central de Madrid para seguir o curso 1930-1931, onde frecuenta diversos espazos formativos e de lecer como bibliotecas, teatros ou fala-doiros. Participa nas asembleas organizadas pola FUE (Federación Universitaria Escolar) e convértese nun activo defensor dos dereitos do estudantado, sumando o seu apoio aos presos políticos e participando en diferentes manifestacións.

Tamén en Madrid comeza a militar na causa do galeguismo tras a lectura de Rosalía, Curros, Antón Villar Ponte e, sobre todo, pola influencia que exerceu nel a *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco.

Unha vez rematado o curso, xunto cun amigo redacta, imprime e distribúe un manifesto o 25 de xullo, pendura a bandeira galega na fachada do concello de Lourenzá e pronuncia un discurso, con só dezaioito anos, desde o balcón do edificio para concluír co canto do himno galego.

Trasládase con toda a súa familia a Santiago de Compostela, onde residirá nunha vivenda da rúa da Virxe da Cerca para proseguir os estudos de Dereito. Grazas a Lois Tobío irase introducindo no ambiente político e intelectual do nacionalismo. Frecuenta a sede do Seminario de Estudos Galegos en Fonseca e coñece a Ricardo Carvalho Calero, Sebastián García-Paz, Antonio Fraguas, Xurxo e Xocas Lourenzo e un longo etcétera de persoeiros comprometidos coa Galicia daquel tempo. Tamén estreita relacións con Ánxel Casal, propietario da editorial Nós, lugar onde redacta follas publicitarias dos libros que se editan. Participa na Semana Cultural Galega que se desenvolve no Porto do 30 de marzo ao 6 de abril de 1935 e comeza a escribir nas páxinas de *El Pueblo Gallego*; igualmente envía colaboracións á revista *La Universitat Catalana* e ao xornal *La Publicitat*. No 1933 asume a responsabilidade de dirixir o semanario *A Nosa Terra*, voceiro do Partido Galeguista, ata que o substitúe Aquilino Iglesia Alvariño.

A súa sinatura convértese nunha constante no *Heraldo de Galicia* (Ourense), *Galicia* e *A Fouce*, de Buenos Aires, *Guieiro*, da Federación de Mocidades Galeguistas, *Ser* (semanario de esquerdas que chegou a dirixir durante un tempo, substituíndo o director, Ramón Suárez Picallo), na revista *Alento* e, por suposto, na revista *Nós*, onde se responsabiliza de numerosas notas anónimas de información cultural e da recensión de libros.

Colabora estreitamente na organización xuvenil *Ultreya*, concibida por Álvaro de las Casas coa vontade de aglutinar xente nova coa intención de espallar a cultura, a lingua e a realidade xeográfica e histórica de Galicia.

Por estes anos ingresa na Asociación Profesional da Facultade, pertencente á FUE, e asiste a algunhas clases do primeiro curso de Filosofía de Letras. Signifícase como representante do estudantado na xunta de goberno da Universidade, participando en actividades reivindicativas, polo que lle foi instruído un expediente, que non chegou a ter consecuencias para el pola solidariedade manifesta dos seus compañeiros. O seu compromiso como estudante da Universidade de Santiago de Compostela conduciu a implicarse na dirección da revista *Universitarios* e a propia FUE elíxeo para pronunciar o discurso de apertura do curso 1933-1934 no que avoga pola galeguización da universidade e a cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

Tras licenciarse, accede directamente á docencia como profesor axudante dos tres cursos de Dereito Civil e imparte clases na cátedra de Civil Conxunto, ademais de dirixir as prácticas de Dereito de Familia e Sucesorio.

Alén de todo isto, actúa como secretario do galeguismo compostelán e asume a secretaría xeral da Federación de Mocidades. Igualmente, ostenta a secretaría técnica do Comité de Organización da Asemblea de Concellos no seo do cal se redactaría o proxecto do Estatuto. A súa presenza é unha constante nos actos políticos como membro do Partido Galeguista, compartindo encontros cos principais membros do galeguismo. Entre outras fronteiras nas que participa, cómpre citar tanto a súa actuación no Galeuzca (1935), para articular alianzas con outras forzas nacionalistas, coma a xestación da Asociación de Escritores Galegos, colectivo creado para defender os intereses dos creadores.

Ao trasladarse a súa familia á barriada de Casas Baratas, preto do Sar, coñece a Evelina Hervella Nieto, con familia en Valdeorras e que cursaría a carreira de Farmacia. Ao pouco de coñecerse inician o seu noivado e, andado o tempo, casarán na terra dela.

#### O GOLPE DE ESTADO E OS PRIMEIROS ANOS DA POSGUERRA

Cando se produce o golpe de Estado en xullo de 1936 agóchase durante un tempo en diferentes casas ata que decide incorporarse ao exército sublevado como único modo de salvar a súa vida. Neses días, recibe no seu domicilio un oficio do reitor da universidade a través do cal se lle comunicaba o cesamento como profesor universitario e a inhabilitación para exercer a docencia en centros de ensino, alén de prohibírselle participar en actividades culturais. O Tribunal de Responsabilidades Políticas sanciónao co impedimento para exercer cargos públicos e imponlle unha multa de 3 000 pesetas por ser dirixente da FUE, membro destacado do Partido Galeguista e propagandista na campaña pro-Estatuto.

Pasa a guerra en diversos destinos en virtude das necesidades do exército sublevado e retorna a Compostela, mais sabe que aínda está en perigo polo que resolve falar con Valentín Paz-Andrade para que lle procure algunha ocupación profesional en Vigo. Paz-Andrade só lle pode ofrecer unha colaboración na revista *Industrias Pesqueras* cunha remuneración moi modesta. En Vigo vive nun cuarto alugado, humilde, pensando nun futuro sombrizo. Comeza a ensinar literatura e filosofía no colexio Mezquita evitando, nesta época, o emprego do segundo apelido para que non o identificasen, pois seguía inhabilitado para a docencia. Co obxectivo de procurar certa estabilidade económica, colabora e, nalgúns casos, dirixe, aínda que anonimamente, publicacións tan variadas como a revista dos farmacéuticos de Vigo ou a publicación deportiva *Imán*, promovida pola imprenta Roel.

Por volta de cumprir un ano en Vigo casa na Rúa de Valdeorras con Evelina Hervella, e ao pouco tempo incorpórase como profesor no colexio Labor de Vigo. Tamén publica artigos na prensa local viguesa e noutras cabeceiras empregando o pseudónimo de Salvador Lorenzana, que alterna con outros como S. L., Cosme Barreiros, Alevín, Adrián Solovio, Ronsel ou Adrián Soutelo.

Cofunda unha academia para preparar alumnado diante da chamada reválida universitaria: a academia Sigma, no último andar dunha casa da praza da Constitución de Vigo onde imparte docencia das materias de letras. Alén diso e das traducións para a revista *Industrias Pesqueras*, incorpórase á redacción da revista *Industria Conservera*. En 1945 falece o seu pai e decide traer a nai e os irmáns máis novos á súa casa de Vigo.

Nunha casa alugada de planta baixa á beira da praia en Coruxo pasa os veráns. Este lugar convértese nun espazo de encontros para os galeguistas do exilio interior e do exilio exterior. Ao mesmo tempo, en Vigo frecuenta varios faladoiros como os do café Derby ou o do Suevia.

Del Riego teima en conquistar un futuro distinto ao que vivía a Galicia daquel momento e para iso intenta a reconstrución do Partido Galeguista por volta do ano 1942. Nese proceso desempeña un papel relevante como ponte cos exiliados aglutinados no denominado Consello de Galiza.

Tendo presente a obrigada discreción no seo destas actividades políticas clandestinas, recibe a visita dunha persoa que quere pór en marcha en Galicia a chamada Unión de Intelectuais Libres. Négase a formar parte do proxecto, mais, pasado un ano, é detido xunto con outras persoas acusado de presidir a Unión de Intelectuales Libres (UIL) galega. Rexeita as falsas imputacións, mais trasládano ao cárcere da rúa do Príncipe (1947) onde permanecerá recluído e incomunicado ao longo de dúas semanas.

En 1949 publica o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso espírito*, editado pola Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires. Ademais, coordina as emisións en lingua galega da BBC de Londres e comeza a colaborar no xornal compostelán *La Noche*. Tempo despois, o director do xornal encoméndalles a el e a Xaime Isla Couto realizar un suplemento de carácter cultural, que se converte nun referente para a recuperación cultural malia a súa curta duración, pois foi pechado, por decisión gubernativa, o 25 de xaneiro de 1950 tras un número dedicado á memoria de Castelao.

## O NACEMENTO DE GALAXIA

Pouco despois, tamén con Isla Couto, decide constituír unha sociedade anónima coa denominación de Galaxia S. A. Ao pouco tempo recíbense numerosas adhesións e subscricións, tanto de Galicia coma de América, e a asemblea constituínte

ten lugar nun salón do hotel Compostela, de Santiago, en xullo de 1950, onde é elixido secretario dunha xunta directiva presidida por Ramón Otero Pedrayo. Con Ramón Piñeiro, que acababa de saír do cárcere, comeza a traballar no primeiro número da chamada Colección Grial. Os cadernos padecerían a censura da época e só duraron ata a cuarta entrega xa que axiña decretaron o cesamento da colección. Malia iso, nada desalentaba a Del Riego: pasaba á máquina os textos, dirixía na imprenta a diagramación, a composición e mais o axuste axeitado das páxinas; corruxía as probas de imprenta onde cumpría un papel fundamental no establecemento do galego denominado “protoestándar” —vixente dos anos cincuenta ata a aprobación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ano 1982— ou facía os paquetes que el mesmo depositaba no correo.

Algúns anos despois encargaríase da codirección, tamén xunto con Ramón Piñeiro desde 1963 ata 1988, dunha revista fundamental, de carácter trimestral, que segue a publicarse aínda hoxe: *Grial. Revista Galega de Cultura*.

A todo este labor sumóuselle a confección de manuais divulgativos que se ocupaban de diferentes eidos da nosa cultura e de aí saíu a primeira edición, en 1951, da súa *Historia de la literatura gallega*, que anos despois se traduciría ao galego e se convertería nun libro referencial e de consulta durante moitos anos. Tamén supervisa a impresión, e realiza algunha colaboración informativa de tema pesqueiro, da *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968).

No ano 1963 participa nun proxecto político na clandestinidade como foi a fundación do denominado Partido Socialista Galego. Tamén nese ano desenvolve un papel fundamental na creación e dirección da Biblioteca Penzol, desde a súa primeira sede, na rúa Policarpo Sanz de Vigo, ata os novos locais cedidos polo Concello, situados entre a praza da Princesa e a praza da Constitución denominándose, a partir de entón, Casa Galega da Cultura. Tempo despois, o primeiro andar enriquecese cos fondos da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego, que el mesmo cedeu á cidade de Vigo, xunto coa súa valiosa pinacoteca: unha cesión que incluía trinta mil volumes, alén dun arquivo único de documentos contemporáneos entre os que salienta o seu arquivo epistolar. Á fronte dela, sen retribución económica, desde 1963 até pouco tempo antes do seu falecemento, o seu traballo supuxo un exemplo modélico de entrega e xenerosidade.

Desempeñou un papel clave na vinculación entre o universo do exilio franquista e a Galicia do interior. Foi precisamente na Arxentina onde publicou o seu primeiro libro e outros como *Danzas populares gallegas* (1950) ou *Galicia no espello* (1954). Ao mesmo tempo, escribe con regularidade na revista *Galicia*, órgano do Centro Galego de Buenos Aires, e na revista *Galicia Emigrante* publicarían artigos, comentarios e outras colaboracións. Prepara, igualmente, a pedimento do propio Centro Galego bonaerense, a edición da *Obra completa* de Ramón Cabanillas

(1959) e unha escolma dos traballos xornalísticos de Antón Villar Ponte publicados baixo o título de *Pensamento e sementeira* (1971).

Ao retorno dunha viaxe realizada a Buenos Aires en 1954, prodúcese a súa segunda detención. Ao chegar ao porto Vigo agardaban por el o cónsul do Uruguai, Muñoz Moratorio, varios amigos e un grupo de gaiteiros. Despois da benvida decidiuse celebrar un xantar nun restaurante das aforas. O gobernador civil acabou sancionando o dono do local por carecer da autorización preceptiva para organizar o xantar, ao seren máis de tres comensais. Pasados algúns meses, logo de que os xornais da emigración criticasen aquela sanción, o gobernador culpouno desas reaccións. Detéñeno na súa casa de Vigo tras realizaren nela un rexistro moi minucioso. Trasladado a Pontevedra, interrógano e ingrésano no cárcere da Parda como único preso político da prisión. Ao inhibirse o tribunal militar que o ía xulgar, pasou a mans da maxistratura civil, que decidiu decretar a súa liberdade sen cargos.

Tras esta experiencia, segundo as súas propias palabras, opta por renunciar ao cargo de secretario e conselleiro do consello de administración de Galaxia para non comprometer as súas funcións debido aos seus antecedentes e detencións, aínda que seguía comprometido con diversos traballos na editorial. Pasado certo tempo, retomaría a angueira editorial nun posto de nova creación como era o de xerente. Recentes investigacións debidas á biógrafa Malores Villanueva indican que esta renuncia se produciría tres anos antes, concretamente en 1951.

Incorpora ao catálogo da editorial Galaxia obras de Cunqueiro e cobre lagoas de carácter divulgativo como testemuñan a *Escolma de poesía galega: os contemporáneos* (v. III, 1955) ou a *Escolma de poesía galega: o século XIX* (v. IV, 1957), textos compilatorios que terían continuidade anos despois con *Poesía galega: do dezanove aos continuadores* (1976) e *Poesía galega: do posmodernismo aos novos* (1980), alén do *Vocabulario gallego-castellano* (1979). Cómpre non esquecer igualmente o labor de antólogo recollido no volume *Vicente Risco. Escolma de textos* (1981) ou na escolma, en dous volumes, *Pensamento galeguista do XIX e do XX* (1983).

Por outra banda, elixírono membro correspondente da Real Academia Galega o 4 de abril de 1948, e nomeárono membro numerario por maioría o 22 de maio de 1960. O 26 de novembro dese mesmo ano ingresa na institución dando lectura ao discurso titulado *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*, que foi respondido, en nome da institución, por Ricardo Carvalho Calero. Unha das iniciativas de indiscutible proxección que presentou, co apoio de dous académicos máis como foron Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, foi a celebración do Día das Letras Galegas. Anos despois presidiría a RAG, responsabilidade que asumirá desde novembro de 1997 ata novembro de 2001. A súa intención confesada era a de modernizar o espírito da institución, alentando



académicos electos a que ingresasen nela dando lectura aos seus discursos, e así aconteceu con diversas persoas como Xaime Isla, Andrés Fernández-Albalat, Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo ou Antón Santamarina; ademais estimulou e apoiou a incorporación á entidade doutras voces como Xohana Torres, Xosé Neira Vilas ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Entre outros obxectivos, responsabilizouse de reformar os estatutos e introduciu diversas novidades como a supresión do mandato vitalicio do presidente e da Comisión Executiva.

En 1974 publica un libro moi querido por el: *Letras do noso tempo* e, en 1978, *Antolín Faraldo. Un precursor*, base do que anos despois se convertería no volume *Antolín Faraldo. O gran soñador* (1988). No ano 1978 publica tamén a súa primeira tradución en forma de libro: *Grandeza e decadencia do reino de Galicia*, do exiliado Emilio González López, e preséntase como candidato polo Partido Socialista Galego na Candidatura Democrática Galega ao Senado.

#### UN TRABALLADOR INCANSABLE ATA OS ÚLTIMOS ANOS DA VIDA

Ao longo da década dos anos sesenta e setenta a súa presenza no *Faro de Vigo* é moi recorrente, sobre todo na época en que o dirixiu Álvaro Cunqueiro e, a partir dos anos oitenta, colaborará con frecuencia nas páxinas literarias e de opinión de *La Voz de Galicia* ata poucos meses antes do seu falecemento. Tamén por estas datas adquire unha vivenda fronte ao areal de Lourido, en Nigrán, onde pasará as vacacións e outros períodos de descanso ao longo dos seus últimos anos de vida.

En 1979 recollerá o Pedrón de Ouro e tamén asina, con outras sesenta e seis persoas, un manifesto que aglutinaría diversas tendencias políticas baseado na defensa da personalidade de Galicia e o respecto aos seus valores históricos baixo a denominación de Realidade Galega.

En 1981 prepara, para o Día das Letras Galegas, a pedimento da Real Academia Galega, o libro divulgativo *Vicente Risco. Escolma de textos* e un ano despois recibirá o premio vitalicio da Fundación Barrié de la Maza na illa da Toxa. En 1983 publica *Ánxel Casal e o libro galego*, outra monografía substancial e pioneira sobre o propietario da editorial Nós e alcalde asasinado de Santiago de Compostela. Dous anos despois outórgaselle a Medalla Castelao da Xunta de Galicia e publica un adianto da súa novela *O cego de Pumardedón* na revista *Grial* (nº 87) que, finalmente, verá a luz en 1992.

O Concello de Vigo outórgalle o 24 de febreiro de 1988 a Medalla de Ouro da cidade e ese ano recibe tamén o premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo, alén de publicar *O señor da Casa Grande de Cima de Vila*, volume no que ofrece unha visión persoal e documentada do autor de *Arredor de si*. A cidade olívica tamén o homenaxeará ao outorgarlle unha praza co seu nome onde instalará unha escultura, realizada por Álvaro de la Vega, que se inaugurará o 15 de xullo de

2000. Igualmente en 1988 inaugúrase a rúa Fernández del Riego en Vilanova de Lourenzá e, un ano despois, asistirá á colocación dunha placa na súa casa natal.

Alén de multitude de recoñecementos recibidos, nas décadas dos anos noventa e dous mil publicará libros relevantes na súa biografía intelectual entre os que unicamente salientamos, xunto a ensaios sobre voces que protagonizaron o Día das Letras Galegas e numerosos volumes que recollen as súas relacións epistolares, o *Diccionario de escritores en lingua galega*, os libros de memorias *O río do tempo: unha historia vivida* (1990) e *Camiño andado* (2003); o volume *Galicia* (1994) no que recolle as súas experiencias viaxeiras converténdose nun percorrido histórico, social e cultural sobre o noso propio país ou *A xeración Galaxia* (1996), fundamental para coñecer, desde unha visión interna, a relevancia das tarefas levadas a cabo polas persoas que constituíron este grupo xeracional.

En outubro de 2002 recibe unha homenaxe por parte da corporación municipal de Nigrán que acorda nomealo fillo predilecto do concello onde pasaba longas tempadas no verán. Celébrase, así, un acto cultural de recoñecemento e a descuberta dunha placa no areal de Lourido polo que tantas veces paseara. Uns meses antes, concretamente o día 8 de marzo, a Fundación Premios da Crítica Galicia réndelle unha magna homenaxe e máis adiante editará un coidado volume de autoría colectiva baixo o título *Francisco Fernández del Riego*.

A finais de xaneiro de 2004 é sometido a unha intervención cirúrxica no Hospital Xeral - Cíes de Vigo que se resolveu favorablemente e tres anos despois falece a súa esposa. Nos anos finais da súa vida estivo ao coidado, entre outras persoas, de Nancy, Lolita —viúva do seu irmán Joaquín— e mais Enrique Méndez. Asemade, é de destacar o acompañamento e coidado que lle dispensou, nos derradeiros anos, a docente e escritora Malores Villanueva. A súa casa estaba aberta para recibir visitas de amigos, entre os que se contaba Francisco Domínguez, con quen despachaba semanalmente sobre asuntos relacionados coa Biblioteca Penzol.

O 7 de xaneiro de 2010, día do seu aniversario, un grupo de amigos e amigas fai unha solta de 97 pombas ao pé da súa casa. Uns meses máis tarde, o 23 de novembro de 2010, falece no seu domicilio da cidade de Vigo. Os seus restos son incinerados na máis estrita intimidade familiar e as súas cinzas depositáronse no cemiterio de San Pedro da Ramallosa (Nigrán), a carón das da súa dona Evelina Hervella.

Desde aquela data ata hoxe foron innumerables os recoñecementos e homenaxes que se lle tributaron. O Día das Letras Galegas 2023 incidirá neste xusto recoñecemento para alguén que traballou incansablemente polo noso país.

## OBRA

Francisco Fernández del Riego é autor dunha extensa obra. A súa sinatura está presente en máis de 150 monografías, traballou como prologuista, editor literario ou tradutor en case un cento de títulos e asinou máis de 4000 colaboracións en publicacións periódicas.

A relación que se ofrece deseguido é unha escolma da súa produción e doutros títulos sobre a súa figura e o seu legado.

### Monografías

- Cos ollos do noso espírito*. Buenos Aires: Alborada, 1949.
- Danzas populares gallegas*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, 1950.
- Historia de la literatura gallega*. Vigo: Galaxia, 1951.
- Galicia no espello*. Buenos Aires: Galicia, 1954.
- Escolma de poesía galega*. IV. *Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia, 1955.
- Escolma de poesía galega*. III. *O século XIX*. Vigo: Galaxia, 1957.
- Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. A Coruña: Real Academia Galega, 1973.
- Letras do noso tempo*. Vigo: Galaxia, 1974.
- Do dezanove aos continuadores. Antoloxía de poesía galega*. Vigo: Galaxia, 1976.
- Antolín Faraldo: un precursor*. Vigo: Grafinsa, 1978.
- Vocabulario gallego-castellano*. Vigo: Galaxia, 1979.
- Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Galaxia, 1981.
- Vicente Risco: escolma de textos*. A Coruña: Real Academia Gallega, 1981.
- Ánxel Casal e o libro galego*. Sada: Edicións do Castro, 1983.
- Pensamento galeguista do século XIX*. Vigo: Galaxia, 1983.
- Pensamento galeguista do século XX*. Vigo: Galaxia, 1983.
- As peregrinacións xacobeas*. Vigo: Galaxia, 1983.
- Escritores de Portugal e do Brasil*. Sada: Edicións do Castro, 1984.
- O señor da Casa Grande de Cima de Vila*. Trasalba (Ourense): Padroado Ramón Otero Pedrayo, 1988.
- Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: Edicións do Castro, 1990.
- O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro, 1990.
- Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*. Vigo: Ir indo, 1991.
- Eduardo Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*. Vigo: Ir indo, 1992.
- O cego de Pumarredón*. Vigo: Ir indo, 1992.
- Eduardo Blanco Amor: escolma de textos*. A Coruña: Real Academia Galega, 1993.
- Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.

*Luis Seoane desde a memoria*. Sada: Edicións do Castro, 1994.  
*A xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia, 1996.  
*A pesca galega de mar a mar*. Sada: Edicións do Castro, 1998.  
*A pegada das viaxes*. Vigo: Ir indo, 2000.  
*Portugal norteño*. Vigo: Caixanova, 2000.  
*Con Pondal en Bergantiños*. Sada: Edicións do Castro, 2001.  
*Vigo sentimental*. Vigo: Caixanova, 2001.  
*O padre Sarmiento en Galicia*. Vigo: Galaxia, 2002.  
*Camiño andado*. Vigo: Galaxia, 2003.  
*Lourenzá*. Sada: Edicións do Castro, 2004.  
*Palabras a oito*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2005.  
*Por terras portuguesas*. Vigo: Caixanova, 2005.

### **Epistolarios**

*Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia, 2000.  
*Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Manuel Rodríguez Lapa; edición de Tiago Vidal Figueroa. Vigo: Galaxia, 2001.  
*Carta ao meu amigo: epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego: 1949-1961*; limiar de Francisco Fernández del Riego, edición de Dolores Vilavedra. Vigo: Galaxia, 2003.  
*Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Ricardo Carballo Calero; edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia, 2006.  
*Rexistros no vento. Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo*. A Coruña: Real Academia Galega, 2023. Edición de Patricia Arias Chachero.

### **Obras inéditas**

*Diario de guerra*. Vigo: Galaxia, 2023.  
*Memorias do París literario*. Vigo: Galaxia, 2023.

### **Edicións póstumas**

*Loitando pola Galicia que non foi. Artigos e conferencias. 1932-1936*. Vigo: Galaxia, 2023.  
*Compostela, póla florida*. Vigo: Galaxia, 2023.  
*Con Pondal en Bergantiños*. Vigo: Galaxia, 2022.

## Bibliografía sobre Francisco Fernández del Riego

- Cajaraville, Héctor (2022). *Francisco Fernández del Riego. O legado silandeiro*. Vigo: Xerais.
- Conde, Perfecto (2022). *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Xerais. Liz de Cea, Beatriz (2023). *Don Paco. Letras para a arte galega*. Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (2013). *Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol. Edición de María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira.
- Franco Grande, Xosé Luís (2000). *Francisco Fernández del Riego: galeguista de acción e cultura*. Vigo: Ir Indo.
- Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia, 2002. Edición literaria de Xesús Ferro Ruibal e coordinación da edición plástica de Antón Pulido.
- López, Xosé e Román, Manuel (2023). *Lume aceso. Francisco Fernández del Riego*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Concello de Lourenzá.
- Mascato, Antón (2023). *De Compostela ao exilio interior. Francisco Fernández del Riego*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.
- Mascato, Antón e Carreiro, Pepe (2023). *Francisco Fernández del Riego. O home que valía por mil*. Vigo: Galaxia.
- Nicolás, Ramón (2022). *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo*. Vigo: Xerais.
- Polo Correo do Vento (2022). *Un día para as letras. Pequena biografía de Francisco Fernández del Riego*. Poio: Lela Edicións.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (2023). *Paco del Riego, un home irrepitible*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego*. Sada: Edicións do Castro, 1993.
- Villanueva, Malores (2023). *Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Galaxia.


PLENARIO EXTRAORDINARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA  
NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
DEDICADO A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



A sesión extraordinaria e pública do 17 de maio da Real Academia Galega celebrouse en Lourenzá, a localidade luguesa que viu nacer a Francisco Fernández del Riego en 1913.

O acto, que reuniu a veciñanza e representantes de institucións de todo o país, desenvolveuse no centro de usos múltiples Ponte de Cuñas e contou na parte musical co cuarteto Souto Xímaro (Lourenzá) e co coro Mestre Pacheco (Mondoñedo). A banda de música de Lourenzá animou o ambiente nas rúas da vila durante a mañá.

A sesión comenzo co discurso de Margarita Ledo Andión, *Del Riego: joie de vivre e pensamento útil*, no que afondou na consideración que o homenaxeado soubo darlles aos medios de comunicación como esfera pública precisa para facer que as palabras se tornen acontecemento. Francisco Díaz-Fierros Viqueira ofreceu unha intervención sobre o devir da paisaxe en Del Riego, cara á que o autor demostrou, ao seu xuízo, unha singular sensibilidade, con notables referencias a dous espazos vitais fundamentais na súa vida: Lourenzá, a vila natal á que lle



dedicou en 2004 o libro homónimo; e a cidade que o acolleu en outono de 1939, retratada en *Vigo sentimental* (2001).

A amizade entre Del Riego e Luís Seoane, un membro destacado do exilio interior e outro do exterior, foi evocada por Xesús Alonso Montero nunha alocución na que rememorou o seu breve encontro semiclandestino, trece anos despois de seren separados pola sublevación militar e tres despois de retomaren o contacto por carta. Aconteceu cando o barco no que viaxaba o artista instalado na Arxentina fixo escala en Vigo. Seoane viña de pasar un tempo en Francia e Inglaterra, onde exhibira con certo éxito os seus cadros. As tres intervencións están recollidas no *Boletín da Real Academia Galega* número 384.



## PRIMAVERA DAS LETRAS



A presentación de Primavera das Letras 2023 desenvolveuse o 6 de marzo no colexio de infantil e primaria de Lourenzá, o CEIP Juan Rey, ao que se desprazaron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e a académica responsable do proxecto, Fina Casalderrey.

O acto, no que participou toda a comunidade educativa do colexio de Lourenzá e do veciño colexio de Trabada, foi conducido polo director do centro, Eduardo Iglesias Villar, e contou tamén coa intervención da presidenta da Mesa Coordinadora

### As cousas de Don Paco

Para que se lembrades un pouco máis o nacemento do Día das Letras Galegas 2023, Francisco Ferrnandez del Riego, a escritora e a ilustradora Lucía Caba preparáronnos estas ideas de traballos protagonizadas polos colexinos que conmemoramos a súa lembranza en diferentes etapas da vida. Acreditámonos a todo e a representación na aula, se vos protista. Vámos facer poemas, cartas, teatro... ¿Que mellor maneira de celebrar?

#### Acto primeiro

Don Paco, o mestre Baldoarri e os seus alumnos en Galicia. O Camión do Folio Leña e a súa construción e chegada a Galicia. A chegada do Día das Letras Galegas ao mundo do 17 de marzo e a escola, que nos dá o contexto.

#### Acto segundo

A vida de Don Paco e os traballos realizados nos tempos de Don Paco. Pode ser un traballo como un poema ou un teatro sobre a vida de Don Paco e Galicia e sobre os traballos realizados nos seus tempos de sempre sempre para os amigos.

#### Acto terceiro

A escola e a vida de Don Paco, do que Don Paco, Baldoarri, Ochoa, Leña e Galicia nos fan un regalo para sempre. Sempre sempre.

#### Obra completa

Os traballos de Don Paco e a súa obra completa, sempre sempre e sempre sempre. Os traballos de Don Paco, Baldoarri, Ochoa, Leña e Galicia nos fan un regalo para sempre. Sempre sempre.

### Actividades interactivas Ver máis

**As cousas de don Paco teñen moita historia!**  
Investigamos as cousas de Leña, Baldoarri, Ochoa, Don Paco e Galicia.

**Palabras remexidas**  
Algunhas palabras de palabras que escribiu Don Paco sobre a vida infantil nos seus tempos. Escríbanos de palabras novas para os amigos.

**Ánxel Casal e o libro galego**  
Cofeamos un poema e a súa edición de libro en galego que Don Paco sempre escribiu.





don Paco, a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López; e da xefa do Servizo de Coordinación Cultural da Consellería de Cultura en Lugo, Ana Mel. O alumnado de 5º agasallou os convidados cunha obra teatro sobre a vida de Del Riego, adaptación da mestra Consuelo Borrajo González a partir do proxecto *Dende a fiestra de don Paco*.

Nesta edición, a través da web [primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal), ofreceuse unha biografía teatralizada: Eva Mejuto asina *As cousas de don Paco*, que ilustra Lucía Cobo. A páxina web, dirixida ás etapas de infantil e primaria, ofrece ademais actividades interactivas para conectar os nenos e nenas de forma lúdica co universo de Del Riego.

Primavera das Letras conta dende 2023 coa sección *Lingua Guapa*, concibida para acubillar contidos para o público máis novo alén da celebración do 17 de maio. Nela pode verse a curtametraxe *A orixe da nosa lingua guapa*, unha película protagonizada polo alumnado do CPI Santa Lucía de Moraña que explica, a través da fantasía e o humor, como se formou o galego. Todas as propostas da RAG desenvolvidas ao abeiro deste proxecto contan co apoio económico da Deputación da Coruña.

## CONTÁDENOS O VOSO DÍA DAS LETRAS

A Real Academia Galega premiou os proxectos escolares realizados arredor da figura de Francisco Fernández del Riego no marco da sétima edición de *Contádenos o voso Día das Letras*. O concurso estivo aberto ata o 27 de xullo.

Os colexios da Espiñeira-Aldán de Cangas, Juan Fernández Latorre da Coruña e Juan Rey de Lourenzá foron os gañadores desta edición.

O CEIP Juan Rey de Lourenzá celebrou as Letras Galegas dende o comezo do curso cunha morea de iniciativas. O equipo da biblioteca desenvolveu no primeiro trimestre o proxecto *Desde a fiestra de don Paco*, con máis de oitenta actividades nas que participaron os nenos e nenas de todos os niveis. Co *Dicionario trangalleiro* inventaron palabras seguindo as normas da lingua, elaboraron unha audioguía sobre a vida do homenaxeado e afondaron no mundo dos xogos tradicionais da súa infancia a través das achegas dos estudosos locais Xosé López e Xosé Manuel García.

O alumnado de Lourenzá tamén analizou e ilustrou o discurso que o autor pronunciou na vila en 1998 con motivo da Festa da Faba, afondou na súa infancia en Lourenzá a través da celebración do Samaín en *Paco e as pantasmas*, deseñou unha exposición de carteis sobre o autor —premiada pola Consellería de Educación— e realizou unha pequena adaptación teatral sobre a súa vida.

A comunidade escolar do CEIP Juan Fernández Latorre levou a cabo a actividade titulada *Espallando as Letras polo barrio*. Os nenos e nenas repartiron nos establecementos comerciais, a biblioteca municipal, as escolas infantís ou o centro de día reproducións de textos de Fernández del Riego ilustrados por eles mesmos.





Os cativos e cativas de 5º e 6º de primaria do CEIP da Espiñeira-Aldán animáronse a levar á escena a obra teatral *As cousas de don Paco*, a proposta biográfica de Eva Mejuto, con ilustracións de Lucía Cobo, para a Primavera das Letras 2023. Durante a semana das Letras Galegas o alumnado de todos os niveis foi ademais completando un álbum de cromos baseado nos perso-

naxes da obra nunha actividade concibida para animalo a empregar decote o galego. A elaboración dunha creación plástica con frases chegadas dende as aulas en defensa do idioma propio e mais a adaptación do tema “Terra” das Tanxugueiras, desta volta titulado “Fálame galego”, completan a programación especial.

A entrega de galardóns desenvolveuse o 16 de outubro, nun acto celebrado na sede da Fundación Luis Seoane, no que, ademais das intervencións de Víctor F. Freixanes, presidente da Academia, e Fina Casalderrey, académica responsable de Primavera das Letras, o protagonismo recaeu nos nenos e nenas dos tres centros educativos.



## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, O QUE NUNCA SE RENDEU



*Francisco Fernández del Riego, o que nunca se rendeu* é a serie documental producida pola Real Academia Galega e realizada por Miramemira co apoio económico da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia e Innovación, que repasa a biografía e o legado do protagonista do Día das Letras Galegas 2023. O guiño asínoa Belén Rivero e a dirección, Damián Varela.

A produción percorre en seis entregas a traxectoria vital de quen foi unha figura central da resistencia cultural do galeguismo despois da guerra civil, cofundador da editorial Galaxia, ponte entre o exilio interior e a diáspora en América, presidente da RAG e impulsor de moitas outras iniciativas que procuraron a recuperación da lingua e a identidade de Galicia en tempos escuros. A narración avanza coas lembranzas de persoas que coñeceron e estudaron a figura de Del Riego, e tamén coa vivencia de autoras e autores das novas xeracións.

Tamén participan na serie alumnos e alumnas do CEIP Juan Rey, a escola de infantil e primaria de Lourenzá; e mais o músico do Valadouro Nuno Pico, coñecido como Grande Amore, e o escritor Bernardo Penabade, encargados das voces en off.

A montaxe enriqueceuse con material dos arquivos audiovisuais da CRTVG, o CGAI, a Filmoteca Española, Ricardo Gurriarán e a USC, e fotografías e outra documentación da Fundación Penzol, a editorial Galaxia, a Fundación Otero Pedrayo, Manuel Román e Lume Aceso, entre outras entidades.



### 1. “As Luces primeiras”

Infancia e os primeiros anos da mocidade de Francisco Fernández del Riego.



### 2. “A pegada política”

O intenso compromiso galeguista dos anos universitarios en Compostela.



### 3. “Furando nas tebras”

Os tempos da guerra e os primeiros pasos da posguerra, nos que Del Riego se implicou de cheo na organización da resistencia cultural.



### 4. “Xermolar da semente”

O papel que desempeñou Del Riego como ponte co exilio en América e coas novas xeracións.



### 5. “O Día das Letras Galegas”

A creación e a evolución do Día das Letras Galegas.



### 6. “Sempre a pé de obra”

A obra de Del Riego como escritor, editor ou articulista.

## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO NA CULTURA GALEGA DO SÉCULO XX



Lourenzá acolleu do 4 ao 6 de setembro un encontro onde preto de vinte especialistas de distintas institucións percorreron a traxectoria, a obra e a achega de Del Riego como activista, intelectual, estudioso e escritor, nos seus sucesivos contextos históricos, e en relación cos fenómenos sociais e os proxectos políticos e culturais en que se implicou: a II República (movemento estudantil universitario e Partido Galeguista), a guerra civil, a ditadura franquista (resistencia política e cultural, editorial Galaxia, Fundación Penzol e revista *Grial*, relación coa diáspora galeguista) e a autonomía.

A Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lourenzá colaboraron na organización de *Francisco Fernández del Riego na cultura galega do século XX*, simposio que formou parte da oferta de cursos de verán da USC e que contou co apoio económico da Deputación de Lugo, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e a Xunta de Galicia. A dirección correu da man do académico Henrique Monteagudo.



O programa que se desenvolveu foi o seguinte:

4 DE SETEMBRO DE 2023

17:00 h Inauguración do curso

17:30 h Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega /  
/ Víctor F. Freixanes

18:30 h Unha traxectoria ao servizo Galicia / María Dolores Villanueva Gesteira

5 DE SETEMBRO DE 2023

9:30 h Francisco Fernández del Riego na II República: anos de formación política e intelectual / Justo Beramendi

11:00 h Da República á resistencia. Mesa redonda  
Modera: Henrique Monteagudo

Francisco Fernández del Riego, un galeguista republicano na guerra de España  
/ Lourenzo Fernández Prieto

Francisco Fernández del Riego na posguerra (década dos 40): a fanada reconstrución do Partido Galeguista na clandestinidade / Uxío Breogán Diéguez

Francisco Fernández del Riego e a xente de *Galicia Emigrante* /  
/ Pablo García Martínez

12:30 h Francisco Fernández del Riego e a diáspora galega en América /  
/ Ramón Villares Paz

16:30 h O epistolario entre Francisco Fernández del Riego e Luis Seoane: diálogo entre o exilio exterior e o exilio interior / Xesús Alonso Montero



18:00 h Francisco Fernández del Riego e Lourenzá / Manuel Román e Xosé López González. Percorrido didáctico

6 DE SETEMBRO DE 2023

10:00 h Epistolario, amizades e redes. Mesa redonda  
Modera: Ramón Nicolás

Francisco Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro e Ricardo Carballo Calero  
/ Dolores Vilavedra

Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo /  
/ Patricia Arias Chachero

Francisco Fernández del Riego, Manuel Rodrigues Lapa e a conexión portu-  
guesa / Henrique Monteagudo

12:00 h Memoria, ensaio, paisaxe. Mesa redonda  
Modera: Patricia Arias Chachero

A obra memorialística de Francisco Fernández del Riego / Ramón Nicolás  
De Trasalba a Lourenzá: a paisaxe na obra de Francisco Fernández del Riego /  
María López-Sández

Ceguei e loitei, mais tamén gocei / Camiño Noia Campos

16:30 h Francisco Fernández del Riego na editorial Galaxia, na Fundación Penzol  
e na revista *Grial* / Xosé Manuel Soutullo





17:30 h Francisco Fernández del Riego na xeración Galaxia. Mesa redonda  
Modera: Dolores Vilavedra

A hidra tricéfala de Galaxia: o equipo Francisco Fernández del Riego, Xaime  
Isla e Ramón Piñeiro / Xosé Luís Pastoriza

Francisco Fernández del Riego: a *Escolma da poesía galega (IV). Os contemporá-  
neos (1955)* / Álex Alonso Nogueira

Francisco Fernández del Riego, editor na resistencia ao franquismo / Xosé  
Manuel Dasilva

19:30 h Acto de clausura



As sesións puideron seguirse en directo dende *academia.gal* e a *canle de Youtube da Real Academia Galega*. A institución publicará os traballos presentados neste marco no número 384 do seu *Boletín*.

## REXISTROS NO VENTO. EPISTOLARIO DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E RAMÓN OTERO PEDRAYO

Francisco Fernández del Riego foi un intelectual prolífico que destacou ademais como home de concordia que exerceu, coma ninguén no seu tempo, de nexo do galeguismo no tempo e no espazo. Dese papel queda constancia de primeira man na inxente correspondencia que mantivo cos persoeiros máis sobranceiros da cultura galega, milleiros de follas de papel que constitúen unha crónica da resistencia galeguista da posguerra de valor incalculable. Algúns destes epistolarios ou parte deles, como os que foi tecendo cos seus amigos Álvaro Cunqueiro e Ricardo Carballo Calero ou Xosé Neira Vilas, foron xa editados, pero quedaba aínda pendente a publicación das cartas que intercambiou con outro grande da cultura galega, Ramón Otero Pedrayo, que viron por fin a luz pública nunha edición da RAG ao coidado da investigadora Patricia Arias Chachero, responsable da transcripción e anotación do case medio millar de cartas, 347 de Otero Pedrayo e 104 de Fernández del Riego, escritas entre 1934 e 1975.

Este epistolario constitúe, hoxe por hoxe, o epistolario oteriano máis relevante. Están presentes nel todas as virtudes do autor no xénero epistolar, agrandadas polas características do destinatario, Francisco Fernández del Riego, quizais o colega intelectual e o “irmán” con quen mellor se entendeu don Ramón despois do falecemento de Castelao, e quen arrinca da súa pluma palabras e confidencias que nunca ninguén suscitou. A creación da editorial Galaxia, a Real Academia Galega, a morte de Castelao, as xuntanzas festivas, a mata dos porcos (“os da vista baixa”), os proxectos literarios e outras confidencias biográficas inimaxinables son algúns dos grandes temas presentes neste epistolario.

Esta monografía pode consultarse en [academia.gal](http://academia.gal).



## NOVAS DAS LETRAS GALEGAS DE 2023

### Inauguración do Ano Francisco Fernández del Riego

Lourenzá, 7 de xaneiro de 2023



Lourenzá acolleu a apertura do Ano Francisco Fernández del Riego cadrando co que sería o 110 aniversario do seu veciño máis ilustre. A Mesa Coordinadora don Paco e o propio Concello foron os organizadores desta primeira homenaxe.

Víctor F. Freixanes participou no acto inaugural, que continuou coa inauguración da exposición *110 anos de Del Riego* e a presentación dun calendario

biográfico. A festa rematou no multiúsos Ponte de Cuñas cun concerto de música antiga de Grupo 1500 e coa actuación do grupo da Asociación Cultural Osorio Gutiérrez. *Máis información.*

### Presentación da programación da Academia para as Letras Galegas 2023

24 de xaneiro de 2023

O presidente da Real Academia Galega presentou a programación das Letras Galegas 2023 canda os membros da comisión executiva Henrique Monteagudo e Fina Casalderrey, nunha rolda de prensa celebrada na Fundación Luis Seoane. *Máis información.*

### A Fundación Penzol inaugura a súa primeira mostra sobre Francisco Fernández del Riego

20 de febreiro de 2023



A Casa Galega da Cultura de Vigo acolleu ata o 17 de decembro a primeira mostra da Fundación Penzol sobre Francisco Fernández del Riego. A exposición consta de paneis biográficos e mesas nas que se amosa unha parte importante da bibliografía do homenaxeado. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes,

interveu na apertura —á que tamén asistiu o académico numerario Xesús Alonso Montero— xunto ao presidente da Fundación Penzol, Manuel Puga; o seu actual director e comisario da mostra, Xosé Manuel Soutullo; a secretaria e biógrafa de Fernández del Riego, Malores Villanueva; o sobriño neto do intelectual Ramón Martínez e o alcalde de Vigo, Abel Caballero. *Máis información.*

## Presentación do Ano Francisco Fernández del Riego

24 de febreiro de 2023

O presidente da RAG participou no acto de presentación da programación das Letras Galegas de Francisco Fernández del Riego de distintas entidades, celebrado na Cidade da Cultura, xunto ao conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; a alcaldesa da localidade natal de Del Riego, Lourenzá, Rocío López, e representantes doutras entidades. *Máis información.*



## O colexio de Lourenzá recibe o premio do concurso de exposicións escolares das Letras Galegas

5 de maio de 2023

A comunidade educativa do CEIP Juan Rey de Lourenzá recibiu o premio do concurso convocado pola Xunta de Galicia que distingue a mellor proposta de exposición escolar das Letras Galegas 2023. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na entrega do galardón xunto ao secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, a alcaldesa, Rocío López, e alumnado e profesorado do colexio. *Máis información.*



## O Museo de Arte Sacra de Lourenzá, primeira parada da exposición *Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito*

11 de maio de 2023

O Museo de Arte Sacra de Lourenzá foi a primeira parada da exposición *Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito*, comisariada por Malores Villanueva e Malós Cabrera. Catorce paneis e mesas con material gráfico e documental do homenaxeado trazan un percorrido pola vida e a obra do intelectual impulsado pola Xunta de Galicia e producido pola editorial Galaxia coa colaboración da Real Academia Galega e da Fundación Penzol. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, participou na inauguración da exposición xunto ao secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o conselleiro de Galaxia e director da Fundación Penzol, Xosé Manuel Soutullo; e a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, entre outros representantes institucionais. *Máis información.*

## O IES Castelao dedícalle unha aula exterior a Fernández del Riego

14 de novembro de 2023



O alumnado do IES Castelao inaugurou o 3 de novembro unha aula exterior que leva o nome do homenaxeado nas Letras Galegas de 2023 nun acto que contou coa participación do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e do académico Xesús Alonso Montero. *Máis información.*

## O Museo do Pobo Galego acolle a exposición das Letras Galegas 2023

20 de novembro de 2023

Tras a súa estrea en Lourenzá e unha segunda parada no Museo do Mar de Vigo, a exposición *Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito* chegou ao Museo do Pobo Galego, onde puido verse ata despois das festas do Nadal. O académico Francisco Fernández Rei interveu no acto inaugural en representación da RAG. *Máis información.*

## 60 ANIVERSARIO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



O 20 do mes de marzo do ano 1963, os académicos Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego propoñen no plenario da Real Academia Galega a celebración dun día grande dedicado ao libro e á lingua galega, unha xornada festiva e reivindicativa a prol da cultura e a identidade de Galicia centrada sobre todo no prestixio do idioma. O libro era entón o principal símbolo dese prestixio. A data escollida, o 17 de maio, tiña unha significación especial: facíanse daquela cen anos da primeira edición de *Cantares gallegos*, título fundacional do noso Rexurdimento. A academia asumiu, por unanimidade, a iniciativa.

Seis décadas despois, a RAG bota a vista atrás e fai memoria da evolución da conmemoración, edición a edición, abrindo unha fiestra virtual que quere ser unha mostra cronolóxica do que consideramos o grande acontecemento cultural de Galicia.

A *mostra virtual*, composta fundamentalmente por documentos conservados na propia Academia, a Fundación Penzol e a editorial Galaxia, comeza co documento da proposta da creación do Día das Letras Galegas presentada ante a RAG polos tres académicos e dúas fotografías históricas daquela primeira edición: a da visita que, con motivo da conmemoración, lle fixeron os membros da Academia a Gala, filla de Rosalía, na súa casa da rúa de Santo Agostiño da Coruña, e mais a duns novísimos Salvador García-Bodaño, Carlos Casares, Arcadio López-Casanova e Xohana Torres no salón artesoadado de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, onde os catro poetas participaron no recital posterior á conferencia sobre a autora que impartiu Ricardo Carballo Calero.

As imaxes escolmadas dan conta de como a iniciativa prendeu con éxito e adoptou distintas formas de expresión por todo o país. E tamén na diáspora: unha delas inmortaliza a segunda edición das Letras Galegas, a dedicada a Castelao, na Casa de Galicia de Nova York, outra reproduce o programa do Centro Galego de Buenos Aires co gallo do 17 de maio de Francisco Añón (1966) e unha terceira reproduce a adhesión do alcalde da localidade portorriqueña de Mayagüez á celebración do Día das Letras Galegas en 1975, que xirou arredor de Xoán Manuel Pintos.

A mostra remata, polo momento, con outros dous exemplos da pegada das Letras Galegas na expresión plástica: os murais dedicados a Xela Arias e Florencio Delgado Gurriarán nas súas localidades natas, Sarria e Vilamartín de Valdeorras, co gallo das Letras Galegas de 2021 e 2022, respectivamente.



1976 Ramón Cabanillas. Sesión académica extraordinaria da RAG celebrada no salón nobre da Sociedade Cultural de Cambados. De esquerda a dereita, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, o alcalde de Cambados (Benito González Ambrós?) e Francisco Vales Villamarín. De pé, Xulio F. Ogando le a súa alocución. Á dereita del, Ramón Martínez López



1976 Ramón Cabanillas. Cartel conmemorativo deseñado por Virxilio Fernández Cañedo e editado por Galaxia



1977 Antón Villar Ponte. Feira do libro galego organizada pola Asociación de Libreiros na praza do Toural en Santiago de Compostela



1977 Antón Villar Ponte. Cartel conmemorativo deseñado por Siro López e editado pola Agrupación Cultural O Facho



1978 Antonio López Ferreiro. Festa popular no anfiteatro do parque de Santa Margarida da Coruña, organizada pola Comisión Cultural do 17 de maio, formada por estudantes dos centros coruñeses



1978 Antonio López Ferreiro. Feira do Libro Galego nos soportais da praza de María Pita (A Coruña)



1994 Luís Seoane. Inauguración do monumento aos emigrantes e aos exiliados no parque Luís Seoane, en Santa Cruz (Oleiros). No centro da imaxe pódense identificar a Isaac Díaz Pardo e a Francisco Fernández del Riego. O monumento é obra do escultor Escudero sobre un deseño de Luís Seoane



1994 Luís Seoane. Sesión plenaria extraordinaria da Real Academia Galega. Alocución de Francisco Fernández del Riego. Á esquerda del, Andrés Torres Queiruga e Xosé Filgueira Valverde. Á Dereita, o presidente da Academia, Domingo García-Sabell, e o presidente da Xunta de Galicia



1995 Rafael Dieste. Adhesivo do Equipo de normalización Lingüística do C. P. Castelao de Rianxo

# Seccións da Real Academia Galega







**Sección de Lingua**





A Sección de Lingua compóñena os seguintes seminarios:

Seminario de Gramática  
Seminario de Lexicografía  
Seminario de Onomástica  
Seminario de Sociolingüística  
Seminario de Terminoloxía

**Directora:** Rosario Álvarez Blanco

**Secretario:** Henrique Monteagudo Romero

**Membros:**

Marilar Aleixandre  
Xesús Alonso Montero  
Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
Víctor Fernández Freixanes  
Francisco Fernández Rei  
Xesús Ferro Ruibal  
Manuel González González  
Margarita Ledo Andión  
Ramón Lorenzo Vázquez  
Gonzalo Navaza Blanco  
Xosé Luís Regueira Fernández  
María Dolores Sánchez Palomino  
Antón Santamarina  
Andrés Torres Queiruga

**Reunións:**

11 de decembro de 2023



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXIII EDICIÓN DOS CURSOS DE VERÁN  
DE LINGUA E CULTURA GALEGAS



Niveis: elemental, medio e superior  
Santiago de Compostela, do 3 ao 24 xullo 2023

**Director:** Henrique Monteagudo  
**Secretaría académica:** María López-Sández  
**Secretaría técnica:** Liliana Martínez Calvo

Despois de tres anos de interrupción ocasionados pola pandemia da covid-19, en 2023 convocouse unha nova edición, a XXXIII, dos cursos Galego sen fronteiras.

A Real Academia Galega organiza estes cursos en colaboración co Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, co apoio económico da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, dende o ano 1988. Dende entón, polas súas aulas pasaron preto de 3 000 estudantes de múltiples nacionalidades co interese común de coñeceren o idioma e a cultura de noso.

O programa dos XXXIII cursos de verán de lingua e cultura galegas Galego sen fronteiras permitiu que o alumnado gozase dunha experiencia de inmersión lingüística e social en Galicia ao tempo que recibe clases e seminarios organizados por niveis. A oferta completouse con visitas e outras actividades que lles ofreceron ás persoas asistentes unha aproximación á realidade do país dende distintas perspectivas, dende a literaria, lingüística e musical á artística e paisaxística.



Na convocatoria, anunciada a finais do mes de febreiro, matriculáronse 42 persoas. O 3 de xullo de 2023 produciuse a recepción dos alumnos/as e realizouse a proba de nivel. No acto de inauguración da nova edición, celebrado no salón de actos da facultade de Filosofía da USC, participaron, canda o presidente da Academia, os académicos Henrique Monteagudo e María López-Sáñez, director e secretaria do curso; a vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, M.<sup>a</sup> del Pilar Murias Fernández; a directora do ILG, Elisa Fernández Rei; e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

Nesta trixésimo terceira edición participaron ata o 24 de xullo estudantes procedentes dos Estados Unidos, da Arxentina, do Reino Unido, do Brasil, da India, da China, Finlandia, Francia, Países Baixos, Italia, Ecuador, Cuba, Polonia, Alemaña, Rusia, Suíza, Austria, Chequia e México, así como doutras comunidades autónomas.

Do 4 ao 24 de xullo de 2023 desenvolvéronse as clases teóricas e prácticas, co seguinte profesorado:

Grupo	Clases teóricas	Clases prácticas
Elemental 1	Ana Fachal	Celia Fernández Vasco
Elemental 2	M <sup>a</sup> Esther Martínez	Xoán Carlos Goris
Medio	Vicente Feijoo Ares	Óscar Castro e Rocío Barreiro
Superior	Módulo xeral	Módulo literatura
	Ana Iglesias <i>Sociolingüística galega</i>	M <sup>a</sup> Xesús Nogueira <i>Poesía galega e xénero</i>
	María López-Sández <i>Historia da literatura</i>	Ana Garrido <i>Emigración e literatura da década de 1960 a actualidade. As viúvas de vivo na literatura galega e Literatura galega non mimética (distopías)</i>

## Conferencias

**6 de xullo.** Marilar Aleixandre: **Dialogando con Rosalía nun mudo coro: as malas mulleres**

A novela *As malas mulleres* segue a vida das presas no cárcere da Galera, na Coruña, entre 1863 e 1865, a través dunha rapaza, Sisca, personaxe de ficción baseado nunha traxedia ocorrida en 1953.



**11 de xullo.** Álvaro Gago: **Cultivar o tesouro da diferenza**

Breve repaso da historia do cinema galego, desde o seu nacemento ata a actualidade. Nunha segunda parte, abordarase diferentes cuestións do proceso de creación dunha obra cinematográfica.







**13 de xullo.** Malores Villanueva: **Un país, unha lingua, unha celebración. Sesenta anos do Día das Letras Galegas**

Somos un país que ten como día grande a festa da cultura en idioma propio e que, durante a ditadura franquista, soubo crear empresas e iniciativas para manter a cultura e a lingua galegas vivas.



**18 de xullo.** María Obelleiro: **Medios e lingua galega: por que non?**

O galego conta hoxe cunha presenza moi reducida na prensa escrita. Tan só un dos medios diarios en papel entre a decena de cabeceiras que se imprimen en Galicia está redactado en lingua galega. Analizamos os retos do galego nos medios de comunicación.



**20 de xullo.** Fina Casalderrey: **Letras con sabores e recendos**

En Galicia, literatura e gastronomía son como xemelgas univitelinas que ata sufriron xuntas o menosprezo e o silencio. Hoxe, dende as feridas, dáse unha eclosión de ambas, favorecida polo contexto socio-cultural.

## OUTRAS ACTIVIDADES

**4 de xullo.** Proxección do filme *Matria*, na sala Númax.

**10, 12 e 17 de xullo.** *Obradoiros de música galega*, a Central Folque10 de xullo, *Bailamos?*, a cargo de Mercedes Prieto no Centro Cívico do Romoño.



**12 de xullo.** *A regueifa, o brindo e o repente na Galiza: improvisación dita na tradición oral*, a cargo de Alba María Rodríguez.

A cantora e regueifeira expuxo as similitudes entre as regueifas e o rap e guiou os estudantes para crearen primeiro unha regueifa a ritmo de rap colectiva e continuaren despois con novas creacións por grupos.



**17 de xullo.** *Música en Compostela*, da man de Richard Rivera.

Viaxe no tempo a través das músicas que se escoitaron e se produciron en Compostela: o Códice Calixtino, a música medieval dos trobeiros e xogares, as campás da catedral, a música para órgano, a música de raíz, a música popular urbana... De paseo polas rúas da cidade para ver in situ os lugares senlleiros onde a música é a protagonista.



**19 de xullo.** Acto de confraternización, no parque de San Domingos de Bonaval.



O parque de Bonaval acolleu o tradicional encontro de confraternidade do alumnado. Na xuntanza servíronse petiscos e os estudantes interpretaron cancións galegas aprendidas nas clases e melodías populares dos seus respectivos países. Para rematar, Vikash Kumar Singh, co apoio de Antón Rey na lectura en galego, recitou un fragmento da súa tradución ao hindi de “Longa noite de pedra” de Celso Emilio Ferreiro.

**15 de xullo:** Excursión á Fisterra.

O alumnado cambiou as clases por unha excursión á Costa da Morte. Fisterra foi o destino final, pero houbo paradas en Noia, Muros e Carnota para coñecer algúns dos puntos de maior interese cultural destas localidades.



## CLAUSURA

Despois de tres semanas de inmersión na lingua e na cultura galegas, os XXXIII cursos Galego sen fronteiras clausuráronse nun emotivo acto na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela o 24 de xullo. O alumnado recibiu os diplomas de mans do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o reitor da USC, Antonio López; o director dos cursos, o académico Henrique Monteagudo; a directora do ILG, Elisa Fernández Rei; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; e a profesora Ana Fachal. Tamén tomaron a palabra para falaren da súa experiencia nos cursos e coa lingua galega Antón Rey, galego de Buenos Aires, e Claudia Iasparro, de Italia.



## NOVAS DE GALEGO SEN FRONTEIRAS

### **Os Premios da Cultura Galega 2023 recoñecen os cursos de verán Galego sen fronteiras**

16 de outubro de 2023

Os cursos de verán Galego sen fronteiras, organizados pola Real Academia Galega en colaboración co Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, foron recoñecidos na categoría de Proxección Exterior dos Premios da Cultura Galega 2023, de acordo coa decisión do xurado, reunido o 16 de outubro na Cidade da Cultura. O galardón salientou o traballo desenvolvido durante máis de tres décadas por un programa que facilitou a inmersión na lingua e na cultura galegas de máis de dúas mil persoas de todo o mundo. Moitas delas son hoxe profesoras e profesores en universidades de distintos países onde ensinan lingua e literatura galegas, realizaron achegas académicas importantes neste campo e traduciron obras das nosas letras a outros idiomas.

*Máis información*

# Seminario de Gramática





O Seminario de Gramática, creado no ano 2000, encárgase da elaboración de estudos gramaticais sobre a lingua galega.

**Coordinadora:** Rosario Álvarez Blanco

**Secretario:** Xosé Luís Regueira Fernández

**Membros:**

Ernesto González Seoane  
Xosé Xove Ferreiro  
María Álvarez de la Granja  
Francisco Cidrás Escáneo  
Francisco Dubert García  
Elisa Fernández Rei  
Xosé Fernández Salgado

**Reunións do Seminario de Gramática**

20 de decembro de 2023



## TRABALLOS DESENVOLVIDOS

Durante o ano 2023, a actividade do Seminario de Gramática foi continuadora en todos os aspectos da desenvolta en anos precedentes:

Continúa a revisión e depuración de ConVerSO, base de datos compartida entre o Seminario e o ILG, que serve de corpus complementario indispensable para a redacción da gramática institucional. Realiza estes traballos o académico correspondente Xosé Xove.

Seguiuse coa resposta a consultas lingüísticas no ámbito da gramática, polo xeral formuladas por particulares que as dirixen á institución. Son resoltas en rolda polos membros do Seminario, que debaten por correo electrónico e consensúan a resposta. O coordinador do Consultorio da RAG é o académico numerario Xosé Luís Regueira.

O Seminario acompaña os traballos de redacción da gramática académica, que, partindo dun convenio entre a RAG e a USC, progresan da man dun equipo do Instituto da Lingua Galega coordinado pola académica numeraria Rosario Álvarez.

# Seminario de Lexicografía





O Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega dedícase á elaboración de dicionarios e obras de consulta. Creouse en 1983 e comezou a súa andaina co primeiro dicionario monolingüe da RAG, publicado en 1990. Despois de varias revisións, a última versión do *Diccionario* da Academia conta con máis de 50 000 entradas e está dispoñible en [academia.gal](http://academia.gal). Así mesmo, realiza dicionarios bilingües e colabora en obras de especialidade como o *Diccionario de termos médicos*, o de *Tecnoloxías da información e comunicación*, o de *Alimentación e restauración* etc.

**Coordinador:** Manuel González González

**Secretaria:** M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

**Membros:**

Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
Francisco Fernández Rei  
Manuel González González  
Ramón Lorenzo Vázquez  
Antón Santamarina Fernández  
Andrés Torres Queiruga  
M.<sup>a</sup> Carme Pazos Balado

**Persoal adscrito:**

Ana Isabel Fachal Fraguela  
Celia Fernández Vasco  
María Liliana Martínez Calvo

## Reunións do Seminario

18 de xaneiro de 2023	19 de xullo de 2023
24 de febreiro de 2023	20 de setembro de 2023
22 de marzo de 2023	18 de outubro de 2023
26 de abril de 2023	15 de novembro de 2023
24 de maio de 2023	20 de decembro de 2023
21 de xuño de 2023	

## DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Continuouse co labor de revisión e actualización do DRAG. As correccións e engádegas aprobadas do dicionario vanse incorporando periodicamente á base de datos TLEX, da que se alimenta o dicionario en liña, razón pola que os cambios aprobados no Seminario poden tardar certo tempo en reflectirse na versión dixital. Durante este período estudáronse e/ou modificáronse preto de 500 palabras. Dende o 1 de xaneiro ata o 1 de decembro de 2023, o *Dicionario da Real Academia Galega* achegouse aos 17 millóns de consultas.

## DICIONARIO BILINGÜE CASTELÁN-GALEGO

Ao longo do ano 2023 o traballo concentrouse en:

1. Confrontar os exemplos do DRAGBIL co CLAVE entre *según* e *zutano*.
2. Confrontar os exemplos do DRAGBIL co DRAG entre *a* e *peso*.
3. Confrontar coas acepcións do DLE (entre *a* e *oxono*). Engadir as acepcións que faltaban ou refacer a entrada.
4. Corrixir erros ortotipográficos e engadir correccións.
5. Actualizar o dicionario cos acordos do Seminario dos anos 2021 e 2022.
6. Corrixir ortotipograficamente o DRAG.
7. Resolver consultas vinculadas ao DRAGbil.

## OUTROS LABORES

O persoal adscrito a este Seminario atende as consultas solicitadas sobre problemas lexicográficos, previo asesoramento dos distintos membros do Seminario. Este ano recibíronse máis de mil consultas tanto por correo electrónico, como a través das redes sociais ou o teléfono.

Ademais, o Seminario de Lexicografía colabora con outros departamentos da Academia mediante a revisión e corrección de diferentes textos.

## PORTAL DAS PALABRAS



Durante o ano 2023, a produción do *Portal das Palabras* organizouse ao redor dos bloques que se especifican a continuación.

### SETESTRELOS

Na sección *Setestrelas* preséntanse grupos de sete palabras que se relacionan entre si baixo un fío común. En moitos casos, o vínculo está motivado por algunha conmemoración. Durante o 2023 publicáronse 63 novas entradas.

### MIRA QUE DIN

Neste apartado dáse difusión ás palabras novas, as que se actualizan e tamén ás innovacións léxicas froito do momento. É unha ventá aberta á terminoloxía e á neoloxía, na que se lle dá prioridade a actualidade. En 2023 viron a luz 67 novos contidos.

## ALLOS CON BUGALLOS

A sección onde se dá noticia da historia das palabras, da dialectoloxía e da fra-seoloxía, de curiosidades sobre a linguaxe, da situación dos idiomas no mundo ou contidos interesantes sobre a lingua. No ano 2023 editáronse 50 contidos diversos. Durante o verán, elaborouse unha serie exclusiva dedicada a algún dos areais galegos.

## LETRAS GALEGAS 2023

Desde o Portal das Palabras fíxose unha programación especial centrada nas Letras Galegas, dedicadas en 2023 a Francisco Fernández del Riego. Elaboráronse contidos lexicográficos específicos que foron vendo a luz ao longo de todo o ano. Así, na sección *Setestrello* houbo unha entrada especial do 17 de maio; tres *Mira que din* e un *Allos con bugallos* foron accesibles a partir do mes de febreiro ata que rematou o simposio na honra do autor. Tamén se creou unha serie exclusiva de *Palabras do día* previa ao 17 de maio, e publicouse outra durante a semana na que

Francisco Fernández del Riego  
Letras Galegas 2023

f t

**Setestrello**  
Francisco Fernández del Riego  
Sete palabras e sesenta anos das Letras Galegas

**Mira que din**  
epistolario  
As misivas do reencontro

**Mira que din**  
faladoiro  
A palabra compartida

**Mira que din**  
Graal  
Grial, a Revista Galega de Cultura

**Allos con bugallos**  
TERRA DE FABAS  
Voces de aquí e acolá: faba, chicho e feixón  
Para fabas, as de Lourenzá

**Ligazón**  
2023  
Primavera das Letras 2023

**Apunta ben**  
Apunta ben  
Don Paco en portadas  
Tan só dez de tantas que ten

A ver se dás...  
O que define a Don Paco

se celebrou o simposio dedicado a Fernández del Riego. Ademais elaborouse un conxunto de xogos exclusivos sobre distintos aspectos da obra e vida do autor homenaxeado.

Outros contidos especiais que se elaboraron foron os dedicados ao Día das Escritoras, ou os referidos ás festividades tradicionais como magostos, Entroido ou romarías.

## XOGOS

A parte máis lúdica do Portal das Palabras. En 2023 incorporáronse 57 novas entradas nesta sección. A páxina actualizouse con material lexical e lúdico en días alternos coincidindo co período de actividade nos centros de ensino, e os luns e xoves de cada semana no período de vacacións. As modalidades de xogos son as seguintes:

*Verdadeiro ou falso* presenta unha frase na que destaca un termo, e hai que indicar se é certa ou falsa segundo o significado da palabra.

En *Só unha vale* preséntanse tres posibles vocábulos para unha definición.

*Canto sabes?* fai escoller os sinónimos ou as palabras relacionadas correctas.

En *Dimo con letras* logo de escoitar un termo, hai que saber escribilo.

*Apunta ben* preséntanos unha serie de imaxes ás que lles cómpre asociar un termo seleccionado dunha listaxe.

*A ver se dá...* achega unha palabra para a que se debe escoller a definición máis acaída.

*Opa!* é un xogo de emparellar tarxetas.

## PALABRA DO DÍA

A Palavra do día renovouse diariamente con series temáticas vinculadas a efemérides ou asuntos de actualidade, das que se ofrece unha definición, proposta etimolóxica, citas literarias e, nalgúns casos, imaxes propias. A primeira semana do ano dedicouse ás palabras relacionadas ca novidade (*ano novo, do trinquete, novel, primicias...*); houbo unha serie referida ás palabras relacionadas coas casas dos animais (*cubil, tobeira, raposeira, coelleira, toupeira, lobeira, gorida*); un conxunto delas dedicadas a Castelao (*intelectual, novelista, debuxante, caricaturista, galeguista, ensaísta, político*); e series de palabras para honrar o autor das Letras, nas que se traballaron palabras vinculadas coas obras de Fernández del Riego exemplificadas nos seus textos (*eido, senlleiro, palabra, militancia, pescuda, corredoira, desacougo, camiño, ideal, xeira, convoi, prelo, atranco, evocación*).



## LIGAZÓNS

Esta sección actualizouse achegando enlaces a diversos recursos de interese, ben no ámbito da lexicografía, a través de vocabularios, glosarios etc., ben de maneira máis aberta en relación coa lingüística e a linguaxe en xeral, con materiais elaborados en diversos centros de ensino públicos, recursos audiovisuais, noticias sobre a lingua, actividades etc.

## XIMNASIO LÉXICO



O 15 de xuño o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e a directora da Fundación Barrié, Carmen Arias, presentaron en rolda de prensa na sede da Fundación Barrié *Ximnasio léxico*, unha aplicación de xogos baseada no *Dicionario da Real Academia Galega* dispoñible para dispositivos móbiles de Android e iOS, coa que se pretende afianzar o léxico galego.

O circuío proposto consta de seis xogos. Tres deles, os chamados *Aparellos*, *Bule*, *Rube* e *Une*, constitúen o corazón da aplicación. O primeiro, *Bule*, ofrece a definición dunha palabra e tantos recadros como letras ten para ir completándoa co teclado. *Rube* consiste en adiviñar a palabra agochada, da que só se ofrece o número de letras, e *Une* funciona emparellando a palabra da columna esquerda co seu sinónimo, disposto á dereita entre outros vocábulos.

Os outros tres, as *Vitaminas*, emerxen cando a persoa xogadora acada un determinado número de puntos en cada nivel. Na primeira débese atopar, agochada entre outras letras, a palabra que completa o título dunha obra das letras galegas. A segunda esixe completar uns versos ou un dito popular coa voz que falta e a terceira propón acertar, entre un grupo de lemas, cal é o vocábulo que non pertence a un determinado grupo semántico.

## OLIMPIADA DAS LETRAS

Co gallo da planificación da celebración do décimo aniversario do Portal das Palabras realizouse unha serie de reunións entre o presidente, o coordinador científico e o persoal técnico do Seminario de Lexicografía. Estas reunións tiveron lugar na Biblioteca de Galicia os días: 1 de marzo, 17 de abril, 24 de abril, 9 de maio e 29 de maio, e nelas deseñouse e fíxose un seguimento do desenvolvemento dos xogos que integran a aplicación *Ximnasio léxico* para dispositivos móbiles.

## A PALABRA DO ANO 2023



A campaña da Palabra do Ano procura identificar voces que incidan dalgunha maneira en cuestións especialmente destacadas na conversa pública dos últimos doce meses, que sinteticen como se viviron comunitariamente ou que estean relacionadas con algún fenómeno ou nova preocupación, en ocasións a través de neoloxismos e noutras a través de voces presentes na lingua dende hai moito tempo. A Palabra do Ano pode sinalar tamén arelas compartidas e permite despedir simbolicamente o ano recibindo o que está a piques de comezar con novos azos. A Real Academia Galega e a Fundación Barrié promoven esta campaña dende 2014 a través do Portal das Palabras.

O proceso de escolla consta de tres fases. A primeira, centrada na proposta de voces; na segunda sometéronse á votación telemática os termos máis significativos e repetidos na primeira fase. *Biodiversidade*, *cibercarracho, -a*, *cooficialidade*, *dereitos humanos*, *educación emocional* e *feitíño, -a* foron as seis voces que optaron a se converter na Palabra do Ano 2023. Na terceira fase deuse a coñecer o termo que acumulou máis do 40 por cento dos votos rexistrados no Portal das Palabras. *Cibercarracho, -a* foi a voz elixida Palabra do Ano 2023, neoloxismo de rexistro coloquial que tira do humor para gañar eficacia, e que designa a persoa que comete un acto delituoso por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.

A segunda voz máis apoiada foi *feitíño, -a*, con algo máis do 30% dos votos, seguida de *biodiversidade*, *dereitos humanos*, *educación emocional* e *cooficialidade*.

*Máis información*

## NOVAS DO SEMINARIO DE LEXICOGRAFÍA

### *Comadre* incorpórase ao paseo das Palabras do Ano de Lugo 3 de maio de 2023



*Comadre*, a Palabra do Ano 2022 segundo a votación popular promovida polo Portal das Palabras da Real Academia Galega e a Fundación Barrié, loce no pavimento da rúa Menorca de Lugo. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o director do *Dicionario* da Academia, Manuel González, acompañaron o tenente de alcalde de Lugo, Rubén Arroso, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, na visita ao paseo das Palabras do Ano. *Máis información.*

# Seminario de Onomástica





O Seminario de Onomástica, creado en 2001, encárgase da recompilación de datos do ámbito da onomástica, da súa investigación e da elaboración de informes sobre toponimia e antroponimia.

**Coordinador:** Antón Santamarina

**Secretaria:** Luz Méndez

**Membros:**

Ana Isabel Boullón Agrelo  
Xesús Ferro Ruibal  
Xosé María Lema Suárez  
Ramón Lorenzo Vázquez  
Gonzalo Navaza Blanco  
Xosé Antón Palacio Sánchez

**Persoal adscrito:**


Óscar Castro Castedo  
Vicente Feijoo Ares  
Iván Méndez López

**Reunións do Seminario:**

10 de febreiro de 2023  
1 de marzo de 2023  
22 de marzo de 2023  
12 de abril de 2023  
3 de maio de 2023  
31 de maio de 2023  
14 de xuño de 2023

27 de xuño de 2023  
26 de xullo de 2023  
13 de setembro de 2023  
11 de outubro de 2023  
8 de novembro de 2023  
29 de novembro de 2023  
19 de decembro de 2023

## GALICIA NOMEADA



O Seminario de Onomástica da RAG é o responsable da administración e xestión de *Galicia Nomeada*, a plataforma colaborativa para a recolleita da microtoponimia galega e de toda a tradición oral vencellada a ela.

A finais de 2023 *Galicia Nomeada* contaba con 3 394 usuarios/as rexistrados/as, que só neste ano achegaron 17 980 novos topónimos, que fan un total de 65 815 dende que a plataforma botou a andar. En 2023 validáronse un total de 22 252 microtopónimos.

En 2021 incorporáronse á base de datos de *Galicia Nomeada* 160 000 microtopónimos procedentes do *Proxecto Toponimia de Galicia (2000-2011)* que foron xeorreferenciados polo Instituto de Estudos do Territorio (IET). En 2023 revisáronse e corrixíronse un total de 16 298 microtopónimos procedentes do PTG que pertencen aos concellos que figuran na seguinte táboa:

Provincia	Concellos	Núm. de topónimos revisados e corrixidos
A Coruña	Coristanco	4957
Lugo	Muras	5690
Ourense	Vilardevós	1803
Pontevedra	Cerdedo	3848
<b>Total</b>		<b>16298</b>

Tamén este ano 2023, impartíronse charlas en varios colexios e institutos de Galicia para explicarlles a alumnado e profesorado as funcionalidades da aplicación Galicia Nomeada; como facer as enquisas de campo; como escoller os informantes; como aproveitar esta información cultural como recurso didáctico e normalizador da nosa lingua do mundo do ensino... Os centros visitados foron o IES San Paio (Tui), o IES de Cacheiras (Teo), o CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro e o Colexio Sagrado Corazón (O Carballiño), o IES Lagoa de Antela e o IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia), e o IES do Barral (Pontearreas).

## TOPONIMIA DE GALICIA

A tipoloxía de labores toponímicos que se elaboraron neste ano 2023 desde o Seminario de Onomástica da RAG para o mantemento e continua actualización do portal *Toponimia de Galicia* é a que se detalla a continuación.

- Actualización do mapa interactivo de Galicia onde se consulta e descarga a toponimia recolleita en cada concello. Neste momento están dispoñibles 557373 topónimos no seu visor xeográfico.
- Actualización da estrutura e da visualización dos contidos do portal *Toponimia de Galicia*. No ano 2023 levouse a cabo unha renovación de diversos aspectos do portal tanto no relacionado coa disposición da propia web, coma nos contidos que nela se inclúen.
- Redacción de cinco novos contidos para a sección *Sabías que...*, repartidos nos subapartados Curiosidades, Toponimia e cantigueiro, Etimoloxías populares e Toponimia e fraseoloxía:

<i>Portugalete</i>	<i>A Agrela</i>
<i>Corme</i>	<i>Boca da Ría</i>
<i>Cerdedelo</i>	

- Creación de dous novos contidos para a sección *Experiencias de recollida*, onde se fala das actividades levadas a cabo coa microtoponimia e con Galicia Nomeada en centros de ensino, asociacións ou por particulares:

*O proxecto “A memoria das aldeas” do Concello de Allariz colabora con Galicia Nomeada*

*O CPI de Folgoso do Courel recupera os nomes do territorio arrasado polas lapas*



- Creación de 34 novos contidos na sección chamada *Novas*, especialmente sobre o desenvolvemento da campaña Toponímizate 2023; sobre o desenvolvemento da VI *Xornada da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos* que tivo lugar en setembro de 2023 na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela etc. Na inmensa maioría destas novas, ademais de texto, hai fotos, ligazóns aos vídeos subidos á *canle de Youtube de Toponimia de Galicia* e ligazóns a novas publicadas en distintos xornais galegos.
- Redacción de contidos para a sección *Detrás do nome*. A continuación enumeramos os novos contidos que se fixeron ao longo do ano 2023, repartidos nos subapartados nomes de concello, nomes de parroquia, nomes de lugar, nomes de espazos.

*Voces e ollos: dúas denominacións toponímicas para os mananciais*

*Tres topónimos de Guntín que non son o que aparentan*

*Os nomes da nosa terra: Santiago de Compostela*

*Os nomes da nosa terra: Veigas de Camba*

*Os nomes da nosa terra: Penarrubia*

*Habería moitos lobos en Lobás?*







*A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego I*

*A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego II*

*A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego III*

*A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego IV*

TOPONIMIA - GALICIA NOMEADA -
DETRÁS DO NOME -
NOVAS
TOPONIMIZATE

	<p><b>Comparten Cortegada e Cortizada a mesma orixe?</b></p> <p>Cortegada e Cortizada son dous lugares de Vila de Cruces que semellan manter máis relación...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>		<p><b>Non hai mil regos en Regosmil</b></p> <p>Galicia foi definida como o país dos mil ríos, frase afortunada atribuída a Álvaro Cunqueiro e moi...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>
	<p><b>A Cafúa: o topónimo que une Frial con sudamérica</b></p> <p>A freguesía friolesa de Bra acolle no seu interior un pequeno tesouro onomástico que o proceso de...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>		<p><b>A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego IV: O río...</b></p> <p>Se hai un libro fundamental na obra de Don Paco este é O río do tempo. Unha historia vivida. Nel...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>
	<p><b>A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del...</b></p> <p>"Francisco Fernández del Riego, o que nunca se rendeu" e unha serie documental para coñecermos a...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>		<p><b>A paisaxe toponímica de Francisco Fernández del Riego II: Pumar de...</b></p> <p>Don Paco foi un traballador incansable ata os últimos anos da súa vida. Nas décadas dos anos...</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold;">INFO +</p>

*A Cafía, un topónimo que une Friol con Sudamérica*  
*Non hai mil regos en Regosmil*  
*Comparten Cortizada e Cortegada a mesma orixe?*  
*A controvertida orixe do topónimo Remuíños*  
*É Escornabois un fitotopónimo ou un litotopónimo?*  
*Matanza: un topónimo enigmático de Padrón*  
*Habería Bátoros en Bacurín?*  
*Porvenza e Valdolide, dous topónimos da Pobra do Brollón que semellan doutras latitudes*  
*Cal é a orixe do curioso topónimo begontés Fonte Filloa?*  
*Ézaro: un nome único para un lugar único*  
*Vilardecás, un topónimo supervivente*  
*A orixe dun topónimo curioso de Ponte Caldelas: Castro Barbudo*  
*Trasancos, un orotopónimo ou un hidrónimo?*

- Na sección chamada *O Seminario de Onomástica responde* membros e técnicos do Seminario de Onomástica explican a orixe de nomes de concellos, parroquias, lugares ou espazos repartidos polas catro provincias galegas. En 2023 publicáronse nove novas entregas.

*Palas de Rei*, por Antón Santamarina  
*Cereixo*, por Xosé María Lema  
*O Orzán*, por Iván Méndez  
*Vilariño de Conso*, por Vicente Feijoo  
*Agolada*, por Luz Méndez  
*Moeche*, por Ana Boullón  
*Balaídos*, por Gonzalo Navaza  
*Chamoso*, por Óscar Castro  
*Eiré*, por Antón Palacio

## NOMENCLÁTOR DE GALICIA (NG)

O equipo técnico do Seminario continuou a facer informes dos topónimos recollidos no *Nomenclátor de Galicia* sobre os que chegan reclamacións. En total, fixéronse neste ano máis de 300 informes. 55 deles foron analizados polo comité científico do Seminario de Onomástica da RAG, dos que 54 foran obxecto dalgunha reclamación de tipo lingüístico; e un topónimo foi proposto para estudo por algún problema de carácter xeográfico-administrativo. En 35 casos cambiouse o ditame respecto do NG 2003.

## XENTILICIOS GALEGOS

Durante o ano 2023, no Seminario de Onomástica traballouse na elaboración dunha listaxe de xentilicios para os nomes dos concellos galegos, así como para as comarcas actuais e históricas. Este traballo xurdiu da necesidade dunhas formas sancionadas pola RAG ante as múltiples variedades de termos existentes nos distintos manuais que conteñen información sobre este asunto e ante as múltiples formas usadas polos xornalistas, algunhas delas totalmente incorrectas. Para a inmensa maioría dos casos propúxose unha única forma do xentilicio, pero nalgún caso puntual quedaron dúas.

## INFORMES ONOMÁSTICOS

En 2023 o Seminario de Onomástica redactou 25 informes para darlle unha resposta científica ás consultas recibidas desde a cidadanía, da Administración pública ou outros organismos, respecto das formas oficiais dos topónimos ou o seu significado, ademais dos informes para a galeguización de nomes e apelidos nos xulgados.

Informes sobre a galeguización de apelidos:

- Magaláns* (10 de febreiro de 2023)
- Louxedo* (1 de marzo de 2023)
- Vesada* (31 de maio de 2023)
- Méixome* (13 de setembro de 2023)
- Dacal / da Cal* (11 de outubro de 2023)
- Davila* (11 de outubro de 2023)
- Malvárez* (11 de outubro de 2023)
- Carreteiro e Castiñeira* (11 de outubro de 2023)

Informes sobre a galeguización de nomes de pía:

- Miriam* (1 de marzo de 2023)
- Taiúme* (13 de setembro de 2023)
- Agostiño* (11 de outubro de 2023)
- Beba* (11 de outubro de 2023)
- Miguel Anxo* (11 de outubro de 2023)
- Serxio Xosé* (29 de novembro de 2023)
- Xosé María* (29 de novembro de 2023)

Informes sobre topónimos:

*Saiar* (Caldas de Reis) (1 de marzo de 2023)

*Rozavales* (12 de abril de 2023)

\**A Arbosa* (Pontedeume) (3 de maio de 2023)

\**A Arousa* (3 de maio de 2023)

*A Casa da Basela / Vasela* e *a Casa da Bica / Vica* (26 de xullo de 2023)

*Candamil* e *Chaudamil* (13 de setembro de 2023)

*Os Rosales* (barrio da Coruña) (2023)

Outros informes onomásticos:

Informe sobre a forma correcta de escribir os nomes dos faraóns do antigo Exipto en galego, en concreto dos que lles dan nome ás grandes pirámides: *Keops*, *Kefrén* e *Micerinos* ou *Queops*, *Quefrén*, *Miquerinos*.

Informe sobre o xentilicio *astanense* para a cidade chamada *Астана* (*Astana*) de Casaquistán.

Informe sobre o xentilicio dos habitantes do concello de Antas de Ulla.

## GUÍA DOS NOMES GALEGOS

En 2022 publicouse na web da Academia a *Guía de nomes galegos*, unha ferramenta de consulta que contén as formas estándares de máis de 1 500 nomes galegos que forman parte da nosa tradición antroponímica desde a Idade Media. Ao longo do ano 2023 recibíronse, a través do apartado “Axúdanos a mellorar” desta ferramenta dixital, varias suxestións propondo melloras ou comunicando erros tipográficos.

Dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 1 de decembro, a *Guía dos nomes galegos* recibiu máis de 300 000 consultas.

## OUTROS TRABALLOS

Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio (IET) na xeorreferenciación da toponimia maior do novo Nomenclátor e na da microtoponimia do PTG para implementala na base de datos de Galicia Nomeada

Informes para o Instituto Geográfico Nacional (IGN) e para a Comisión Especializada de Nombres Geográficos (CENG) do Ministerio de Fomento. Neste caso, resolveuse a consulta do IGN sobre o topónimo *O Outeiro dos Soldados*, situado na parroquia de Xeve, no concello de Pontevedra.

Revisión da parte correspondente ao idioma galego da publicación *Directrices toponímicas de uso internacional para editores de mapas y otras publicaciones*.

## TOPONIMÍZATE 2023



En 2023 levouse a cabo a 6ª edición do programa *Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra*. Este programa ten dous obxectivos principais: divulgar a riqueza toponímica de Galicia, que fai do país un lugar único no mundo pola insólita abundancia de nomes tradicionais que nomean case palmo a palmo o territorio; e involucrar a poboación de todas as idades e de todos os concellos galegos na recollida e xeolocalización dos microtopónimos aínda non rexistrados empregando a aplicación Galicia Nomeada.



O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, presentaron o 9 de outubro na Fundación Luis Seoane a xeira 2023 acompañados polo coordinador técnico de Galicia Nomeada, o filólogo da Real Academia Galega Vicente Feijoo, quen será o encargo das accións formativas. Este ano, o mapa de concellos toponimizados chegou xa a máis de oitenta.

Os concellos nos que se desenvolveu a campaña foron os seguintes:

**Friol**, 11 de outubro de 2023, Centro sociocultural de Friol  
**Becerreá**, 19 de outubro de 2023, IES Becerreá  
**Vila de Cruces**, 20 de outubro de 2023, Auditorio municipal Xosé Casal  
**Tui**, 26 de outubro de 2023, Centro cultural de Randufe  
**Trasmiras**, 27 de outubro de 2023, Casa da Cultura  
**Padrón**, 2 de novembro de 2023, Casa dos Capeláns de Iria  
**Amoeiro**, 9 de novembro de 2023, Casa da Cultura  
**A Pobra do Brollón**, 10 de novembro de 2023, Casa da Cultura  
**Dumbría**, 17 de novembro de 2023, Centro social de Dumbría  
**Begonte**, 17 de novembro de 2023, Casa da Cultura  
**Maceda**, 21 de novembro de 2023, IES San Mamede de Maceda  
**Ponte Caldelas**, 24 de novembro de 2023, Centro cultural de Ponte Caldelas  
**Narón**, 1 de decembro de 2023, Centro cívico social do Alto do Castiñeiro

Nas charlas, incidíuse na riqueza toponímica que posúe todo o territorio galego e deuse conta do significado dos nomes de parroquias e aldeas de cada concello. Canto ao funcionamento de Galicia Nomeada, o público aprendeu tanto a incorporar os toponimos e as respectivas localizacións como a rexistrar a súa pronuncia ou as lendas e outras manifestacións da tradición oral vinculados a eses lugares. Por último, explicáronse tamén as utilidades prácticas desta información, unha vez xeorreferenciada e validada polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, para a Administración, o mundo da investigación e a sociedade en xeral.



## VIII XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: A ONOMÁSTICA E A CULTURA POPULAR



A VIII Xornada de Onomástica Galega explorou o 21 de outubro, dende o edificio Castelao do Museo de Pontevedra, o papel dos nomes propios e a súa riqueza na cultura popular. O encontro anual que organiza o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, coa colaboración da Deputación de Pontevedra e do Museo de Pontevedra, e coordinan as académicas Ana Boullón e Luz Méndez, prestoulle nesta ocasión atención especial á presenza da toponimia e a antroponimia no cancionero, aínda que tamén se tiveron en conta outros xéneros.

Na inauguración interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o vicepresidente segundo da Deputación de Pontevedra, Rafael Domínguez; a directora do Museo de Pontevedra, M.<sup>ª</sup> Ángeles Tilve; e a académica correspondente Luz Méndez. O programa desenvolveuse da seguinte forma:

### *Sesión de mañá*

10:00 h Inauguración

10:30 h Os topónimos no cancionero galego dos séculos XVIII e XIX /  
/ Domingo Blanco

11:00 h Nomes de persoa no cancionero / Xosé Miranda Ruíz

11:30 h Os santos no cancionero popular / Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

12:00 Debate

13:00 h A onomástica no conto galego de tradición oral / Antonio Reigosa Carreiras (Galicia Encantada)

13:30 h Entre seres e estares: a onomástica e a antropoloxía en Galicia / Elena Freire Paz (Universidade de Santiago de Compostela)

14:00 h Debate



Domingo Blanco centrouse na presenza dos nomes de lugar nas coplas populares, nomeadamente a que se rexistra a partir do s. XVIII. A escolla dun topónimo na literatura de tradición oral garda unha estreita relación co público presente e as súas expectativas, por unha banda, e co interese do cantador ou a cantadora polo que hai nese lugar, a valoración que lle merece ou o que acontece nel.

Xosé Miranda abordou o significado connotativo do nome *María* e os seus hipocóristicos nas coplas. A escolla non é casual, xa que en case o 50 % das coplas con nome de muller aparece o de *María* ou os seus hipocóristicos. Como acontece nos relatos, no cancionero *María* deixa de ser só un nome de muller para se converter na práctica nun sinónimo de muller.

Antonio Reigosa, promotor da enciclopedia virtual Galicia Encantada, explicou que a maioría dos personaxes que interactúan nos contos galegos de tradición oral non teñen, por regra xeral, un nome persoal propio nin as accións suceden nun lugar preciso con nome de seu, senon que adoitan ser estereotipos que representan patróns culturais, modelos sociais que se identifican con roles ou funcións que forman parte dunha convención non escrita de símbolos.

A antropológa Elena Freire pechou a sesión da mañá cunha achega sobre a denominación da casa no mundo labrego, que nomea todos os membros da familia que a habitan. Os nomes da casa funcionan como santo e sinal para todos os integrantes desa categoría na que se funden os dous tipos de condicións sociais previas: as relacións de parentesco e as relacións de produción.



### Sesión de tarde

17:00 h Intervención didáctica “Veño de moi longas terras”: romances e onomástica no contexto educativo / Alba María Rodríguez Díaz

17:30 h Debate

18:00 h Actuación musical: Tralo-Valo / De nomes e lugares

Carme da Pontraga: voz e percusións

Ariel Ninas: zanfona e voz

19.00 h Clausura



Para a sesión de tarde estaba previsto a intervención do profesor da Universidade de Santiago de Compostela Carlos Balañas Pérez, mais tivo que ser cancelada por unha indisposición de última hora. Polo tanto, abriu esta parte do programa a cantora, improvisadora oral e docente de secundaria Alba María Rodríguez, coñecida como Alba María. A súa proposta centrouse na celebración de obradoiros de creación de romances vinculados á toponimia ao abeiro das accións do colectivo de improvisación e poesía oral Erre que Erre.

A xornada rematou coa actuación musical de Tralo-Valo, con Carme da Pontraga na voz e na percusión e Ariel Ninas na zanfona. Na *última peza* sumouse tamén coa zanfona o coordinador do Seminario de Onomástica da RAG, o académico de número Antón Santamarina.

As contribucións presentadas nesta xornada poden lerse na publicación *Estudos de Onomástica Galega VIII. A onomástica e a cultura popular*, dispoñible na web institucional.

## VI XORNADA DA COMISIÓN ESPECIALIZADA EN NOMES XEOGRÁFICOS



A Cidade da Cultura acolleu o 21 de setembro a *VI Xornada da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos*, organismo do Instituto Xeográfico Nacional no que participa a Real Academia Galega xunto a outras institucións. O encontro reuniu por primeira vez en Galicia algúns dos maiores expertos en toponimia e cartografía de España. A Real Academia Galega e a Xunta de Galicia colaboraron na organización da cita, que se centrou na estreita relación existente entre os nomes xeográficos e mundo dixital. A Comisión Especializada de Nomes Xeográficos está integrada no Consello Superior Xeográfico e ten como misión impulsar a normalización dos nomes xeográficos no

Estado, en coordinación cos diferentes organismos competentes do Estado e das comunidades autónomas.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, participou na inauguración da xornada xunto á presidenta da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos, María Pardo; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; e a presidenta da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos do Consello Superior Xeográfico, Mónica Groba.

O *programa* da xornada foi o seguinte:

### Xornada de mañá

9:30 h Presentación da Xornada.

10:00 h El nuevo visor del Nomenclátor Geográfico Nacional / Angélica Castaño Suárez. Instituto Geográfico Nacional.

10:30 h Galicia Nomeada: toponimia colaborativa / Vicente Feijoo Ares. Real Academia Galega

11:00 h Conexión entre Nomenclátor y cartografía oficial. Retos en el tránsito de nombre a rótulo / Oihana Mitxelena. Diputación Foral de Gipuzkoa.



- 12:00 h Elaboración de la segunda edición de las Directrices toponímicas de uso internacional para editores de mapas, cartas náuticas y otras publicaciones / Maite Mollà Villaplana. Acadèmia Valenciana de la Llengua.
- 12:30 h Innovaciones en el Nomenclátor del INE / M.<sup>a</sup> Natalia Fojo Diaz. Instituto Nacional de Estadística.
- 13:00 h La toponimia en mapas antiguos como herramienta para trazar su linaje: la transmisión del topónimo Elcano en la cartografía de los siglos XVI-XVII / Marcos F. Pavo López. Instituto Geográfico Nacional.

### **Xornada de tarde**

- 16:00 h Proceso de normalización de la toponimia geográfica en el Principado de Asturias / Juncal Mónica García Velasco. Principado de Asturias.
- 16:30 h Últimos avances en el Nomenclátor Xeográfico de Andalucía / M.<sup>a</sup> Teresa Garrido Borrego. Instituto de Estadística y Cartografía de Andalucía.
- 17:00 h El nomenclátor xeográfico de las Illes Balears y el visor de gestión, actualización y consulta / Eulàlia Fons Carbonell. Institut Cartogràfic i Geogràfic de les Illes Balears.
- 17:30 Clausura


## COLECCIÓN TERRA NOMEADA

Con esta colección, a Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica pretenden recompilar e estudar os nomes de lugar habitados e algúns dos principais accidentes xeográficos dos concellos de Galicia, dun xeito divulgativo e ameno. En 2023 incorporáronse dous novos títulos ao catálogo desta colección.

*Toponimia de Antas de Ulla*, de Andrea Santiso Arias, percorre as 28 parroquias deste municipio lugués e os seus 133 lugares afondando na súa orixe e significado. Son en total 163 topónimos, aos que engadiu outros tres da toponimia menor, O Campo das Antas, O Rego do Santo e o monte Farelo.



*Toponimia de Muros*, de Alfonso Blanco Quintela, fonda na orixe e no significado de máis dun cento de topónimos, todos os referidos a parroquias, lugares e o propio nome deste concello das Rías Baixas, así como outros sete pertencentes á toponimia menor, entre eles O Ingüeiro, que designa a corrente de auga temporal provocada polo rebordamento da lagoa de Louro.





# **Seminario de Sociolingüística**





O Seminario de Sociolingüística, creado en 1990, desenvolve estudos que abranguen múltiples temas, como a elaboración de enquisas macro-sociolingüísticas, a análise de actitudes lingüísticas ou a medición das competencias lingüísticas.

**Coordinador:** Henrique Monteagudo.

**Membros:**

Marilar Aleixandre  
Xesús Alonso Montero  
Víctor Fernández Freixanes  
Margarita Ledo Andión  
María López-Sández  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Xosé-Henrique Costas  
Alba Nogueira López  
Fernando Ramallo Fernández  
Modesto A. Rodríguez Neira  
Goretti Sanmartín Rei  
Héctor Silveiro

**Persoal adscrito:**

Xaquín Loredó Gutiérrez  
Gabino S. Vázquez Grandío



## GRUPO DE TRABALLO EDUCACIÓN E LINGUA GALEGA

Este grupo de traballo constituíuse o 26 de xaneiro de 2023, e confórmano os seguintes membros:

Henrique Monteagudo (coordinador do Seminario de Sociolingüística)  
María López-Sáñez  
Beito Silva Valdivia  
Xaquín Gutiérrez Loredo  
Gabino Vázquez-Grandío  
Valentina Formoso  
Ana Iglesias  
Pilar Ponte  
Martín Vázquez

O grupo de traballo Educación e lingua galega reuníuse o 25 de setembro de 2023.

## LINGUA E SOCIEDADE EN GALICIA – LINGUA E XÉNERO

O obxectivo do proxecto *Lingua e sociedade en Galicia* é analizar en profundidade os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias de 2018* (IGE, 2018), con especial atención ao módulo de *Coñecemento e uso do galego*, para explicitar as diferenzas e desigualdades nos usos e valoracións da lingua que se artellan sobre diferentes variables socioculturais.



Un dos primeiros produtos desa análise foi a publicación *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión* de María López-Sáñez, Xaquín Loredo e Gabino Vázquez-Grandío, na que se estuda a influencia do xénero no uso e na transmisión do galego.

O traballo enmárcase nunha liña de crecente interese internacional, que está á súa vez estreitamente relacionada co concepto da interseccionalidade, referido á interacción entre os factores sociais que definen a identidade dunha persoa ou dun colectivo. Nesta confluencia de variables podería estar a resposta ao feito —entre outros comportamentos lingüísticos— de que a porcentaxe de mulleres monolingües en castelán sexa sensiblemente superior á de homes, un 26 % fronte a un 22,3 % de homes que non falan habitualmente o galego.

*Máis información*

## O GALEGO SEGUNDO A MOCIDADE 20 ANOS DESPOIS

En 2003 o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega publicaba o volume *O galego segundo a mocidade. Unha aproximación ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*, que recollía os resultados da investigación realizada a principios de século para proporcionar un diagnóstico da situación da lingua galega que servise de base á futura planificación lingüística, e que se centraba na mocidade como grupo social, posto que nela estaban depositadas as expectativas futuras de cambio social e porque ofrecía a maior disonancia entre competencia lingüística e usos, e tamén entre actitudes lingüísticas e usos.

Vinte anos despois, o número de galegofalantes e a súa presenza social foi descendendo de maneira gradual especialmente naqueles ámbitos máis dinámicos economicamente. O proceso de substitución do galego polo castelán é especialmente visible nas cohortes de idade máis novas e que forman parte das últimas xeracións.

O estudo actual replica a mesma investigación, para o que se acudiu a diversas fontes documentais e a fontes de datos primarias e secundarias recollidas pola propia institución. Estes datos permitiron aos autores deste traballo:

- Describir os principais datos sociais e xeográficos da mocidade galega xunto coa súa evolución ao longo destes últimos 20 anos.
- Retratar as características demolingüísticas fundamentais das xeracións milenial e centenal galegas. Tamén analizar a influencia dalgúns datos sociodemográficos sobre as principais variables sociolingüísticas.
- Analizar as principais características das redes de relación máis próximas da mocidade centenal.
- Presentar as principais características das actitudes explícitas cara á lingua galega da mocidade e estudar a evolución temporal das actitudes lingüísticas declaradas dos mozos e mozas galegos. A análise temporal das actitudes cara á lingua galega centrouse na xeración milenial e centenal.
- Medir indirectamente as actitudes lingüísticas implícitas da mocidade centenal galega utilizando a técnica *matched-guise* (MG).
- Explorar os discursos da mocidade galega que sustentan os procesos actitudinais observando como se reconstrúe o sistema de representacións sociais sobre a lingua no seu comportamento lingüístico individual.

O obxectivo é presentar unha visión da mocidade pertencente a xeración Z (nados entre 1994 e 2010) centrada na discrepancia existente entre os usos e actitudes lingüísticas cara ao galego, e analizar as diferenzas e similitudes existentes coa xeración precedente, a xeración do milenio (nados entre 1981 e 1993).

## PROXECTO PARA A MELLORA DA XESTIÓN LINGÜÍSTICA NA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE AMES: MODO GALEGO, ACTÍVAO!



*Modo galego, actívaio!* é o proxecto de dinamización lingüística alén das aulas froito da colaboración da Real Academia Galega e o Concello de Ames en materia de lingua e infancia e mocidade.

Esta colaboración comezou en 2016, da investigación que desembocou no informe *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (2018), que evidenciaba a intensidade do proceso de desprazamento do galego polo castelán e que suscitou a ampliación do estudo ao conxunto dos centros de ensino do municipio. Do diagnóstico obtido no *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames* extráese unha problemática fundamental e de atención urxente: o abandono da súa lingua familiar do alumnado galegofalante no seu paso polo sistema educativo.

*Modo galego, actívaio!* xurdiu como resposta ás debilidades detectadas nese informe e pola vontade das persoas involucradas no proxecto de transformar o diagnóstico. A iniciativa chegou aos arredor de 3 000 nenos e nenas do segundo



ciclo de infantil e de primaria. O alumnado iniciou o 27 de febreiro unha experiencia de inmersión lingüística na que adquiriron o compromiso de empregar o galego durante todo o día, por medio da sinatura dun “Acordo de compromiso lingüístico”. O proxecto contou cun *blog* que orientou o profesorado sobre que facer día a

día. A RAG e o Concello buscaron ademais a complicidade das familias con propostas para a fin de semana.

Alén do programa de inmersión, que se estendeu ata o 20 de marzo, *Modo galego, actívao!* ofreceu accións formativas e de sensibilización para o profesorado, os educadores, o persoal auxiliar e o monitorado das actividades complementarias. Prestóuselles asesoramento ás empresas que se encargan destas actividades, acompañouse os colexios na revisión dos proxectos lingüísticos de centro e facilitóuselles a todas as partes material didáctico e apoio á formación.

O programa presentouse aos medios o 14 de febreiro de 2023, da man de Henrique Monteagudo, coordinador do Seminario de Sociolingüística da RAG, acompañado da concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Ames, Escarlata Pampín, e o concelleiro de Educación, David Santomil.



O 22 de marzo, na Casa da Cultura de Bertamiráns, houbo un intercambio de primeiras impresións, nun acto no que participaron Henrique Monteagudo; Gabino Vázquez-Grandío, técnico do Seminario de Sociolingüística; e Escarlata Pampín; Enrique Gil Gil, coordinador do EDLG do CEP de Ventín; Javier Cacheiro López, presidente da ANPA do mesmo colexio; Alonso Barreiro Caxade, director do CEIP de Barouta; e M<sup>a</sup>. Carmen Liñares Liñares, directora do CEIP Agro do Muíño. Presentouse tamén o vídeo *Modo galego, actívao! – 21 días de compromiso lingüístico nas escolas de Ames*.

*Modo galego, actívao!* desenvolveuse co financiamento da Deputación da Coruña e do Fondo Xacobeo da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O proceso de deseño e posta en marcha deste proxecto foi presentado por Gabino Vázquez-Grandío no XVI Congreso Internacional de Antropoloxía que a Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAEE) celebrou na Coruña entre o 5 e o 8 de setembro de 2023. Vázquez-Grandío, membro da Asociación Galega de Antropoloxía —organizadora desta edición do congreso—, coordinou ademais, canda o profesor da Universidade Autónoma de Madrid Héctor Grad, o simposio titulado *Antropoloxía e linguaxe: aproximacións etnográficas e experiencias de cambio da orde sociolingüística no Estado español*. O foro contou coa participación dunha decena de antropólogos e antropólogas que compartiron experiencias de investigación e intervención levadas a cabo en distintos contextos lingüísticos da xeografía española.

## ESTANDAREV. A ESTANDARIZACIÓN LINGÜÍSTICA REVISITADA: MEDIATIZACIÓN, VERNACULARIZACIÓN E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS NA ESPAÑA CONTEMPORÁNEA



*ESTANDAREV* é un proxecto de investigación de ámbito estatal co que colaboran diversas universidades e institucións. A Real Academia Galega participa como EPO (ente promotor, observador) pero tamén está presente nos equipos investigador e de traballo a través do Seminario de Sociolingüística.

O proxecto dedícase ao estudo comparado dos fundamentos valorativos e ideolóxicos da estandarización lingüística do español, o catalán, o galego e o éuscaro en España. Como membros do grupo de traballo do galego, realizáronse diversas actividades e funcións:

- Traballouse na elaboración do cuestionario para a pilotaxe das mostras de son seleccionadas e a súa adaptación aos distintos contextos investigados no proxecto.
- Desenvolveuse unha aplicación web complementaria, na que o usuario pode xeolocalizar as mostras de son, e déuselle o soporte informático. Fixéronse tamén as correspondentes adaptacións territoriais (dez versións distintas) e introducíronse as correccións e suxestións feitas polos membros dos outros equipos.
- Realizáronse a selección da mostra, a aplicación do instrumento e a súa actualización e corrección segundo foron aparecendo as distintas eivas.
- Actualmente, trabállase na concreción do *open-guise* e efectúase unha primeira extracción de datos das pilotaxes realizadas.

Martes, 9 de mayo de 2023  
Universitat d'Alacant  
Aula Magna de la Facultad de Filosofía y Letras  
Asistencia gratuita  
Con streaming

#SociolingUA

IV Seminario internacional de Sociolingüística

## Ideologías lingüísticas

Organizado por

REAL ACADEMIA GALEGA

UNIVERSITAT D'ALACANT

Càtedra de Multilingüisme

EstandaRev

Os técnicos do Seminario de Sociolingüística da Real Academia participaron no IV *Seminari Internacional de Sociolingüística da Universitat d'Alacant* celebrado o 9 de maio.

Xaquín Loredó interveu nunha mesa redonda cun relatorio que trazaba a evolución da conceptualización da diversidade lingüística dende os modelos bilingües ata a perspectiva plurilingüe actual. Pola súa parte, Gabino Vázquez-Grandío levou ao seminario a comunicación titulada “Do bilingüismo harmónico ao plurilingüismo. A pegada da política educativa nas ideoloxías lingüísticas en Galicia”, na que abordou a evolución do modelo lingüístico na educación formal de Galicia, poñéndoa en relación cos cambios sociais e políticos, e mais os marcos ideolóxicos de cada momento histórico.

## OUTROS PROXECTOS

### MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este proxecto ten como finalidade analizar as prácticas lingüísticas da xente máis nova de Santiago de Compostela nos seus principais contextos de socialización, así como a incidencia das políticas de revitalización lingüística dos principais axentes implicados nos procesos de socialización primaria e secundaria. O universo de referencia para realizar este mapa son os centros educativos de ensinanza de réxime xeral e de réxime especial e centros socioculturais e educativos que desenvolven actividades complementarias ou non académicas.

O propósito principal é obter unha visión completa do panorama sociolingüístico da xente máis nova; analizando os factores/variables, axentes e contextos de socialización que favorecen ou protexen do fenómeno de substitución do galego polo castelán nos nenos(as) e adolescentes santiagueses e así poder deseñar unhas liñas de intervención máis próximas á realidade sociolingüística da cidade. A investigación asociada a este proxecto desenvolverase durante os cursos escolares 2023-2024 e 2024-2025.

### MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DO IES FÉLIX MURIEL

A Real Academia Galega e o IES Félix Muriel de Rianxo asinaron un convenio que ten por obxecto regular o marco de colaboración entre ambas as entidades na avaliación da situación sociolingüística deste centro de ensino. Durante o curso 2022/2023 elaboráronse os instrumentos sociolingüísticos para a recollida de datos e aplicáronse ao alumnado, profesorado e familias. Finalmente, codificáronse e depuráronse os datos recollidos e presentáronse os primeiros resultados no centro.

### EVOLUCIÓN DAS ACTITUDES EXPLÍCITAS CARA AO GALEGO E AO CASTELÁN

No ano 2006 o equipo do Seminario de Sociolingüística publicou o capítulo *Language Use and Language Attitudes in Galicia* no libro *Multilingualism in European Bilingual Contexts* editado por Multilingual Matters. En 2023, coa colaboración da académica María López-Sández, levouse a cabo a réplica do estudo recollido nese texto coa finalidade de analizar a evolución das actitudes explícitas cara ao galego e ao castelán despois dun período próximo aos vinte anos.

Para iso, volvéronse administrar as enquisas orixinais ao alumnado da Facultade de Ciencias da Educación da USC, e aproveitouse a ocasión para explorar outras escalas construídas como éxito centrándose na aprendizaxe de L2 e LE (linguas estranxeiras), como poden ser *Foreign Language Classroom Anxiety Scale*



(FCLAS) ou *Short-Foreign Language Classroom Anxiety Scale (S-FCLAS)*, que se centran nas emocións negativas, mais tamén adxudicándolle a importancia necesaria ás emocións positivas, de acordo co paradigma da psicoloxía positivista e adaptando escalas como *Foreign Language Enjoyment (FLE)*.

## CONFLITO LINGÜÍSTICO EN CONTEXTOS EDUCATIVOS

Esta investigación centrouse na avaliación de situacións conflitivas derivadas de contextos de contacto lingüístico e na análise de como os grupos sociais en competencia buscan, a través de construcións ideolóxicas e políticas lingüísticas, facer explícito o conflito ou agochalo segundo os seus intereses.

No caso particular de Galicia, púxose o foco na análise das políticas educativas, un dos eidos nos que o conflito lingüístico se fixo máis explícito. Percorrese a súa evolución nos últimos 50 anos, abranguendo a última etapa da ditadura franquista e o desenvolvemento do proxecto da autonomía na democracia. Esclareceuse a súa construción ideolóxica e os seus obxectivos, e a súa incidencia na realidade social, tanto dende o punto de vista demolingüístico coma dende a percepción subxectiva do conflito lingüístico.

## NOVAS DO SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA

### Henrique Monteagudo expón en Schleswig-Holstein a evolución do galego no sistema educativo

1 de maio de 2023



O coordinador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, impartiu un relatorio sobre a política lingüística en Galicia no European Centre for Minority Issues, con sede na localidade de Flensburg.

O académico centrou a súa intervención na evolución do galego no sistema educativo e na importancia do ensino para o mantemento e a recuperación da

lingua. Impartiu ademais diversas charlas dirixidas a alumnado de estudos hispánicos da universidade de Flensburg.

*Máis información*

# **Seminario de Terminoloxía**





O Seminario de Terminoloxía ocúpase da elaboración de terminoloxía sistemática (elaboración de vocabularios sobre linguas de especialidade) e de traballos de terminoloxía puntual destinada especialmente á resolución de dúbidas de usuarios de linguas de especialidade.

**Coordinador:** Manuel González González

**Secretario:** Xesús Ferro Ruibal

**Membros:**

Francisco Díaz Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

**Reunións do Seminario de Terminoloxía:**

16 de xaneiro de 2023

27 de febreiro de 2023

20 de marzo de 2023

24 de abril de 2023

22 de maio de 2023

19 de xuño de 2023

17 de xullo de 2023

18 de setembro de 2023

16 de outubro de 2023

20 de novembro de 2023

18 de decembro de 2023

## TERMOS VALIDADOS

Ao longo de 2023 o Seminario de Terminoloxía traballou na validación de máis de 300 denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos das linguas de especialidade e, de maneira especial, dos dominios científicos e técnicos. Entre os tecnolectos traballados están o das artes gráficas, do deporte, da química, da medicina, da industria, da confección ou da cosmética.

## SERVIZO DE CONSULTAS

Atendeuse o servizo de consultas para facilitar o labor de todos e todas as traballadoras de Galicia que utilizan linguas de especialidade en galego (profesorado, administrativos, tradutores, investigadores, profesionais de distintos sectores...). A información recadada e a investigación levada a cabo para dar resposta a estas dúbidas incorporáronse á base de datos creada para tal efecto, TERGAL.

## ACTUALIZACIÓN DE TERGAL

TERGAL é un banco de datos terminolóxico plurilingüe que recolle as denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos relativos ás linguaxes de especialidade, e que permite que os usuarios poidan resolver mediante a súa consulta moitas das dúbidas terminolóxicas de maneira directa. Neste momento están incorporadas a TERGAL todas as voces aprobadas polo Seminario durante o ano 2023.

## TERMINOLOXÍA SISTEMÁTICA

En canto á terminoloxía sistemática, neste ano revisáronse algúns termos do *Dicionario do libro* e unha parte importante do *Dicionario do solo*. Cerrouse tamén a proposta unificada dos nomes das aves en galego, que recolle máis de 600 denominacións.

**Sección de Historia**





A Sección de Historia investiga sobre distintos aspectos relacionados coa historia da institución e de Galicia. Esta sección creouse en 1998.

**Director:** Ramón Villares Paz

**Secretario:** Pegerto Saavedra Fernández

**Membros:**

Rosario Álvarez Blanco  
Lourenzo Fernández Prieto  
Manuel Rivas Barrós  
Andrés Torres Queiruga  
Fernando López-Acuña López  
Ana Romero Masía

**Reunións da Sección:**

17 de marzo de 2023



## CENTENARIO DE MANUEL MURGUÍA 1923 > 2023

Pluma de Manuel Murguía que se conserva no Arquivo Municipal da Coruña

### Centenario de Manuel Murguía 1923 > 2023



**REAL ACADEMIA GALEGA**  
Xornadas organizadas pola Real Academia Galega  
Co apoio da Xunta de Galicia

**XUNTA DE GALICIA**  
Coa colaboración da Fundación Rosalía de Castro Universidade de Santiago de Compostela  
Concello de Coruña Fundación Luis Seoane

**CASA DE ROSALÍA**

**USC**

**INSTITUTO GALEGO DE LINGÜÍSTICA**

**Entrada: libre ata completar a capacidade das salas**  
Emisión en directo a través de academia.gal

**2 de febreiro de 2023**  
**A Coruña**  
Fundación Luis Seoane  
Rúa San Francisco, 27

17:00 h - Apertura institucional  
17:15 - 18:40 h - Mesa Redonda  
**Murguía e as institucións**  
As orixes da RAG e os símbolos de Galicia  
Moderador: **Martín Aleixoandre**  
Ana Romero Menéndez - Os precedentes da RAG.  
A Sociedade de Folklóre Gallego  
Emilio José Insa - Conflitos, logros e limitacións nos primeiros anos da Academia (1923-1925)  
Pepe Barro - A bandeira galega de Manuel Murguía e Rosalía Castro  
Xosé Luís Areitos - Manuel Murguía na Coruña:  
► Academia Galega  
18:45 - 19:00 h - Coloquio

**9 de febreiro de 2023**  
**Santiago de Compostela**  
Paraninfo da USC  
Praza da Universidade, 1

17:00 - 18:00 h - Mesa Redonda  
**Murguía e a idea de Galicia**  
Moderador: **Maria José López Couso**  
Ramón Maza - O cellismo como paradigma  
Ramón Villares - Murguía: a súa obra de historiador  
Xosé Beramendi - Do provincialismo ao rexionalismo protoracionalista  
18:00 - 18:30 h - Coloquio  
19:00 h - Actuación Musical  
Trio de cordas da Orquestra da USC  
Gonzalo Muñoz (violín)  
Esther X. Pérez-Paralé (violín)  
Antón Mazarra (viola)

**16 de febreiro de 2023**  
**Padrón**  
Fundación Rosalía de Castro  
Lugar da Matanza

17:00 - 18:00 h - Mesa Redonda  
**Literatura e nación**  
Moderador: **Anxo Angueira**  
Ana Acuña - Manuel Murguía e a literatura popular galega  
Xosé Martínez - A creación dunha 'escritura nacional'  
M<sup>ra</sup> Xesús Lama - Rosalía de Castro e Murguía nas relacións trasatlánticas  
18:00 - 18:30 h - Coloquio  
19:00 h - Actuación musical  
Eusebio Mera (banfoño)  
Cándido Cabeleiro (piano)

Elvira Durán

As seccións de Historia e de Literatura da Real Academia Galega foron as responsables da organización da conmemoración do centenario do pasamento de Manuel Murguía, primeiro presidente da Academia. Os actos de celebracións foron os seguintes:

### DESCUBRIMENTO DA PLACA CONMEMORATIVA NO CEMITERIO DE SANTO AMARO 1 de febreiro de 2023

Na véspera do centenario do pasamento de Manuel Murguía, a Real Academia Galega e o Concello da Coruña inauguraron unha placa conmemorativa ao pé da tumba do patriarca. O canto á lingua e á nacionalidade galegas que Manuel Murguía presentou na apertura dos Xogos Florais de Tui (1891) volveu oírse no cemiterio coruñés na voz de Margarita Ledo. A académica deu lectura a unha versión adaptada para a ocasión de fragmentos da histórica alocución.

Tras a descuberta da placa —deseñada por Pepe Barro—, a ofrenda con coroa de loureiro e a interpretación do himno galego por parte da Banda Municipal de Música da Coruña, a homenaxe continuou no pazo municipal de María Pita, onde o académico de número e director da Sección de Historia, Ramón Villares, repasou a vida e o legado de Murguía. No acto tamén interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; a alcaldesa da Coruña, Inés Rey; e mais o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, ante os membros das corporacións organizadoras e doutras institucións que tamén participaron na homenaxe previa no camposanto municipal.



## XORNADAS CENTENARIO MANUEL MURGUÍA 1923 > 2023

O director da Sección de Historia, Ranón Villares, e a directora da Sección de Literatura, Marilar Aleixandre, foron os coordinadores das xornadas Centenario Manuel Murguía. Os encontros, que contaron co apoio económico da Xunta de Galicia e a colaboración da Fundación Rosalía, a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello da Coruña e a Fundación Luis Seoane, reuniron especialistas de distintos campos para actualizar as olladas arredor das contribucións do intelectual ás institucións, á idea de Galicia e á relación entre literatura e nación. As xornadas desenvolvéronse de acordo co seguinte programa:

### 2 de febreiro de 2023. A Coruña. Fundación Luis Seoane

17:00 h Apertura institucional

17:15 h *Murguía e as institucións. As orixes da RAG e os símbolos de Galicia*

Mesa redonda. Modera: Marilar Aleixandre

Os precedentes da RAG: A Sociedade de Folklore Gallego / Ana Romero Masiá

Conflitos, logros e limitacións nos primeiros anos da Academia (1905-1923) / Emilio Xosé Ínsua

A bandeira galega de Manuel Murguía e Rosalía Castro / Pepe Barro

Manuel Murguía na Coruña: a Academia Galega / Xosé Luís Axeitos

18:45 h Coloquio

A directora da Sección de Literatura, Marilar Aleixandre, foi a encargada de moderar a mesa redonda da sesión inaugural, que dedicou á memoria de Xosé Ramón Barreiro Fernández (1936-2021), gran biógrafo de Murguía, cuxas contribucións sobre o intelectual foron destacadas en distintos momentos da tarde.



Tras a inauguración, na que interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e Marilar Aleixandre, a académica correspondente Ana Romero Masiá abordou os precedentes da RAG. Deseguido o investigador Emilio Xosé Ínsua centrouse nos primeiros anos da Academia, sinalando os conflitos que viviu naquel momento, as limitacións que sufriu e tamén os logros; o académico Xosé Luís Axeitos analizou o ambiente político e cultural da Coruña na que se fundou a RAG e o deseñador Pepe Barro ofreceu unha intervención sobre a bandeira galega.

*Vídeo da emisión*

## 9 de febreiro de 2023. Santiago de Compostela. Paraninfo da USC

17:00 h *Murguía e a idea de Galicia*

Mesa redonda. Modera: María José López Couso

O celtismo como paradigma / Ramón Máiz

Murguía: a súa obra de historiador / Ramón Villares

Do provincialismo ao rexionalismo protonacionalista / Xusto Beramendi

18:00 h Coloquio

19:00 h Actuación musical

Trío de corda da Orquestra da USC

Gonzalo Muíño (violín)

Esther X. Pérez-Parallé (violín)

Antón Mazaira (viola)

A idea de Galicia foi o eixe da segunda sesión das xornadas. A sesión foi inaugurada polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o reitor

da USC, Antonio López; e a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso.

Ramón Máiz dedicou á súa intervención ao desenvolvemento do mito celta e a súa funcionalidade política. O profesor Beramendi detívose no discurso que Murguía proxectou dende moi novo a través de medios de comunicación como *La Oliva*, e referiuse á participación do intelectual na Revolución Gloriosa de 1868 como secretario da Junta Revolucionaria de Santiago, a frustrada candidatura progresista ás cortes constituíntes ou o intento da posta en marcha da chamada Unión de Galicia en 1869. As contribucións de Murguía como historiador foron tratadas polo académico Ramón Villares.

*Vídeo da emisión*



## 16 de febreiro de 2023. Padrón. Fundación Rosalía de Castro

17:00 h *Literatura e nación*

Mesa redonda. Modera: Anxo Angueira

Manuel Murguía e a literatura popular galega / Ana Acuña

A creación dunha 'escritura nacional' / Xurxo Martínez

Rosalía de Castro e Murguía nas relacións transatlánticas / M.<sup>a</sup> Xesús Lama

18:00 h Coloquio

19:00 h Actuación musical

Anna Mélikhova (soprano)

Martín M. Chaves Fraga (piano)



A derradeira xornada do centenario de Manuel Murguía mirou cara a América desde a Fundación Rosalía de Castro. A profesora da Universitat de Barcelona María Xesús Lama detívose na relación do primeiro presidente da RAG e de Rosalía coa emigración transatlántica. A profesora da Universidade de Vigo Ana Acuña analizou a pegada en Murguía da literatura popular tanto na obra literaria coma no eido da investigación e o filólogo Xurxo Martínez achegouse á súa contribución á fixación dunha literatura nacional.

A tarde rematou cunha actuación musical de Anna Mélikhova e Martín M. Chaves Fraga. A soprano e o pianista interpretaron, entre outras pezas, “Rosa de abril”, “Maio longo” e “Negra sombra”, con música de Andrés Gaos, José Baldomir e Juan Montes para os poemas homónimos de Rosalía de Castro.


*Vídeo da emisión*



As achegas dos participantes nestas xornadas foron publicadas nun *volume monográfico* na colección Anexos BRAG da Real Academia Galega.

## MARCIAL DEL ADALID 1826-1881

A Real Academia Galega custodia case a totalidade do legado compositivo de Marcial del Adalid (A Coruña, 1826 - pazo de Lóngora, Oleiros, 1881), unha das grandes figuras da música galega do século XIX. Tras completar a dixitalización destas partituras, a institución deu un paso máis para facilitar o acceso a este rico fondo documental nunha nova páxina web, [marcialdeladalid.academia.gal](http://marcialdeladalid.academia.gal), na que tamén pon á disposición de todos os usuarios outros recursos relacionados co legado do músico que conserva e mais coa súa figura.



A web, realizada co apoio económico da Deputación de Pontevedra, ofrece o catálogo da produción musical de Marcial del Adalid e mais da biblioteca de música do Fondo Marcial del Adalid da Real Academia Galega. Ambos os recursos naceron como parte fundamental do proxecto de investigación orixinario da tese de doutoramento que Laura Touriñán Morandeira lle dedicou ao músico coruñés.

O académico correspondente Fernando López-Acuña é o responsable da coordinación do proxecto, que se complementou coa edición dunha monografía, da man de Laura Touriñán, *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*, que recolle unha biografía divulgativa e un percorrido pola historia da doazón do seu legado á Real Academia Galega.



## CENTENARIO DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



O 12 de outubro de 2023 celebrouse o centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos ao pé do castro de Ortoño. Un grupo de institucións e entidades galegas, entre as que se atopa a Real Academia Galega, reuníronse para conmemorar esta efeméride que supuxo un salto cualitativo na comprensión, coñecemento e difusión da cultura galega.

O programa estivo constituído por diversas iniciativas, tanto presenciais e físicas coma dixitais, que se desenvolveron ao longo de todo o ano e que afondaron na relevancia da entidade e nas dos seus integrantes. A programación incluíu un congreso sobre o seminario, distintas exposicións, a publicación de facsímiles, estudos e obras de divulgación, roteiros por lugares centrais na biografía da entidade, conferencias e espectáculos. Pode consultarse no *espazo web* creado para a ocasión.



## SABER DE NÓS: CEN ANOS DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Os días 10 e 11 de outubro celebrouse en Santiago de Compostela o congreso *Saber de nós: cen anos do Seminario de Estudos Galegos*, que reuniu distintas voces expertas para analizar, entre outras cuestións, a madureza da concepción de Galicia como nación europea e a reivindicación do galego como idioma culto que defenderon os integrantes do SEG.

O Congreso estivo organizado en catro sesións: a primeira situou o proxecto do Seminario no seu contexto histórico; a segunda centrouse na propia traxectoria do SEG e na súa relación coa sociedade. As sesións terceira e cuarta concentráronse nas áreas de actividade nas que o Seminario conseguiu resultados máis tanxibles: a etnografía, a prehistoria e a arqueoloxía, as ciencias, as belas artes e os estudos literarios e a lingua. O congreso rematou cunha mesa redonda sobre o legado do SEG.

## ANDAINA DE COMPOSTELA AO CASTRO DE ORTOÑO

O 12 de outubro de 1923 Fermín Bouza-Brey, Xosé F. Filgueira Valverde, Xosé Pena e Pena, Wenceslao Requejo Bouet, Lois Tobío e Alberto Vidán Freiría saen de Compostela camiño do castro de Ortoño, lugar da nenez de Rosalía de Castro, e alí conciben a idea de constituír un grupo consagrado á investigación da cultura galega. A eles súmanse axiña Xulián Magariños Negreira, Ramón Martínez López e Francisco Romero Lema para asinar a constitución formal do Seminario de Estudos Galegos, baixo a presidencia de Armando Cotarelo Valledor.

O xoves 12 de outubro de 2023 partiu da Alameda de Santiago un numeroso grupo de persoas para rememorar, cen anos despois, esta camiñada. Á convocatoria do Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega sumáronse os Concellos de Santiago de Compostela e Ames, a Universidade de Santiago e a Xunta de Galicia. Á chegada, depositouse unha ofrenda







floral diante da placa que evoca o nacemento do SEG no muro exterior do predio. Despois, no campo parroquial de San Xoán de Ortoño leuse unha declaración conmemorativa e os asistentes compartimos un xantar de romaría, acompañados polo grupo Os Retranqueiros.

### IDEAS, PROPOSTAS E DEBATES SOBRE A LINGUA (1916-1936)

Co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Galega publicou unha recompilación de escritos sobre o idioma producidos entre 1916 e 1936 editada polo académico Henrique Monteagudo. As dúas décadas que abrangue a publicación marcaron notables avances para o galego nos que o SEG tivo moito que ver xunto ás Irmandades da Fala e Nós, actores culturais todos eles imbricados entre si. O primeiro volume, *Ideas, propostas e debates sobre a lingua (1916-1936) I. Lingua nacional, idioma moderno*, reúne os textos referidos ao status social, cultural e político do galego. O segundo, baixo o subtítulo *A demanda da norma*, xunta os que atinxen o seu cultivo e elaboración, cunha atención especial ás contribucións que se deteñen nos problemas do desenvolvemento e da fixación do galego escrito e, polo tanto, nos debates ortográficos.



# Sección de Literatura





A Sección de Literatura encárgase da recuperación de textos literarios galegos, do estudo da nosa literatura e da organización de eventos relacionados con ela. Foi creada en 1998.

**Directora:** Marilar Aleixandre

**Secretaria:** Ana Romaní

**Membros:**

Xesús Alonso Montero  
Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Fina Casalderrey Fraga  
Víctor Fernández Freixanes  
María López-Sández  
Chus Pato  
Manuel Rivas Barrós  
Euloxio Rodríguez Ruibal  
Ramón Nicolás  
Celia Pereira Porto  
Olivia Rodríguez González

**Reunións da Sección de Literatura:**

25 de outubro de 2023

## CENTENARIO DE MANUEL MURGUÍA 1923 > 2023



Xornadas organizadas conxuntamente coa Sección de Historia os xoves 2, 9 e 16 de febreiro, en colaboración co Concello da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Rosalía de Castro. As sesións foron dedicadas respectivamente a:

- Murguía e as institucións. As orixes da RAG e os símbolos de Galicia.
- Murguía e a idea de Galicia.
- Literatura e nación.

Máis información sobre o desenvolvemento destas xornadas na parte correspondente á memoria da Sección de Historia.

## CATALOGACIÓN DA BIBLIOTECA DE EMILIA PARDO BAZÁN

A Sección de Literatura coordinou a revisión, solicitada pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, do Ministerio de Facenda e Función Pública, da catalogación do patrimonio bibliográfico de Emilia Pardo Bazán situado nas Torres de Meirás.


## ENTRE PÁXINAS CHEAS DE HISTORIAS: OS LIBROS DE MANUEL MURGUÍA NA REAL ACADEMIA GALEGA

A biblioteca da RAG custodia dende a súa fundación os fondos bibliográficos de numerosos intelectuais que xogaron un papel fundamental no desenvolvemento da cultura galega, como é o caso do investigador e escritor Manuel Martínez Murguía (1833-1923).

A súa biblioteca é un dos conxuntos bibliográficos máis interesantes que conserva a institución na actualidade, posto que inclúe abundantes estudos históricos, literarios e etnográficos referidos a Galicia ou que axudan a comprender a súa idiosincrasia como pobo. Algúns dos exemplares conteñen anotacións manuscritas do propio Murguía ou dedicatorias dos autores á súa persoa.

Co gallo da conmemoración do centenario do seu pasamento, en 2020 comezouse a traballar na elaboración dun inventario desta biblioteca. O catálogo elaborado non quixo limitarse a ser unicamente unha simple relación de títulos dos libros e das revistas que posuía o primeiro presidente da Real Academia Galega, senón que con el tamén se fornecen outras informacións que nos falan acerca da procedencia e dos usos que fixo Murguía deses materiais. Numerosos rexistros do catálogo inclúen, alén das noticias bibliográficas pertinentes, observacións que sinalan a presenza de dedicatorias nas páxinas dos exemplares, dan conta das librarías onde foron mercados os libros, ou informan de quen foron as persoas que lle enviaron os volumes a Murguía. Nesas observacións tamén se indica en cales dos libros e artigos que el escribiu se citan os títulos que foi posible identificar como pertencentes á súa biblioteca.

*Entre páxinas cheas de historia. Os libros de Manuel Murguía* pode consultarse na web da Academia.



## DÍA DA POESÍA. DARÍO XOHÁN CABANA



Darío Xohán Cabana (1952-2021) foi o protagonista da conmemoración do Día da Poesía da Real Academia Galega. A institución rendeu-lle homenaxe o xoves 23 de marzo nun acto no que familia, amizades e outros creadores recitaron versos do escritor e académico, unha das grandes voces das letras galegas contemporáneas. A celebración, de entrada libre, tivo lugar na Fundación Luis Seoane e puido seguirse tamén en directo dende [academia.gal](http://academia.gal) e a canle de *Youtube da RAG*.

A homenaxe, organizada pola Sección de Literatura da RAG co apoio da Deputación da Coruña, foi conducida pola académica Ana Romaní. Tras a apertura do acto a cargo do presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e Marilar Aleixandre, a secretaria da institución e compañeira de xeración de Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo Andión, pronunciou a loanza do homenaxeado.




Deseguido, as tamén compañeiras de corporación Chus Pato e Marilar Aleixandre recitaron poemas do escritor xunto a Pepe Barro, Marica Campo, Xoán Ramiro Cuba, Xosé María Álvarez Cáccamo e Anxo Angueira. Interveu ademais a tradutora María Alonso Seisdedos, quen retratou o Darío Xohán Cabana que trouxo ao galego grandes clásicos, un labor no que sobresa a “excelsa versión” que deixou da *Divina comedia* de Dante. A parte musical achegouna o poeta e músico lugués Lois Pérez, que interpretou os poemas “Cantiga de amigo pra facer o camiño”, “Vocabulario chairego” e “Pedras de gozo”.

A homenaxe rematou coa emotiva lembranza da súa propia filla, Alexandra Cabana Outeiro, recitando “You Shall Overcome”, un canto de amor e resistencia para o proletariado, os vellos, a lingua e os nenos e nenas.



Os asistentes ao acto recibiron a *plaquette Darío Xohán Cabana, estirpe de labradores*, volume que reúne todos os versos do autor que se recitaron nesta homenaxe e as demais palabras dedicadas a Darío Xohán Cabana de quen os escolmaron.





## VOCES DA NARRATIVA

Organiza: **Sección de Literatura da Real Academia Galega**  
Coordina: **Marilar Aleixandre, Chus Pato, Ramón Nicolás**

Intervención:  
**Berta Dávila**  
**Brais Lamela**  
**Alberto Ramos**  
**Fabio Rivas**  
**Sica Romero**  
**Cecilia F. Santomé**

# VOCES DA NARRATIVA

**Martes, 21 de novembro de 2023, ás 17:00 h**  
**Fundación Luís Seoane**  
Rúa San Francisco, 27. A Coruña

Entrada libre e gratuita  
Emisión en directo a través de [academia.gal](http://academia.gal)

 REAL ACADEMIA GALEGA

 XUNTA DE GALICIA



O martes 21 de novembro, na Fundación Luis Seoane celebrouse *Voces da narrativa*, un encontro organizado pola Sección de Literatura da Real Academia Galega, coordinado pola académica de número Chus Pato, o académico correspondente Ramón Nicolás e a directora da sección, Marilar Aleixandre.

A cita consistiu en tres diálogos sobre o proceso da escrita entre Berta Dávila e Brais Lamela, Alberto Ramos e Sica Romero, e Fabio Rivas e Cecilia F. Santomé, narradoras e narradores exemplo da diversidade que caracteriza a literatura feita polas novas xeracións.



O diálogo entre Berta Dávila e Brais Lamela partiu de *Illa Decepción* (2020), obra coa que a autora gañou por segunda vez o Premio de Narrativa Breve Repsol, e *Ninguén queda* (2022), a primeira novela do vilalbés, recoñecida co Premio da Crítica en lingua galega.

Alberto Ramos falou sobre *Os corpos dos Romanov* (2022), Premio Narrativa Breve Repsol, con Sica Romero, que compartiu reflexións sobre o proceso de creación do seu primeiro libro, *Avelaíñas eléctricas* (2022), Premio San Clemente de novela en galego.

Cecilia F. Santomé conversou a partir da súa primeira novela, *Quérote. Eu tampouco* (2019), con Fabio Rivas, que publicou en 2023 o seu primeiro libro, o volume de relatos *A pintura debida*.

O programa, organizado co apoio económico da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, abriuse ao público pola tarde cunha serie de intervencións que poden verse [na canle de Youtube da RAG](#).



## IRMÁS NA FALA

O 18 de maio de 1916 celebrouse no local que daquela ocupaba a Real Academia Galega, na rúa Rego da Auga da Coruña, a primeira xuntanza das Irmandades da Fala. Nacía así un movemento chave que abriría un novo tempo para a defensa da lingua galega e de Galicia como suxeito político, formado por agrupacións locais espalladas por todo o país que chegaron a ter unhas 700 persoas afiliadas. As escasas fotos dos seus encontros amosan practicamente só facianas masculinas, e naquela xuntanza fundacional estivo unha única muller, Micaela Chao Maciñeira. Pero nas súas filas houbo moitas outras compañeiras. Elas tamén participaban nos debates políticos e loitaban polos seus dereitos como cidadás cando aínda nin se recoñecera o voto feminino. De todo isto dá conta *Irmás na Fala*, a serie web que produce a RAG para contribuír ao coñecemento e recoñecemento de mulleres que abriron camiños de futuro para todas.

A narración de *Irmás na Fala* desenvólvese a través das biografías de cinco figuras destacadas do movemento: Micaela Chao Maciñeira, a “irmá pioneira”; a modista María Miramontes, mecenas de proxectos como as Escolas de Insiño Galego; a mestra Elvira Bao, seguramente a primeira irmá que pronunciou mítins; Amparo López Jeán, presidenta da Agrupación Republicana Feminina da Coruña e primeira afiliada do Partido Galeguista nesta cidade; e a nadadora Emilia Docet, a chamada Miss España galeguista, participante no Mitin das Arengas da praza da Quintana canda figuras como Castelao ou Otero Pedrayo.

*Irmás na Fala* é unha serie producida pola Real Academia Galega co apoio do Concello da Coruña e realizada por Nós TV.



Galeguistas organizadas.  
Micaela Chao Maciñeira



Elvira Bao e María Miramontes:  
militantes do galego



Políticas e arengadoras.  
Amparo López Jeán e Emilia Docet



O legado

# **Servizos administrativos e patrimoniais**





## SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

Persoal adscrito a servizos transversais.

**Secretaría:**

M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Vales

**Contabilidade:**

Lurdes Revaldería López

**Comunicación:**

Iolanda Fernández Casal

Alberto Lema Suárez

**Revisión lingüística:**

Carme Cambre García

Adrián Estévez Iglesias

**Informática:**

Juan Montenegro Rey

**Publicacións:**

Nélida Cosme

**Conserxaría:**

Rolando Sánchez Couceiro

Xose R. Calón López



**Arquivo**







O Arquivo da Real Academia Galega está constituído pola documentación xerada e recibida pola institución no exercicio das súas funcións e actividades, e conservada para a xestión, a información, a cultura e a investigación.

### **Persoal adscrito**

Mercedes Fernández-Couto Tella

Jacobo M. Caridad Martínez

## **FUNCIÓNS XERAIS**

1. Recibir, organizar, clasificar e facer accesible a documentación.
2. Elaborar os instrumentos de descrición e de control adecuados para unha correcta comunicación da documentación e unha óptima accesibilidade a ela.
3. Colaborar na mellora do funcionamento da institución mediante o establecemento de pautas para o desenvolvemento de procedementos administrativos.
4. Facilitar o acceso e a consulta aos académicos e académicas e á cidadanía en xeral, nos termos establecidos no marco legal e normativo.
5. Establecer normativas reguladoras e criterios de ordenación e descrición dos documentos, así como as relativas a outros aspectos de tratamento automatizado da documentación e da información.
6. Formular directrices para a correcta conservación e instalación da documentación, establecendo as condicións idóneas que deben reunir as instalacións necesarias para a súa utilización e seguridade.
7. Desenvolver e participar en actividades de difusión do patrimonio documental da RAG.
8. Así mesmo, todas aquelas funcións que impliquen organización e tratamento da documentación constitutiva do patrimonio documental da RAG.

O Arquivo participa activamente en GALICIANA, Arquivo Dixital de Galicia, que está xestionado pola Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura e forma parte do Arquivo Dixital integrado de Galicia.

## FONDOS

Os primeiros traballos desenvolvidos en 2023 estiveron guiados polas necesidades asociadas á adaptación a un espazo industrial como é o das instalacións provisionais da Real Academia Galega no polígono de Pocomaco. Unha vez superado o período de acomodación, en 2023 desenvolvéronse os seguintes traballos:

Correccións de descritores segundo as indicacións do Arquivo de Galicia.

Ampliación de datos indicados por particulares nas descrições de documentos.

Actualización e mantemento da base de datos de fotografías con obra nos fondos do Arquivo.

Solución das incidencias nos campos volume e soporte en varios rexistros.

Signaturización de todas as fotografías das instalacións S, M, L, XL (18 655).

Relación de documentos susceptibles de restauración, limpeza ou encadernación.

Redacción de novas e destaques para as RRSS e a web institucional.

Fondo *Real Academia Galega*: instalación definitiva da serie Actividades RAG 2021.

Fondo *Marcial del Adalid*: fotografías, partituras e a historia do legado para a web.

Fondo *Enrique Chao Espina*: clasificación temática da colección fotográfica (20 unidades de instalación).

Colección *Documentos impresos*. Serie “Accións e pólizas”: redacción do campo Historia institucional/biografía.

## DIXITALIZACIÓNS

Fondo *Andrés Martínez Salazar*: documentación relativa á Cámara de Comercio da Coruña.

Fondo da *Familia Martínez Morás*: correspondencia entre Marcelo Macías e A. Martínez Salazar. 275 documentos.

Fondo *Villaverde Velo*: dixitalización da totalidade do fondo (1 unidade de instalación).


Fondo *Familia Pardo Bazán*: documentación patrimonial. Expediente sobre os beneficios dos curados de S. Martiño de Armentar (Vilasantar) e S. Vicenzo de Curtis.

Fondo *Sofía Casanova*: dixitalización da totalidade do fondo (3 unidades de instalación).

Fondo *Manuel Mato Vizoso*: “Apropósito Juan soldado o el repatriado de Cuba”.

Fondo *Real Academia Galega*: Expediente de traslado do Monumento a Curros ao parque de Santa Margarida, e tres libros de rexistro de académicos.

Fondos fotográficos: unidades de instalación FS-28 a 30, FS-34 a 60, FS-62, FS-69.



## DIFUSIÓN

Incorporáronse a Galiciana as dixitalizacións da seguinte documentación:

FS-62 (81 fotografías).

Fondo *Villaverde Velo*.

Fondo *Familia Pardo Bazán*: documentación patrimonial (400 imaxes).

Fondo *Sofía Casanova*: 666 imaxes.

## COLABORACIÓN EN EXPOSICIÓNS.

En 2023 o Arquivo da RAG participou coa achega de fondos nas seguintes exposicións:

*María Antonia Dans, a maxia da cor.* Biblioteca de Galicia, 30 de xaneiro - 12 de maio de 2023.

*A vía da prata. Aires do Sur.* Palacio de Toledo-Moctezuma de Cáceres, xaneiro-abril de 2023.

*A Coruña no tempo.* Afundación, Santiago de Compostela, xuño-agosto de 2023.

*Tomás Barros: a mirada interior.* Casa-Museo Casares Quiroga, A Coruña, xaneiro de 2023.

*Ruiz A Coruña 1894-Picasso París 1922.* Fundación María José Jove.

*Luz na terra. A obra do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936).* Museo Centro Gaiás, 27 de xuño de 2023 - 7 de xaneiro de 2024.

*Rosalía coma ti.* Departamento de Normalización Lingüística de Pontevedra.

*Antonio Palacios. El rumor de la historia, el ruido del tiempo.* Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid. Sala Fisac e Sala Gutiérrez, 29 de setembro de 2023 - 9 de febreiro de 2024.

*Detrás do Espello.* Museo Centro Gaiás, 14 de marzo - 14 de xuño de 2023. Xunta de Galicia.

*Eliana Molins e Blanca Chao. Dúas pintoras viguesas do século XIX.* Museo Municipal de Vigo Quiñones de León.

*Vigo, Puerta del mundo.* Faro de Vigo.

*Compañía de tranvías. 120 años al servicio de A Coruña.* Decembro 2023-xaneiro 2024.

Tamén colaborou, tanto na realización de pescudas coma con achegas de documentación, coas seguintes institucións:

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Concello de Santiago de Compostela

Consello da Cultura Galega

Escola Municipal de Teatro de Vilalba

Fundación L. Monteagudo

INDITEX

Patronato Carmen Conde-Antonio Oliver do Concello de Cartagena

Plan de Conservación e Xestión da Muralla de Lugo. Xunta de Galicia

Sociedade Cultural Tempo Novo de Elviña

Revista *Luzes*



## INGRESOS

### DOAZÓNS:

- Dúas copias de retratos de G. Tavani e de J. Leite de Vasconcellos (Daexga).
- Tres postais con retratos de Francisco Franco (Fernando Pereira González).
- Catro folletos culturais (Adrián Estévez).
- Facsímile da folla 47 do *Libro de la Felicidad*, 1582 (M. Moleiro).

### ADQUISICIÓN:

- Álbum de estampas de mistos dedicadas a músicos.
- 6 viñetas filatélicas da guerra civil.
- 109 fotografías e postais

## NOVAS DO ARQUIVO

### Francisco Fernández del Riego e o *Galician Programme* da BBC

14 de abril de 2023

O 14 de abril de 1947, a radiodifusión en lingua galega inauguraba un momento histórico desde Londres. A BBC iniciaba aquela noite o *Galician Programme*, un espazo aberto á difusión da cultura e da lingua galegas en pleno franquismo que se converteu na primeira programación estable no noso idioma. A sección española da BBC concibira a idea de producir programas que reflectisen a realidade cultural das comunidades históricas nas emisións para España e para facelos realidade confiou no ourensán Alejandro Raimúndez, que se incorporara á radio británica pouco despois de se exiliar en Londres. Para os programas en galego, Raimúndez contaría coa colaboración fundamental desde Galicia de Francisco Fernández del Riego. Con motivo do Día das Letras Galegas, o arquivo da Real Academia Galega divulgou en academia.gal os guións daqueles espazos emitidos ata 1956.

*Máis información*

### Os sesenta anos do ingreso como académico de Cunqueiro no Arquivo da RAG

20 de abril de 2023



O 21 de abril de 1963, Álvaro Cunqueiro (1911-1981) convertíase en académico de número. O seu Mondoñedo natal acolleu o acto de ingreso na Real Academia Galega no que deu lectura ao discurso titulado *Algunhas imaxinacións sober tesouros*. O encargado de lle responder en nome da institución sería o seu amigo Francisco Fernández del Riego (1913-2010). Co gallo desta efeméride, e no marco


das celebracións dos tamén sesenta anos do Día das Letras Galegas, a RAG difundiu os textos mecanoscritos de ambas as intervencións, conservados no arquivo institucional, xunto a fotografías e documentos relacionados co ingreso do gran fabulador mindoniense —o programa e a minuta do xantar posterior— e mais coa súa obra.

*Máis información*

## **Queixumes dos pinos en construción: tres manuscritos pondalianos para o Día dos Arquivos**

9 de xuño de 2023

A Real Academia Galega conserva borradores previos, textos revisados e corrixidos e probas de imprenta cos últimos arranxos de distintos autores, entre eles material documental de Eduardo Pondal. Co gallo do Día dos Arquivos, a institución divulgou tres textos escritos nos que aparecen motivos desenvolvidos no poemario *Queixumes dos pinos* (1886).



[Máis información](#)

## **O Arquivo da RAG difunde o manuscrito do discurso de ingreso de Manuel Lugrís Freire no Seminario de Estudos Galegos**

20 de novembro de 2023

O 20 de novembro de 1923, Manuel Lugrís (Sada, 1863 - A Coruña, 1940) ingresaba no Seminario de Estudos Galegos. O escritor e xornalista, que chegaría a ser presidente da Real Academia Galega (1934-1935), pronunciou aquel día un discurso dedicado ao tamén académico fundador Eduardo Pondal (1835-1917). Cadrandoo co centenario do SEG e da incorporación ás súas filas do autor das Mariñas, o Arquivo da RAG ofreceu en copia dixital o manuscrito daquela alocución.

[Máis información](#)





# **Biblioteca e hemeroteca**





A Biblioteca da Real Academia Galega está especializada na área das humanidades, especialmente nos campos da historia, etnografía, lingua e literatura de Galicia. A colección iníciase en decembro de 1905 coas doazóns realizadas por membros da institución e por autores que foron remitindo as súas obras. En 1919, foi doada parte da biblioteca do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, que constitúe o fondo máis antigo da Biblioteca da RAG. Nese mesmo ano, ingresou tamén a biblioteca de Xosé Fontenla Leal, iniciador e membro de honra desta institución. Posteriormente, a Biblioteca continuou medrando coa incorporación de bibliotecas individuais, como a de Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Marcial del Adalid ou Luis Seoane, entre outras. Actualmente recibe fondos mediante compras, doazóns de autores e editoriais e intercambios con diversas institucións galegas.

#### **Persoal adscrito:**

Ana M.<sup>ª</sup> Menéndez Rodríguez  
Fernando Pereira González

### **FUNCIÓNS XERAIS**

Recepción de fondos.

Selección e adquisición de bibliografía de temática galega.

Xestión do troco de publicacións con outras institucións coas que a Real Academia Galega ten este tipo de acordo.

### **CATÁLOGO E INVENTARIOS**

Actualización do catálogo de fondos, con especial atención ás obras de Francisco Fernández del Riego, Luísa Villalta e á biblioteca médica doada por María del Adalid.

Elaboración dun inventario das partituras impresas feitas por Marcial del Adalid pertencentes ao seu fondo persoal.

Finalización e revisión do inventario dos libros, folletos, documentos impresos e publicacións periódicas da biblioteca persoal de Manuel Murguía.

Xestión da implantación do novo programa de catalogación Koha na Biblioteca da RAG, que dará soporte á catalogación dos seus fondos bibliográficos e hemerográficos:

Elaboración de informes coas incidencias atopadas e a súa posible solución. Participación nunha enquisa para o Consello da Cultura Galega, denominada *Barómetro da Cultura Galega*, e na *Estatística de Bibliotecas 2022* para o Ministerio de Cultura.

## CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN

Xestión da compra de materiais de conservación (caixas e papel barreira).

Limpeza e reparación de rótulos dos libros de medicina doados por María del Adalid.

Consolidación de exemplares deteriorados de libros, folletos, revistas e xornais do fondo histórico da biblioteca e hemeroteca.

Selección e elaboración dunha listaxe con cen folletos dos séculos XVII, XVIII, e XIX para encadernar, coa finalidade de garantir unha mellor conservación dos exemplares.

## DIXITALIZACIÓN

Elaboración dunha listaxe de cen títulos de revistas para incluír en futuros proxectos de dixitalización.

Xestión da dixitalización dos exemplares microfilmados do xornal *La Crónica* de Nova York que conteñen artigos de Manuel Murguía.

## DIFUSIÓN

### EXPOSICIÓNS E MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

No 2023 a Biblioteca e Hemeroteca da RAG participaron coa achega de fondos nas seguintes exposicións e mostras bibliográficas:

Mostra bibliográfica durante todo o ano, na sala de traballo da Biblioteca da RAG, de primeiras edicións das obras de Francisco Fernández del Riego.

*Educación, Xénero e Literatura*. Museo Pedagóxico de Galicia, de marzo de 2023 a febreiro de 2024.

*Picasso branco no recordo azul*. Museo de Belas Artes da Coruña, do 23 de marzo ao 25 de xuño de 2023.


*A Coruña no Tempo*. Fundación Abanca da Coruña, do 4 de xullo ao 16 de setembro de 2023. Xunta de Galicia.

*A Galicia deseñada. Símbolos, marcas e identidades gráficas*. Do 14 de outubro de 2022 ao 13 de xaneiro de 2023. Sala Normal da Cidade Escolar da Coruña. Universidade da Coruña.

## INGRESOS

En 2023 ingresaron nos fondos bibliográficos da Real Academia Galega 380 monografías procedentes tanto de compras coma de doazóns.

Destacamos a doazón dun exemplar da primeira edición da obra de Ramón Cabanillas titulada *No desterro* (A Habana, 1913), con dedicatoria autógrafa a Antón Villar Ponte.



## NOVAS DA BIBLIOTECA

### Ánxel Casal e o libro galego na lembranza de Francisco Fernández del Riego 21 de abril de 2023



A Biblioteca da Real Academia Galega lembra, co gallo do Día do Libro, a publicación *Ánxel Casal e o libro galego*. Francisco Fernández del Riego daba a lume o 17 de maio de 1983 esta biografía sobre un dos editores galegos máis sobranceiros, Ánxel Casal (A Coruña, 1895 - Teo, 1936), centrada no papel que este desempeñou como promotor da industria cultural en Galicia e do libro galego ata 1936, cando foi asasinado polos golpistas. Entre as grandes contribucións de Casal destaca a fundación na Coruña, en 1924, da editorial Lar, xunto con Leandro Carré Alvarellos e a colaboración gráfica de Camilo Díaz Baliño, así como a posterior creación, tamén na cidade herculina, da emblemática editorial Nós.

*Máis información*

### Día das Bibliotecas: a colección de Manuel Murguía na Real Academia Galega 24 de outubro de 2023



Co gallo do Día das Bibliotecas, a da Real Academia Galega repasa a historia da conformada por Manuel Murguía, primeiro presidente da institución, de quen se conmemora neste 2023 o centenario do seu pasamento. A RAG conserva arredor de dous mil volumes dos que chego a custodiar en vida o historiador e escritor, que dan conta da variedade dos seus intereses e da procura de textos en librarías de Galicia,

Madrid ou París. Preto de douscentos cincuenta títulos foron editados antes de 1800. Outros do seu tempo, dedicados polos autores, pertenceron á súa dona, Rosalía de Castro, e aos fillos de ambos.

*Máis información*

# Colección







O obxectivo da Colección de Arte e Obxectos Históricos da Academia é investigar, conservar e dar a coñecer as obras de arte, pezas arqueolóxicas e obxectos representativos da cultura galega que foron chegando á RAG desde os inicios da institución, fundamentalmente mediante as achegas dos propios académicos, dos autores e artistas, mais tamén pola contribución de institucións e persoas a título privado tanto da terra coma da diáspora.

**Persoal adscrito:**

Lois Bande Barreiro

## **FUNCIÓNS XERAIS**

Catalogación do patrimonio histórico-artístico da Real Academia Galega, formado por cadros, debuxos, medallas, mobiliario, estatuas, esculturas, figuras decorativas, obxectos persoais, carteis etc.

Compactación e almacenaxe da colección, mantemento e limpeza da mesma e xestión de traballos de restauración das pezas danadas.

Labores de documentalción, xestión de pezas e montaxe das exposicións organizadas pola Real Academia Galega.

Xestión e control na entrega e devolución das obras pertencentes á colección da Real Academia Galega en préstamo temporal a outras institucións.

Reprodución fotográfica e dixitalización dos fondos da Colección, Biblioteca e Arquivo da Real Academia Galega.

Atención de usuarios a través de correo electrónico, teléfono e consultas presenciais, facilitando a reprodución de fondos segundo a normativa e dando solución aos pedimentos de reprodución e consulta.

Traballo de documentación e elaboración de textos para o futuro Museo virtual da Academia.

## CONSERVACIÓN

Desinsectación de dez pezas mediante o uso dunha cámara hipóxica e posterior tratamento químico. Traslado e aclimatación das pezas.

Elaboración de informes onde se detallan as necesidades de restauración ou traballos de mantemento e consolidación da colección da Academia.

## DIFUSIÓN

Participación nas seguintes exposicións con préstamo de pezas:

*Ferrol no Tempo*. Fundación Abanca de Ferrol, novembro de 2022 a xaneiro de 2023. Xunta de Galicia.

*A Coruña no Tempo*. Fundación Abanca da Coruña, 4 de xullo de 2023 a 16 de setembro de 2023. Xunta de Galicia.

*Detrás do Espello*. Museo Centro Gaiás, 14 de marzo de 2023 a 14 de xuño de 2023. Xunta de Galicia.

## CONSULTAS

Investigación sobre a orixe da peza “Placa inscrita aparecida na galería de entrada dunha mina de azogue en Betanzos” (R. 162), depositada en 1978 na Academia polo académico F. Vales Villamarín, por pedimento do Museo das Mariñas de Betanzos.

Inventario de patrimonio téxtil da Real Academia Galega, por pedimento da Real Fábrica de Tapices, co gallo da catalogación de coleccións téxtiles das principais institucións culturais do Estado.

Informe sobre as pezas plásticas de Luis Seoane custodiadas nos fondos da Real Academia Galega, a petición de Carmela Montero, responsable dos traballos de documentación e conservación da Fundación Luis Seoane.

## INGRESOS

Ao longo do ano 2023 engadíronse once referencias ao catálogo do fondo artístico da Real Academia Galega, sumando un total de 2 269. Das novas pezas destacan unha serigrafía elaborada pola Escola de Arte Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, dunha interpretación da proposta gráfica elaborada por Din Matamoros con motivo da gala de entrega dos Premios da Cultura Galega.


## MUSEO VIRTUAL DA REAL ACADEMIA GALEGA

O proxecto do Museo Virtual da Real Academia Galega nace coa intención de divulgar o patrimonio histórico-artístico compilado ao longo de máis dun século pola Real Academia Galega, composto por máis de 2 200 pezas catalogadas entre pinturas, esculturas, debuxos, carteis, obxectos arqueolóxicos, mapas etc. Cada unha das pezas custodiadas pola institución posúe unha historia que contribúe a conformar o relato non só da historia da propia Academia, senón do que esta simboliza: a lingua e a cultura galegas. No Museo virtual téntase poñer en relación unhas pezas con outras, cos seus autores, coa historia da Academia e co seu significado dentro da cultura galega.

Dentro dos traballos de desenvolvemento do Museo, en 2023 realizouse un arduo labor de documentación para a elaboración das fichas divulgativas das pezas que alí van ser recollidas. Tamén se completaron os traballos de deseño e programación da estrutura da páxina web.

A web, da que está previsto o seu lanzamento en 2024, ademais da descrición da colección e das súas orixes e historia, ofrece un mosaico coas pezas das que se pode obter información e diferentes posibilidades de busca: título da peza, tipoloxía, cronoloxía e autoría.

En cada entrada pódese atopar a ficha catalográfica, un campo con información divulgativa sobre a historia artística e social, a procedencia e a contextualización do material descrito. Ofrece ademais unha fotogalería onde se recollen imaxes detalladas e outros materiais que complementan a información.




**REAL ACADEMIA GALEGA**

INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALIÇA · INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALIÇA · INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALIÇA · INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALIÇA · INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALIÇA

A INSTITUCIÓN · A XUNTA · LETRAS GALIÁS · DOUTORADO · COMARCAS · [Inicio](#) · [Contáctanos](#)

## Museo Virtual

INICIO · CATALUÑA · FOLIOLES TEMÁTICOS · XORNADAS · PROPOSTAS EDUCATIVAS · ÁREA DO TEMPLO



REXHA TÉCNICA

**Reloxio do cura de Ladrado**

**Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento (Cura de Ladrado)**

**Cronoloxía:**  
1795

**Recibo:**  
Reloxio de sala


**Dimensións:**  
21,5x 10x 10cm

**Procedencia:**  
Doutado

**Localización:**  
registro do patrimonio cultural

**Número de catálogo:**  
R- 176

**MÁIS IMAXES DA OBRA**



**SOBRE A OBRA**

Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento, relixión de Ladrado.

Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento nacen en Santa María de Marín, no concello de Castro de Rei, o día 18 de xaneiro de 1795. Desde católicos devotos da comunidade parroquial, mantendo un profundo compromiso coa comunidade. Estudaron no Seminario de Santa Caixa de Mondoñido, onde se graduou en 1817.

En 1818 foi nomeado sacerdote encargado do templo de Santa Caixa de Ladrado, no concello de Santa María de Oyoagaña. Anteriormente traballara como profesor de gramática no liceo de Lugo, e posteriormente en Ourense.

Mantivo unido durante toda a súa vida a súa conexión coa comunidade parroquial de Ladrado, mantendo un profundo compromiso coa comunidade. En 1878 foi nomeado sacerdote encargado do templo de Santa Caixa de Ladrado, no concello de Santa María de Oyoagaña. Anteriormente traballara como profesor de gramática no liceo de Lugo, e posteriormente en Ourense.


Mantivo unido durante toda a súa vida a súa conexión coa comunidade parroquial de Ladrado, mantendo un profundo compromiso coa comunidade. En 1878 foi nomeado sacerdote encargado do templo de Santa Caixa de Ladrado, no concello de Santa María de Oyoagaña. Anteriormente traballara como profesor de gramática no liceo de Lugo, e posteriormente en Ourense.

Producción do reloxo: o reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento. O reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento.

Desde o seu inicio, o reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento. O reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento.

Desde o seu inicio, o reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento. O reloxo foi producido en Ladrado, en Galicia, por Francisco Javier Chapeiro Muiña e Néstor de Sarmiento.

# **Casa-Museo Emilia Pardo Bazán**





A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán está situada no número 11 da rúa Tabernas da Coruña, na que foi a residencia familiar da escritora dende a infancia e escenario fundamental da súa vida persoal e literaria. O edificio é tamén sede da Real Academia Galega, institución que nomeou a Pardo Bazán presidenta honoraria e que recibiu máis tarde das súas herdeiras o legado material da autora, que inclúe tamén o seu arquivo e a biblioteca.

**Director:**

Víctor F. Freixanes

**Académica responsable:**

Marilar Aleixandre

**Conservadora:**

Xulia Santiso Rolán

O peche ao público da Casa-Museo e o posterior traslado dos contidos ao polígono de Pocomaco, por mor das obras de rehabilitación do edificio da rúa Tabernas, sinalaron un xiro na orde de prioridade das funcións a desempeñar. Deste xeito, no ano 2023 deuse en traballar nos seguintes puntos: os que afectan ao momento presente, á revisión do traballo realizado e ao deseño de planificación museolóxica e museográfica para o futuro.

## CONSERVACIÓN

En 2023 realizáronse os seguintes traballos de conservación:

Recollida, embalaxe e traslado das pezas museográficas.

Depósito en dous almacéns diáfanos no edificio do polígono de Pocomaco.

Baixo os principios metodolóxicos de facilidade na localización, accesibilidade e capacidade de mobilización de cada peza, todas elas están distribuídas en peites e diferentes tipoloxías de embalaxes non estancos, illadas do contacto directo co chan e respectando o resto das medidas de seguridade pertinentes, primando sobre todo a eficiencia na conservación preventiva.





Estudo-valoración das pezas museísticas susceptibles de ser restauradas. Seleccionáronse 25 pezas para a súa reintegración e consolidación.

Desinsectación de 45 pezas por medio dunha cámara hipóxica. Posteriormente foron tratadas con químicos preventivos. Traslado e aclimatación das pezas.

Reproducción e instalación da orla que remata o friso da cheminea (nº 100 cat.).

## MUSEALIZACIÓN

### ORGANIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE XESTIÓN DA CASA-MUSEO.

Revisión e actualización das fichas de catalogación. Incorporación de novos datos atopados nestes últimos anos: referencias textuais, identificacións iconográficas (musas, basiliscos, heráldica, personaxes en tapices), técnicas artísticas e/ou localización gráfica das pezas nos espazos orixinais.

Migración das bases de datos, inventarios, catálogos fotográficos e audiovisuais etc. Reprodución e realización de copias de seguridade.

### PLANIFICACIÓN MUSEOLÓXICA E MUSEOGRÁFICA DA NOVA ETAPA DA CASA-MUSEO

En 2023 comezáronse os traballos de desenvolvemento de diferentes propostas museográficas e pedagóxicas para a nova etapa da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, unha vez que se recupere o espazo da rúa Tabernas.

A folia de ruta parte da definición que no ano 2022 dá o ICOM do que é un museo:


O museo é unha institución sen ánimo de lucro, permanente e ao servizo da sociedade, que investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe o patrimonio material e inmaterial. Abertos ao público, accesibles e inclusivos, os museos fomentan a diversidade e a sustentabilidade. Coa participación das comuni-

dades, os museos operan e comunican ética e profesionalmente, ofrecendo experiencias variadas para a educación, o goce, a reflexión e o intercambio de coñecementos.

A proposta museográfica na que estamos a traballar terá en conta as principais liñas de investigación pardobazaniiana e os discursos máis salientables dos especialistas, por iso o proxecto conceptual irá ao lado da selección de contidos musealizables.

A Casa Museo ten a fortuna de dispoñer de pezas auténticas empregadas por Emilia Pardo Bazán (de xeito contrastable, ademais, xa que un bo número delas as atopamos en fotografías ou en descrições da súa época) que permiten coñecer como vivía e tamén como traballaba a autora. Estas pezas poderán ocupar espazos configurados de maneira moi semellante á que conformou a vida da escritora, xa que dispoñemos de documentación arquivística que permite crear esa verosimilitude: un plano da vivenda de 1934, dividido por plantas, no que se detalla a primeira, a destinada a Casa-Museo. Así, as persoas que nos visiten poderán mergullarse nos lugares nos que dona Emilia traballaba ou recibía, posibilitando que experimenten sensacións moi diferentes ás que corresponden a espazos expositivos ao uso, dándolle sentido á definición de casa-museo.

Os espazos aparecen definidos pola súa función: recibidor, comedor e despacho serán perfectamente adaptables aos usos museográficos. En realidade responden por enteiro ás necesidades expositivas tendo en conta a tipoloxía de fondos que posúe a colección da Casa-Museo, que en boa medida se compón de mobles, tapices, alfombras, lámpadas, ademais de retratística da familia. No resto do primeiro andar, que xa se alterara en varias ocasións, habilitaranse espazos amplos que acollan convocatorias didácticas e culturais.



## DIFUSIÓN

### DESEÑO E EXECUCIÓN DUNHA NOVA CONVOCATORIA DIDÁCTICA: “EMILIA VAI AOS CENTROS”

A Casa-Museo desenvolveu unha proposta educativa destinada a paliar o feito de non dispoñer dunhas dependencias físicas onde recibir os visitantes. Así, ofreceuse aos centros educativos a visita da conservadora para desenvolver unha serie de actividades de aproximación á figura literaria de Emilia Pardo Bazán.

A programación pedagóxica trata de presentar a figura da escritora e a súa produción literaria nas aulas, a partir de 4º de ESO, cunha actividade participativa de duración aproximada de 50 minutos, a través da lecturas de textos de Pardo Bazán, da visualización e interpretación en común de imaxes relativas á súa vida e produción literaria, e de procuras en Internet para responder determinadas cuestións previamente presentadas.

A convocatoria acadou a resposta de 17 grupos e un total de 457 participantes. Os centros visitados foron os seguintes:

CIFP Someso da Coruña. 150 alumnos.

IES Eusebio da Guarda. 75 alumnos e alumnas de 4º de ESO.

IES de Pastoriza (Arteixo), para 3 aulas de 4º de ESO. 65 alumnas e alumnos.

Grao de Turismo no IES Eusebio da Guarda. 60 alumnos e alumnas.

IES Val do Tea de Ponteareas. 100 persoas.



## ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB E AS REDES SOCIAIS

En colaboración co departamento de comunicación, elaboráronse liñas de difusión das actividades da Casa-Museo destinadas ás redes. Os contidos incorpóranse cunha periodicidade de unha ou dúas veces por semana e abrangueron as seguintes temáticas:

Selección de textos de Emilia Pardo Bazán sobre a maternidade, o respecto ao colectivo LGBTI, o feminismo, a crítica literaria, as viaxes etc.


Selección de textos de autoría diversa respecto da persoa e a obra de Pardo Bazán, desde Campoamor ata Francisco Fernández del Riego.

Promoción de todo tipo de publicación sobre a escritora (novas edicións, podcast, vídeos, reels etc.), destacables pola súa calidade.

Difusión de feitos biográficos dela, da súa familia, da súa biblioteca, dos seus espazos, dos seus obxectos.

En cifras actualizadas no mes de novembro, en *Instagram* cóntase con 1100 seguidores, dos que 100 interactúan. O 89% pertencen ao Estado español, e entre eles os dous colectivos maioritarios proceden da Coruña (22,4%) e Madrid (15%). O grupo de idade máis salientable é o que abrangue de 35 a 44 anos, no que o 77% son mulleres. Os momentos de máis actividade son os que suceden sobre as 21 h, aínda que só un pouco por riba das 15 h.

En volume de visitas ás redes sociais da Casa-Museo EPB, destacaron as que conmemoraron o #DíadoorgulloLGBTI (117 likes), a que conectou co #CentenarioSorolla (115 likes) ou a do #AniversarioEmiliaPardoBazán (83 likes).



## COLABORACIÓN EN EXPOSICIÓNS

Xestión de préstamos para exposicións temporais.

*Bajo pluma de mujer. La correspondencia femenina de Unamuno.* Proxecto expositivo producido pola Fundación Instituto Castellano y Leonés de la Lengua e a Casa-Museo Unamuno da Universidad de Salamanca.

*Viajar para pintar: Sorolla en Galicia.* Museo de Belas Artes da Coruña en colaboración coa Comisión Nacional do Centenario Sorolla. Prestouse a peza nº 49 do catálogo: o óleo sobre lenzo *Retrato de Amalia de la Rúa* de Joaquín Sorolla.

*Eliina Molins e Blanca Chao. Dúas pintoras viguesas do século XIX.* Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego (Concello de Vigo). Cedeuse material gráfico de dúas obras pintadas por Amalia de la Rúa: as pezas nº 2 *Autorretrato* e nº 223 *Retrato de Emilia Pardo Bazán de nova*.

*El Teatro Español de Madrid, el teatro más antiguo de Europa (1583-2023).* Ayuntamiento de Madrid. Cedeuse o retrato de Pardo Bazán obra de Wertheimer (nº cat. 46).

*A Coruña no tempo.* Afundación. Prestouse o busto de caoba de Emilia Pardo Bazán da autoría de Moltó (peza nº 114 do catálogo).

## CONSULTAS

Thomas Fellows, museólogo, desde Birmingham (Reino Unido), sobre determinados proxectos que se realizaron na Casa-Museo EPB, ou Monika Stantcheva, estudante de Estudos Hispánicos en Boston College que prepara unha proposta para unha bolsa de viaxe centrada nas obras de Emilia Pardo Bazán.

Enviouse material para a produción *Sembrando sueños* solicitado pola produtora Enciende TV. Este documental ten como obxectivo achegarse á vida e obra dos dramaturgos Serafín e Joaquín Álvarez Quintero. O material refírese á polémica con Emilia Pardo Bazán ante a súa misoxinia.

As responsables do programa *Sereas*, convocatoria que xorde da colaboración do Museo da Conserva co Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, puxéronse en contacto coa Casa-Museo en busca de información de Pardo Bazán que recupere e poña en valor a figura da muller do mar.

Envióuselle información a Marta Vidal Zapatero, coordinadora das visitas guiadas ás Torres de Meirás, sobre bibliografía da historia da familia Pardo Bazán en dita propiedade.

O Círculo das Artes de Lugo interesouse pola autoría da peza *Retrato de E. Pardo Bazán*. Este retrato é o realizado por Gamonal (Isidro Fernández Fuertes), publicado en *La Esfera* nº 6, febreiro de 1914. A Casa-Museo posúe un orixinal a lapis (nº cat. 295).

Revisáronse textos relativos a Emilia Pardo Bazán en varias publicacións e paneis expositivos. Destaca entre elas a publicación de María Chups Gómez *La Pardo Bazán y los rusos* (Algorfa, 2023).

## NOVAS DA CASA MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

### ***Emilia Pardo Bazán, xornalismo e Marineda recupera artigos da autora sobre A Coruña* publicados en nove publicacións periódicas**

3 de maio de 2023

O 3 de maio presentouse a publicación *Emilia Pardo Bazán. Xornalismo e Marineda*, froito da colaboración entre a Asociación da Prensa da Coruña, a Xunta de Galicia e a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. O volume é obra da conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Xulia Santiso, e da historiadora da arte Patricia Angulo Miró, e recupera máis de trinta artigos da escritora coruñesa relacionados coa súa cidade, a maioría deles non reeditados ata o momento, publicados na prensa galega e na doutros lugares de España e mais de América. No acto tomaron a palabra Xulia Santiso, a presidenta da Asociación da Prensa da Coruña, Doda Vázquez, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, en representación das autoras e das tres institucións que colaboran nesta edición, e Fernando Ojea, promotor en primeira instancia da publicación. O xornalista cedeu a dotación que recibiu polo premio Cronista Emilio Quesada da Asociación da Prensa da Coruña en 2021 para facer realidade un volume que rescatase o articulismo de Emilia Pardo Bazán vinculado á súa cidade natal.

*Máis información*

## Oito lecturas para o 102 cabodano de Emilia Pardo Bazán

11 de maio de 2023



Hai 102 anos, o 12 de maio de 1921, finaba Emilia Pardo Bazán. Marchaba a muller que mais traballou para conseguir ser quen ela quería ser: protagonista, batalladora, ambiciosa, capaz. Como homenaxe a esta coruñesa universal, presentamos oito publicacións que abranguen o mesmo obxectivo, amosar a súa capacidade. As oito conseguen o mesmo, o noso abraio ante esa mesma capacidade.

*Máis información*

## 172 aniversario de Pardo Bazán: un retrato da autora nas súas palabras

15 de setembro de 2023

O 16 de setembro de 1851, ás nove e media da mañá, nacía —no número 3 da actual rúa Rego da Auga da Coruña— unha nena que contribuiría a cambiar a realidade que a rodeaba. Cento setenta e dous anos despois seguimos a lembrar a Emilia Pardo Bazán coa admiración que esperta a súa enorme capacidade de traballo e a súa autonomía profesional e vital. Escolmamos algunhas das súas palabras para debuxar a súa figura.

*Máis información*

# Publicacións







A Comisión de Publicacións constituíuse o 25 de xaneiro de 2018, despois de ser aprobada no plenario do 15 de decembro de 2017.

**Presidente:**

Víctor F. Freixanes

**Secretario:**

Henrique Monteagudo

**Membros:**

Manuel González González

Chus Pato

Pegerto Saavedra Fernández

Francisco Díaz-Fierros Viqueira


## PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



### **Boletín da Real Academia Galega 383**

<https://doi.org/10.32766/brag.383>


O número 383 do *Boletín da Real Academia Galega* recolle as achegas arredor da vida e da obra de Florencio Delgado Gurriarán presentadas no Simposio das Letras Galegas 2022 e na sesión extraordinaria do pasado 17 de maio, que a institución celebrou no seu Córrego natal. A lembranza do historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández centra outra parte destacada da publicación. Nestas páxinas afóndase nas olladas sobre a figura do académico expostas na homenaxe que a RAG lle rendeu o 17 de marzo de 2022 cadrando co seu primeiro cabodano.



### **Cadernos de Lingua 40**

<https://doi.org/10.32766/cdl.40>

A velocidade de lectura en lingua galega centra un dos traballos que integran o número 40 de *Cadernos de Lingua*. A profesora da Universidade de Santiago de Compostela Carme Hermida Gulías realiza unha aproximación a un aspecto relevante para asegurar a comprensibilidade dos subtítulos das obras audiovisuais e dos audiolibros, entre outros produtos. No mesmo volume, o profesor do CPI Virxe da Cela Pedro Casais presenta unha achega sobre o cambio lingüístico nas variedades rurais do galego e Daniel Amarelo, da Universitat Oberta de Catalunya, analiza a variación da expresión do futuro no galego oral contemporáneo.



### **La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán 17**

<https://doi.org/10.32766/tribuna.17>

O número 17 de *La Tribuna* é un monográfico composto por seis artigos dedicados ao estudo da obra de Pardo Bazán publicada en prensa, e encádrase nos actos do centenario do proxecto GenViPreF, que ten como obxectivo estudar a representación da violencia de xénero nos textos de creación de autoras publicados na prensa feminina e, excepcionalmente, como no caso de Emilia Pardo Bazán, na prensa xeralista. Na sección de miscelánea inclúense algúns relatorios e comunicacións presentados no Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”.

## MONOGRAFÍAS



### *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*

Laura Touriñán Morandeira


<https://doi.org/10.32766/rag.407>



### *Onde abrolla o manancial: a paisaxe na raíz do ensaísmo galego*

Discurso de ingreso como académica de número  
de María López-Sández e resposta de Marilar Aleixandre

<https://doi.org/10.32766/rag.408>




### *Ideas propostas e debates sobre a lingua (1919-1936).*

#### *I. O galego lingua nacional*

Edición de Henrique Monteagudo e Nélica Cosme

<https://doi.org/10.32766/rag.409>



### *Ideas propostas e debates sobre a lingua (1919-1936).*

#### *II. A demanda da norma*

Edición de Henrique Monteagudo e M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Vales

<https://doi.org/10.32766/rag.410>



*Estirpe de labradores: homenaxe da Real Academia Galega a Darío Xohán Cabana*

Edición de Marilar Aleixandre

<https://doi.org/10.32766/rag.411>



*A memoria, a historia e a política. A esquecida polémica Cela versus Paz-Andrade sobre a lexitimidade democrática, a memoria republicana e a Autonomía de Galicia en xullo de 1977*

Discurso de ingreso como académico de número de Lourenzo Fernández Prieto e resposta de Ramón Villares

<https://doi.org/10.32766/rag.412>



*Emilia Pardo Bazán, xornalismo e Marineda*

Edición de Patricia Angulo Miró e Xulia Santiso

<https://doi.org/10.32766/rag.413>



*Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión*

María López-Sández, Xaquín Loredo Gutiérrez e Gabino S. Vázquez Grandío

<https://doi.org/10.32766/rag.414>



*Entre páxinas cheas de historias: os libros de Manuel Murguía na Real Academia Galega*

Fernando Pereira González

<https://doi.org/10.32766/rag.415>



*VI Concurso de microrrelatos: relatos gañadores*

Historias gañadoras do VI Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal


<https://doi.org/10.32766/rag.416>



*Máis alá do manifesto*

Discurso de ingreso como académica de honra de Kathleen N. March e resposta de Rosario Álvarez


<https://doi.org/10.32766/rag.417>



*Andrés Martínez Salazar. Aproximación bio-bibliográfica*

Pedro López Gómez


<https://doi.org/10.32766/rag.418>



*Toponimia de Muros*

Alfonso Blanco Quintela

<https://doi.org/10.32766/rag.419>



*Toponimia de Antas de Ulla*

Andrea Santiso Arias

<https://doi.org/10.32766/rag.420>



*Centenario de Murguía 1923 > 2023*

Edición de Marilar Aleixandre

<https://doi.org/10.32766/rag.421>



*Estudos de Onomástica Galega VIII.*

*A onomástica e a cultura popular*

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez

<https://doi.org/10.32766/rag.422>



*Rexistros no vento. Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo*

Edición de Patricia Arias Chachero

<https://doi.org/10.32766/rag.423>

## REIMPRESIÓNS

### *Un país e unha cultura: a idea de Galicia nos nosos escritores*

Discurso de ingreso como académico de número de Francisco Fernández del Riego e resposta de Ricardo Carballo Calero

Reimpresión conmemorativa  
do Día das Letras Galegas de 2023

<https://doi.org/10.32766/rag.64>




O 26 de novembro de 1960 Francisco Fernández del Riego lía o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega como membro de número, *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. O ensaio é un repaso da literatura galega desde o século XIX que dá conta da evolución da visión de Galicia como entidade cultural de seu. O discurso foi publicado pola Real Academia Galega en 1973 e, co gallo do Día das Letras Galegas de Del Riego, a institución agasallou o público asistente ao pleno extraordinario do pasado 17 de maio, celebrado en Lourenzá, cunha copia facsimilar.

### *Un caso de lycantropía: (o home lobo)*


Discurso de ingreso como académico de número  
de Vicente Risco e resposta de Ramón Cabanillas

<https://doi.org/10.32766/rag.54>



A Fundación Vicente Risco celebrou en 2023 o Risco Fest, un festival para conmemorar a figura de Vicente Risco nos sesenta anos da súa “partida cara ao alén” con música, poesía, obradoiros e conferencias que se desenvolveron en Ourense, Allariz e Castro Caldelas. A Real Academia Galega colaborou na iniciativa, no marco da cal se incluíu a reedición facsimilar do discurso de ingreso na RAG do autor ourensán, *Un caso de lycantropía (o home-lobo)*, coa que se agasallou o público asistente ao saúdo a Risco no cemiterio allaricense de Vilanova que tivo lugar o 30 de abril.





### *A saudade nos poetas gallegos*

Discurso de ingreso como académico de número de Ramón Cabanillas e resposta de Eladio Rodríguez

<https://doi.org/10.32766/rag.11>

Edición especial da Real Academia Galega co gallo da recepción de Kathleen March como académica de honra, 123 anos despois do ingreso de Ramón Cabanillas como membro numerario.

# Outros





## SEXTO CONCURSO DE MICRORRELATOS




A sexta edición do concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal botou a andar o 1 de febreiro de 2023, nunha rolda de prensa na que interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, Cláudia Morán, coordinadora de *Luzes*, e o presidente de PuntoGal e académico, Manuel González. A convocatoria dirixese ao fomento da expresión creativa e a presenza da lingua galega no ámbito dixital, e en 2023 conseguiu a participación de máis dun milleiro de persoas de todas as idades.

Nel Vidal (Artes, Ribeira, 1980) fíxose co primeiro premio na categoría de adultos, á que se presentaron arredor de 450 relatos, con “Deberes de lingua”. O segundo premio foi para Nanda Costas Misa (Vigo, 1978), por “A foto”, e Mónica Fraga Rodríguez (A Laracha, 1974) fíxose co terceiro premio co relato titulado “Zen”.

Na modalidade xuvenil, á que concorreron case 400 mozos e mozas entre os 12 e os 17 anos, o xurado premiou as historias de tres mozas de Ames, Vigo e Teo. Andrea Bravo López (Ames, 2009) acadou a máxima distinción con “Querer”, un relato con só nove palabras. O segundo premio é para Mencía Jorge Cabaleiro (Vigo, 2006) por “Perda”; e o terceiro para Beatriz Martínez García (Teo, 2006), por “Cun pouco de azucre”.

A categoría infantil contou coa participación de preto de 200 nenos e nenas de ata 11 anos. Ainhoa Valverde Silva (Baiona, 2012) foi recoñecida co primeiro premio por “O meu irmán”; Arwen Fernández García (Nigrán, 2014) recibiu o segundo por “O poema”, e Mai Lemmen (Geldrop, Holanda, 2016) foi recoñecida co terceiro por “A gatiña saltarica”.



## XURADOS

Os relatos presentados na modalidade de persoas adultas foron valorados polo xurado composto polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e tamén académico de número, Manuel González González; a académica de número María Dolores Sánchez Palomino; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a xornalista Rosalía Macías Tarrío. O xurado das modalidades infantil e xuvenil integrárono o académico de número Gonzalo Navaza, a académica correspondente Celia Pereira Porto, a profesora da Universidade de Vigo e secretaria da xunta directiva de PuntoGal, Edita de Lorenzo, e o mestre e escritor Lois Pérez.

## ENTREGA DE PREMIOS



O 10 de xullo, nun acto celebrado na Fundación Luís Seoane, entregáronse os galardóns ás nove persoas gañadoras, que recibiron distintos premios tecnolóxicos —ordenadores, consolas, lectores electrónicos de libros— e relacionados coa lectura. Participaron na entrega os membros de número Víctor F. Freixanes, Manuel González González, M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino, a académica correspondente Celia Pereira Porto e a técnica de PuntoGal Cristina Ríos,

todos eles membros dalgún dos xurados.

As historias galardoadas poden lerse xa nunha *edición dixital monográfica* e tamén, xunto aos once finalistas, no número XX da revista *Luzes*.

## REHABILITACIÓN DA SEDE DA REAL ACADEMIA GALEGA



En 2015 asínase o protocolo entre a RAG e o Ministerio de Fomento destinado a desenvolver as actuacións necesarias para elaboración do proxecto técnico e a posterior realización das obras de rehabilitación integral da sede da Real Academia Galega. A Dirección Xeral de Arquitectura, Vivenda e Solo preveu un investimento de 2,58 millóns de euros na execución do proxecto presentado polo estudio de Gonzalo Moure e adxudicado a Extraco S.A. Misturas. A empresa ourensá comezou a traballar no verán de 2023.





Segundo o proxecto de Gonzalo Moure, a planta baixa da RAG seguirá acubillando o salón de actos da Real Academia Galega, e experimentará unha modificación substancial para se converter nun espazo de tránsito entre as dúas rúas de pedra ás que se asoma o edificio. Dende a rúa Tabernas poderase acceder ao auditorio —con paredes de vidro e aceiro branco—, e a rúa do Parrote dará acceso ás demais dependencias da RAG. Nesta nova entrada pública abrirase unha escaleira que se asomará á igrexa de Santiago.

No primeiro andar continuarán as dependencias da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e ata el baixará o patio interior, con grandes fiestras de madeira branca dende o teito ao chan. No segundo andar realizarase unha redistribución dos despachos da presidencia, da secretaría da RAG e de parte dos postos de traballo. O terceiro andar cambiará tamén a súa distribución para aco-

ller o arquivo, os despachos do persoal de biblioteca, hemeroteca e arquivo, e mais dous espazos para as consultas dos usuarios, un deles unha sala máis ampla que poderá funcionar tamén como sala de reunións para os plenos da RAG. As entreplantas do cuarto e do quinto andar dedicaranse ao depósito museístico e parte dos fondos bibliográficos, cuxo grosa continuarán no soto, entre outros usos.

No intervalo de duración das obras, a Real Academia Galega segue atendendo dende a súa sede temporal as demandas dos usuarios a través de consultas telemáticas e mantén as reunións periódicas das súas seccións e seminarios.

## OUTRAS NOVAS DA ACADEMIA

### **O presidente da RAG entrevístase co presidente da RAGC**

23 de xaneiro de 2023

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente da Real Academia Galega de Ciencias, Juan M. Lema Rodicio, mantiveron unha xuntanza na que conversaron sobre os proxectos nos que están a traballar ambas as institucións e abriron as portas a vindeiras colaboracións.

### **Entrega de premios do III Certame de relato breve A Erbeda**

23 de febreiro de 2023

A académica Fina Casalderrey participou na entrega dos premios do III Certame de relato breve A Erbeda, convocados pola asociación Os Nossos Lares de Palavea coa colaboración da propia RAG, do Concello da Coruña e das librarías Moito Conto, Xiada e Formatos. Na modalidade de persoas adultas, a premiada foi Alma Sánchez Núñez (1986), veciña de Lugo, cun relato titulado “A flor amarela”. Na categoría xuvenil o galardón foi para Aroa Currás García (2009), estudante de segundo da ESO do IES As Barxas de Moaña, por “A caixa”; e na infantil o xurado premiou “O paxaro máxico”, un conto de Sabela García Santos (2012), alumna do CEIP Castelao de Ordes, que foi tamén a gañadora nesta mesma categoría na edición de 2022.

Fina Casalderrey, Juan Ignacio Borrego, primeiro tenente de alcaldesa da Coruña; José Manuel Pampín, coordinador do club de lectura municipal Gándaras de Melide, Ana Santomé, en representación do xurado; e Álvaro Benedicto Pérez Sancho, vicepresidente dos Nossos Lares, foron os encargados de facer entrega dos galardóns nun acto celebrado na Fundación Luis Seoane.



## A comisión representativa da proposición de lei para restaurar o texto do Himno galego presenta o texto á RAG

27 de febreiro de 2023



A comisión executiva da Real Academia Galega recibiu a comisión representativa da *Proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a restauración do texto fidedigno do Himno galego e a súa difusión*. Xosé Manuel Carril, presidente de Galiza Cultura; Anxo Louzao, coordinador de Vía Galega; e o catedrático da Universidade da Coruña Manuel Ferreiro, estudoso da obra de Eduardo Pondal, presentaron na Academia

o texto, que implica cambios no artigo 4 da Lei 5/1984 de Símbolos de Galicia e na disposición adicional terceira da mesma norma.

## O presidente da RAG defende no IX Congreso Internacional de la Lengua Española a pluralidade cultural e lingüística

27 de marzo de 2023



O presidente da Real Academia Galega participou no IX Congreso Internacional de la Lengua Española que reuniu en Cádiz máis de 300 congresistas de todo o mundo hispánico. Víctor F. Freixanes interveu no foro “Lenguas y culturas, un patrimonio común del Estado español”, canda os responsables das academias vasca, catalá e española, nun encontro no que defendeu a pluralidade lingüística e cultural como

unha riqueza que debe ser apoiada por unha política común dende o Estado e dende as comunidades autónomas.

## Marilar Aleixandre e Henrique Monteagudo participan en Dinamarca nun encontro sobre lingua e literatura galegas

24 de maio de 2023

A Universidade de Copenhagen celebrou un encontro sobre a lingua e a literatura galegas protagonizado pola directora da Sección de Literatura e o coordinador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Marilar Aleixandre e Henrique Monteagudo abordaron a violencia simbólica sobre as mulleres e a

lingua galega, respectivamente, na mesa redonda que compartiron na capital danesa convidados polo departamento de Estudos Ibéricos da institución.

### **A RAG e a Acadèmia Valenciana de la Llengua exploran vías de colaboración**

31 de maio de 2023

O presidente da Real Academia Galega recibiu a presidenta da Acadèmia Valenciana de la Llengua, Verònica Cantó, co obxectivo de abrir vías de colaboración arredor da defensa dos idiomas que representan ambas as entidades. No encontro tamén participaron por parte da RAG a tesoureira, Fina Casalderrey; o vicesecretario, Henrique Monteagudo; o director da Sección de Historia, Ramón Villares; e a académica María Dolores Sánchez Palomino; e por parte da AVL, o seu vicepresidente, Rafael Ramos, e mais a académica M<sup>a</sup> Àngels Francés e o académico Artur Ahuir.

### **A RAG celebra a aprobación da proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres**

28 de xullo de 2023

O presidente da Real Academia Galega participou dende a tribuna de convidados na sesión extraordinaria do Parlamento de Galicia na que se aprobou por unanimidade a proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

### **O presidente da Real Academia Galega recibe o alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstolo**

12 de setembro de 2023

O presidente da Real Academia Galega mantivo un encontro co alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstolo, que visitou Galicia acompañado polas profesoras María Cecilia Borgo e María Victoria Beni. Víctor F. Freixanes conversou cos mozos e mozas procedentes de Buenos Aires sobre o papel da RAG, a presenza da cultura galega na diáspora arxentina e as impresións do país dos seus avós na que para moitos é a súa primeira estada en Galicia.

### **A concelleira da Coruña Mercedes Queixas entérvistase co presidente da Real Academia Galega**

2 de outubro de 2023

A edila do BNG no Concello da Coruña Mercedes Queixas mantivo un encontro co presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o vicesecretario da institución, Henrique Monteagudo. A tamén deputada no Parlamento de Galicia

e académica correspondente interesouse pola marcha das obras de rehabilitación da sede da RAG, a planificación da celebración do Día das Letras Galegas 2024, que homenaxeará a escritora coruñesa Luísa Villalta, e outros temas de actualidade relacionados coa lingua e a cultura galegas.

### **O presidente da RAG recibe a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil** 18 de outubro de 2023

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes recibiu o presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, David Cortizo, nun encontro no que tamén participaron a tesoureira da RAG, Fina Casalderrey, responsable do proxecto web Primavera das Letras; e, por parte de Gálix, a vogal de bibliotecas, Leonor Mazaira, e a secretaria técnica, Mercedes Pacheco.

### **A RAG recibe a Francisco José Prieto como novo arcebispo de Santiago de Compostela**

6 de novembro de 2023

Francisco José Prieto realizou unha visita institucional á Real Academia Galega na que abordou co presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, a importancia da Igrexa como axente normalizador da lingua galega. No encontro participaron tamén os demais membros da comisión executiva da RAG, Margarita Ledo, Henrique Monteagudo, Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey; e os académicos de número Andrés Torres Queiruga e Xesús Ferro Ruibal.

### **A RAG e a Deputación da Coruña asinan o convenio de colaboración anual** 19 de decembro de 2023

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente da Deputación da Coruña e a deputada de Cultura, Valentín Formoso e Natividad de Jesús González, asinaron o convenio polo que a entidade provincial financia distintas actividades da RAG.

## DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A LINGUA GALEGA NO PARLAMENTO ESPAÑOL

DECLARACIÓN DO PLENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

8 de novembro de 2023

Como é sabido, o Parlamento español aprobou recentemente unha reforma do seu regulamento para recoñecer oficialmente o dereito ao uso do galego, o éuscaro e o catalán nas súas sesións e no conxunto da actividade parlamentaria. Así, entre as previsións recollidas nesa reforma está o dereito dos deputados e deputadas a usaren as linguas cooficiais das comunidades autónomas en todos os ámbitos da súa actividade, incluíndo as intervencións orais e a presentación de escritos. Tamén se prevé a publicación oficial nestas linguas de todas as medidas legislativas aprobadas pola Cámara.

O Plenario Real Academia Galega tomou por unanimidade o acordo de manifestar a súa satisfacción ante estas medidas, por canto supoñen non só o gaño dun novo ámbito de uso para o noso idioma, especialmente importante polo seu simbolismo e a visibilidade pública que outorga, senón tamén polo que significa de asunción da pluralidade lingüística por parte das institucións do Estado. É de esperar que o paso dado polo Parlamento, que vai na liña de medidas similares aprobadas tempo atrás polo Senado, abra o camiño que outras institucións e administracións públicas de distintos ámbitos —incluíndo a xustiza— deben comezar a transitar. Queda aínda un treito por percorrer ata unha aceptación plena e completa por parte do Estado do carácter constitutivamente plurilingüe e plurinacional dos pobos que conforman a sociedade española, polo que o paso dado polo Parlamento é merecente do aplauso da RAG. A Academia exhorta a todos os deputados e deputadas galegos nas Cortes españolas a que fagan uso do seu dereito a empregar o galego na súa actividade parlamentaria.

Asemade, a Real Academia Galega manifesta a súa esperanza de que as xestións do goberno español ante as institucións da Unión Europea, encamiñadas ao recoñecemento oficial no seu seo do galego e das outras linguas nacionais de España, teñan un resultado positivo. Os avances cara á plena oficialidade do idioma galego en todos os niveis políticos e administrativos non supoñen outra cousa que progresos cara á reparación da inxusta marxinación histórica do noso idioma e a discriminación dos seus falantes. Gañar en recoñecemento e en dereitos é camiñar cara á igualdade.

## CONVENIOS

Durante o ano 2023 a Real Academia Galega asinou convenios de colaboración, contratos e acordos con distintas entidades:

Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contrato de servizos coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia para a realización de traballos relacionados coa recolleita, normalización e elaboración de contidos e actividades divulgativas sobre a toponimia galega.

Resolución do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades pola que se concede e regula unha subvención nominativa á Real Academia Galega, prevista nos Presupostos Xerais do Estado.

Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial da Coruña para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial de Lugo para colaborar nos gastos de funcionamento da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial de Ourense para gastos de funcionamento da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Contrato de cesión de obras de arte entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Museo de Pontevedra, e a Real Academia Galega.

Convenio de colaboración co Concello da Coruña para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Acordo entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a edición electrónica do Dicionario da RAG e o “Portal das Palabras”.

Axuda económica da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Simposio Francisco Fernández del Riego.

Contrato de servizos co Ministerio de Hacienda y Función Pública para a catalogación do fondo bibliográfico de Emilia Pardo Bazán conservado no Pazo de Meirás.

Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e o IES Felix Muriel no marco do estudo “A lingua no IES Felix Muriel”, enfocado na realización dun retrato sociolingüístico do centro educativo e da contorna.

## REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

Asociación PuntoGal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Consello da Cultura Galega

Consello Social da Lingua Galega (Concello de Vigo)

Fundación Cidade da Cultura

Instituto da Lingua Galega

Padroado da Biblioteca do Real Consulado

Padroado da Biblioteca Nacional

Padroado da Fundación Carlos Casares

Padroado da Fundación Castelao

Padroado da Fundación Curros Enríquez

Padroado da Fundación Gonzalo López Abente

Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Padroado da Fundación Luis Seoane

Padroado da Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Padroado da Fundación Rosalía de Castro

Padroado do Museo do Pobo Galego

Padroado da Fundación Camilo José Cela

Padroado da Fundación Otero Pedrayo

Padroado da Fundación Uxío Novoneyra

Padroado da Fundación Eduardo Pondal

## XURADOS

A Real Academia Galega é membro do xurado dos seguintes premios:

- Premio Antón Losada Diéguez
- Premios da Cultura Galega
- Premio Mondoñedo 10
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
- Premio de Narrativa Breve Repsol
- Premio de Tradución Plácido Castro
- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres
- Premio Otero Pedrayo
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo

## INSTITUCIÓN COLABORADORAS

- Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
- Asociación PuntoGal
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Concello da Coruña
- Consello da Cultura Galega
- Deputación da Coruña
- Deputación de Lugo
- Deputación de Ourense
- Deputación de Pontevedra
- Fundación Barrié
- Fundación Luis Seoane
- Fundación Otero Pedrayo
- Fundación Penzol
- Fundación Rosalía de Castro
- Grupo Radio Televisión de Galicia
- Instituto da Lingua Galega
- Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades



Museo de Pontevedra  
Museo do Pobo Galego  
Parlamento de Galicia  
PEN Clube de Galicia  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo  
Xunta de Galicia

# Índice





<b>VIDA OFICIAL</b> .....	5
Comisión executiva .....	7
Plenario .....	7
Membros correspondentes .....	8
Membros de honra .....	10
Xuntas académicas .....	11
Ingreso de María López-Sández .....	13
Ingreso de Lourenzo Fernández Prieto .....	14
Ingreso de Kathleen N. March .....	15
Necrolóxicas .....	16
<b>DÍA DAS LETRAS GALEGAS</b> .....	21
Francisco Fernández del Riego / Ramón Nicolás .....	24
Plenario extraordinario .....	35
Primavera das Letras .....	37
Francisco Fernández del Riego, o que nunca se rendeu .....	41
Francisco Fernández del Riego na cultura galega do século XX .....	43
Rexistros no vento. Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo .....	47
Novas das Letras Galegas .....	48
60 aniversario da celebración das Letras Galegas .....	51

## SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

<b>SECCIÓN DE LINGUA</b> .....	55
Galego sen fronteiras. XXXIII edición dos cursos de verán de lingua e cultura galegas .....	59
<b>SEMINARIO DE GRAMÁTICA</b> .....	67
Traballos desenvolvidos .....	70
<b>SEMINARIO DE LEXICOGRAFÍA</b> .....	71
Dicionario da Real Academia Galega .....	74
Dicionario bilingüe castelán-galego .....	74
Outros labores .....	75
Portal das palabras .....	75
A palabra do ano 2023 .....	79
Novas do Seminario de Lexicografía .....	80
<b>SEMINARIO DE ONOMÁSTICA</b> .....	81
Galicia Nomeada .....	84
Toponimia de Galicia .....	85
Nomenclátor de Galicia .....	87
Xentilicios galegos .....	88
Informes onomásticos .....	88
Guía dos nomes galegos .....	89
Outros traballos .....	89
Toponimízate 2023 .....	90
VIII Xornada de Onomástica Galega: a onomástica e a cultura popular .....	92
VI Xornada da Comisión Especializada en Nomes Xeográficos .....	95
Colección Terra Nomeada .....	97

<b>SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA</b> .....	99
Grupo de traballo Educación e lingua galega .....	102
Lingua e sociedade en Galicia - Lingua e xénero .....	102
O galego segundo a mocidade vinte anos despois .....	103
Proxecto para a mellora da xestión lingüística na educación infantil e primaria no concello de Ames: Modo galego, actívaol! .....	104
ESTANDAREV. A estandarización lingüística revisitada: mediatización, vernacularización e ideoloxías lingüísticas na España contemporánea .....	107
Outros proxectos .....	109
Novas do Seminario de Sociolingüística .....	110
<b>SEMINARIO DE TERMINOLOXÍA</b> .....	111
Termos validados .....	114
Servizo de consultas .....	114
Actualización de Tergal .....	114
Terminoloxía sistemática .....	114
<b>SECCIÓN DE HISTORIA</b> .....	115
Centenario de Manuel Murguía 1923 > 2023 .....	118
Marcial del Adalid 1826 - 1881 .....	123
Centenario do Seminario de Estudos Galegos .....	124
<b>SECCIÓN DE LITERATURA</b> .....	127
Centenario de Manuel Murguía 1923 > 2023 .....	130
Catalogación da biblioteca de Emilia Pardo Bazán .....	130
Entre páxinas cheas de historia: os libros de Manuel Murguía na Real Academia Galega ..	131
Día da poesía. Darío Xohán Cabana .....	132
Voces da narrativa .....	134
Irmás da Fala .....	136

<b>SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E PATRIMONIAIS</b> .....	137
Servizos administrativos .....	139
<b>ARQUIVO</b> .....	141
Funcions xerais .....	143
Fondos .....	144
Dixitalizacións .....	144
Difusión .....	145
Ingresos .....	147
Novas do Arquivo .....	148
<b>BIBLIOTECA E HEMEROTECA</b> .....	151
Funcións xerais .....	153
Dixitalización .....	154
Difusión .....	155
Ingresos .....	155
Novas da Biblioteca .....	156
<b>COLECCIÓN</b> .....	157
Funcións xerais .....	159
Difusión .....	160
Ingresos .....	160
Museo virtual .....	161
<b>CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN</b> .....	163
Conservación .....	165
Musealización .....	166
Difusión .....	168
Novas da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán .....	171
<b>PUBLICACIÓNS</b> .....	173
Publicacións periódicas .....	175
Monografías .....	177
Reimpresións .....	181

OUTROS .....	183
Sexto concurso de microrrelatos .....	185
Rehabilitación da sede da rúa Tabernas 11 .....	187
Outras novas da Academia .....	189
Declaracións institucionais .....	193
Convenios .....	195
Representación institucional .....	196
Xurados .....	197
Institucións colaboradoras .....	197





**Real Academia Galega**  
Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

